

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 48

Sesión plenaria
23 de abril de 2025

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 24009, 12/DEBA-000001)



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor presidente comparte un recordo para o Papa Francisco antes de entrar no desenvolvemento da orde do día, e xustifica a inasistencia ou delegación da emisión do seu voto do deputado don Enrique Barreiro Sánchez e da deputada dona Iria Taibo Corsanego

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 4.)

O señor presidenta anuncia que a sesión se retomará ás dezaseis horas e suspende a sesión. (Páx. 31.)

Suspéndese a sesión ás once e corenta e seis minutos da mañá e retómase ás catro e dous minutos da tarde (Páx. 31.).

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 31), Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 42.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 54.) e Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 65.)

O señor presidente anuncia unha suspensión da sesión por un tempo de dez minutos. (Páx. 77.)

Suspéndese a sesión durante uns minutos.

Retómase a sesión.

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 77.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: Sr. Ojea Bouzo (M) (Páx. 89.), Sr. Gómez Besteiro (S) (Páx. 92.) Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 96.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 101.).

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Rueda Valenzuela. (Páx. 103.)

O señor presidente informa do prazo de presentación das propostas de resolución subsecuentes ao debate, que será ata mañá, día 24 de abril, ás dez horas e trinta minutos da mañá, así como da posterior cualificación pola Mesa e da distribución aos grupos parlamentarios das propostas admitidas para o seu estudo antes da prosecución da sesión plenaria. (Páx. 106.)

Remata a sesión ás nove e vinte e dous minutos da noite.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Saúdo a quen nos acompaña hoxe na tribuna e tamén a todos os deputados e deputadas.

Permítanme que, antes de entrar no que será o desenvolvemento da orde do día, comparta con vostedes un recordo para o Papa Francisco; un home humilde, xeneroso, cercano —sobre todo cos máis necesitados— e tamén cun gran sentido da ironía en positivo, que lle facilitou moito as cousas á xente. Descanse en paz.

Moitas grazas.

E agora entramos na orde do día. Xustifican inasistencia ou delegan a emisión do seu voto, neste caso, don Enrique Barreiro Sánchez, que o fai no deputado don José Alberto Pazos Couñago, e dona Iria Taibo Corsanego, que o fai na súa portavoz, a deputada dona Ana Belén Pontón Mondelo.

O punto único é o debate anual sobre política xeral.

Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o presidente da Xunta, don Alfonso Rueda Valenzuela.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señoras e señores deputados do Grupo Popular, do Grupo do BNG, do Grupo Socialista e do Grupo Mixto, convidados e convidadas presentes, medios de comunicación, galegas e galegos.

Ao cumprirse un ano desde o comezo desta lexislatura creo que é un bo síntoma dunha democracia sa e vigorosa que manteñamos, como imos facer hoxe aquí, un debate de política xeral. ¿Para que? Pois para facer balance de todo o logrado, que é moito, para analizar o escenario actual e os seus retos e para profundar no noso proxecto de futuro con propostas.

Desde o principio desta sesión, señorías, quero deixar claro que está a miña man, a nosa man, tendida para enriquecer a folla de ruta dun goberno que é o goberno de toda Galicia. Todas as achegas construtivas que xurdan nestas dúas sesións serán escoitadas e valoradas, por suposto, e oxalá que cheguemos a consensos.

Cando o mundo máis padece os efectos do dogmatismo, da soberbia, da cerrazón, máis convencido estou de que Galicia debe conducirse dende o pragmatismo, dende a humildade, dende a apertura e dende o sentidiño. O que funcione ten que seguir aplicándose e o que non debe cambiarse. Así votan os galegos normalmente e así debemos actuar nós, que os representamos. Creo que é a mellor forma de acertar nun escenario que está dominado polas incertezas máis que nunca e das que, por suposto, Galicia non pode abstraerse.



No día de hoxe é certo que ninguén sabe como se vai resolver a guerra comercial que tantos titulares deu durante as últimas semanas. É imposible saber con exactitude que hai de amago e que hai de realidade en todo o que estamos vendo. Pero o que é seguro é que vai ter un impacto sobre a nosa economía e, polo tanto, tamén sobre as nosas vidas.

Hai unha semana reunímonos cos sectores máis expostos a estas incertezas e trasladámonos-lles que nos comprometemos a dotalos de liñas de liquidez e de asesoramento para diversificar e abrir novos mercados, para axudalos cando máis o necesitan.

Hoxe anúnciolles que a Xunta xa ten un equipo específico analizando o posible impacto desta guerra comercial nas cifras macroeconómicas de Galicia. Ímolo facer dende o Instituto Galego de Estatística, que dende hai unhas semanas está adscrito á Oficina Económica da Presidencia da Xunta de Galicia, precisamente para ter esa visión estratéxica e poder facer propostas de carácter executivo. Así podemos contar coa información necesaria para perfilar a curto, a medio e tamén a longo prazo a reacción que ten que ter a nosa comunidade ante este novo escenario e que, por suposto, tamén ten que ter unha coordinación a nivel nacional e a nivel europeo.

Calquera paso en falso pode saírnos moi caro, por iso hai que ser moi coidadoso e moi riguroso. As exportacións no día de hoxe son un dos principais motores da nosa economía. Levamos dez anos consecutivos —coa única excepción do ano da pandemia— batendo récords. No ano pasado, no 2024, rachamos un teito histórico: 31.000 millóns de euros en vendas ao estranxeiro, nada máis e nada menos. Polo tanto, as exportacións galegas medraron dezaseis veces máis que o que medrou o conxunto exportador en España. As importacións mantivéronse estables, polo que a nosa balanza comercial é cada vez mellor. Creo que isto é moi importante e temos que facer o posible para conservalo.

Esta orientación exterior é a que confire ao modelo galego, ao noso modelo, un *plus* de solidez en comparación con outros crecementos económicos que tamén se dan, pero que se sustentan moito máis fundamentalmente no gasto público. O noso non. E esta estrutura económica, a estrutura económica de Galicia, non é unha debilidade, senón unha fortaleza. Agora vese máis que nunca.

Dito doutro xeito, perante as dúas alternativas que existen ante este escenario tan complicado —a primeira, repregarnos sobre nós mesmos e, a segunda, reafirmarnos na nosa orientación exterior— creo que todos deberíamos estar de acordo en que hai que elixir a segunda. A apertura é a opción máis coherente coa nosa identidade e tamén coa nosa historia. Galicia foi sempre un país con mirada longa. Un país con mirada longa dende a nosa privilexiada posición como balcón ao Atlántico e como última parada de Europa antes de cruzar o charco cara a América. Señorías, pecharnos en nós mesmos sería, entre outras cousas, traizoar a memoria de centos de miles de galegos que gravaron o nome da nosa terra por todo o mundo. (*Aplausos.*) Por iso, ante o novo escenario internacional, Galicia debe responder como dixeran antes: con prudencia, por suposto, pero xamais con medo. Quedarnos temerosos e empenquencidos no noso recuncho do continente non nos axudaría en absoluto a prosperar; todo o contrario.



Por isto, en coherencia con todo o que acabo de dicir, imos aproveitar a nosa posición nas institucións europeas. A Presidencia da Eurorrexión que conformamos xunto ao Norte de Portugal, da que agora mesmo son presidente de turno, ou a vicepresidencia que tamén ostento do Comité das Rexións. Aproveitaremos estes foros para levar a voz de Galicia a todos os recunchos a onde poidamos chegar.

Hoxe máis que nunca, señorías, é o momento de pensar Galicia en grande. É o momento de perfilar un proxecto de país en positivo, con optimismo e con ambición; tamén con realismo e con prudencia, pero con optimismo e con ambición. Non podemos quedarnos nun acomodaticio «non» a todo, que é o primeiro paso normalmente para ser irrelevantes.

É o momento tamén de apostar polo que funciona e aprender da experiencia, das nosas e dos que o fan ben; e non de abrazarnos a vellos dogmas que hai moito que perderon a súa validez, aínda que algúns non se dean conta.

Pensar Galicia en grande, nunha «Galicia Calidade», significa sacudirnos complexos e confiar en que os nosos fillos e netos poden vivir mellor do que nós vivimos. Pero, para que iso sexa realidade, é necesario dar pasos axeitados para que a nosa terra siga crescendo.

Todo o que acontece a nivel internacional demostra que a sensatez non é algo predeterminado nin que veña de serie; é unha escolla colectiva dos pobos. Hai pobos que a escollen e outros que non. A nosa terra creo que leva moitos anos elixindo sentidiño e estou convencido de que esa vía é a que nos vai permitir acadar a mellor Galicia da nosa historia. Para iso traballamos. (*Aplausos.*)

Galicia pensada en grande, ese é o obxectivo, e o noso pobo é capaz. Para iso son necesarias moitas cousas. O primeiro, seguir profundando no autogoberno. Defender os intereses de Galicia depende en moitas ocasións de contar cun centro de decisión forte e autónomo; incardinado noutros ámbitos territoriais, pero forte e autónomo. Esa foi idea dos galegos que, aproveitando os ventos de cambio da transición democrática e as oportunidades que se abrían, comezaron a construción das institucións autonómicas hai xa moitos anos.

Señorías, decidir é poder, e o autogoberno é a mellor garantía de que os poderes públicos teñan sempre Galicia como o seu norte. Creo que isto é sempre importante, pero especialmente nun momento no que parece que o Goberno central ten prioridades moi distintas do interese xeral ou, polo menos, moi distintas en moitos aspectos dos intereses de Galicia.

A honra que supón para min ser presidente e a responsabilidade só ten sentido se pode contribuir a mellorar a vida dos galegos. Desde esa mesma lóxica, Galicia ten que ampliar os marcos do seu autogoberno naqueles campos onde sexan útiles, onde poidamos axudar o noso pobo. Un autonomismo útil. (*Aplausos.*) Un autonomismo que non busque competencias simplemente polo feito de buscalas, por encabezar algún tipo de *ranking* e nada máis, nin por competir con ninguén. Non, non se trata diso. Un autonomismo ten que buscar competencias para exercelas naqueles ámbitos onde, como dicía, cremos que se poden dar solucións que agora mesmo non se están dando dende o Goberno central.



O mellor exemplo, o litoral. Hai apenas dúas semanas formalizamos no Pazo de Raxoi a transferencia da xestión do litoral. Creo que é unha desas ocasións en que o adxectivo «histórico», que moitas veces úsase moi alegremente, si que pode usarse con toda a propiedade; non queda grande. A disposición contemplada no artigo 27.3 do noso Estatuto de autonomía materializouse por fin, case 45 anos despois de que fose redactada, e agora Galicia vai ter plenas competencias sobre 1,6 millóns de hectáreas do noso litoral. (*Aplausos.*) A comunidade autónoma con máis quilómetros de litoral vai poder xestionalo de seu.

Gustárame facer aquí, diante de todos os parlamentarios e parlamentarias, un pequeno repaso de todo o proceso que vivimos ata culminar esta moi pelexada transferencia. Quero facela, primeiro, en aras da sinceridade e a claridade, que se saiba o que pasou, e tamén para previr actitudes similares no futuro. Recordo, primeiro, que cando a lei do litoral avanzaba a súa tramitación dentro da Xunta houbo un alto cargo do Goberno central que dixo que era una declaración de independencia. Non cualificou a lei; cualificouse a si mesmo e probablemente tamén o Goberno do que formaba parte. Ninguén o desmentiu. Despois, cando xa fora aprobada aquí no Parlamento de Galicia, unha ministra chamoume un día por teléfono para comunicarme que acababa de rematar o Consello de Ministros e que presentaban un recurso ante o Tribunal Constitucional; sen comunicación previa, sen abrir antes nin sequera un proceso de negociación.

Teño que dicir que sempre, durante todo este proceso, botei en falta apoio por parte da oposición. Nunca chegou. Si que sentín o da sociedade civil galega, o dos interesados, empresas, particulares, persoas que crían que isto era bo. Eu iso agradézoo moitísimo. A Xunta defendía que a Lei do litoral encaixaba plenamente dentro da Constitución, e así o ratificou o Tribunal Constitucional. É certo que tivo que pasar despois un ano para que o Goberno materializase o traspaso. Polo medio pasaron outras comunidades autónomas que o tiveron moito máis fácil; non tiveron que pelexar o que sempre se obriga a pelexar a Galicia.

Señorías, téñolles que dicir unha cousa. Se eu estivese na oposición tería estado no acto oficial de traspaso; por compromiso co autogoberno, por coherencia e por responsabilidade institucional. A ausencia dos voceiros da oposición no Pazo de Raxoi foi a culminación, hai que dicilo, da súa ausencia durante toda esta batalla política e legal. Isto tamén quedará para a historia, señorías. Tamén quedará para a historia. (*Aplausos.*)

Pero, señora Pontón, señor Besteiro, Partido Socialista de Galicia e Bloque Nacionalista Galego, con ou sen vostedes, Galicia ten un plan para o seu litoral e vaino levar adiante. Xa estamos a traballar con moitos sectores, con moitas persoas e entidades interesadas nas primeiras medidas, sen esperar sequera a que a transferencia sexa efectiva o 1 de xullo. No eido normativo, por exemplo, faremos un procedemento unificado para todas as autorizacións e permisos que son necesarios para vivir e traballar —vivir e traballar— no litoral: reducir o papelame ou tempos de espera ao mínimo posible. Todo iso ímolo facer, porque se pode facer agora que temos a competencia.

No eido cultural, imos aprobar de xeito inmediato o primeiro catálogo do patrimonio do litoral, para dignificalo, preservalo e difundilo. É moito e necesita estas accións.



No ámbito da mobilidade, a Xunta está planificando xa unha rede de sendas que vai conectar o litoral galego dende o norte ata o sur, dende Ribadeo ata A Guarda, unindo e homoxeneizando tramos que xa existen e facendo outros novos. (*Aplausos.*) Unha senda por todo o litoral galego.

No eido económico, faremos unha guía para a integración dos establecementos hostaleiros do litoral que poden e deben contribuír a unha costa harmónica a nivel paisaxístico. Nese documento vai haber orientacións para que a estética destes locais sexa coherente entre si e coa paisaxe.

O litoral é para desfrutalo e respectalo. Temos un enorme tesouro onde hai persoas, e pode convivir o feito de que as persoas vivan e que as persoas poidan xerar recursos económicos e que teñan riqueza con conservar o litoral. Faremos un programa para recuperar a rehabilitar edificacións valiosas a nivel arquitectónico, histórico e cultural, que agora mesmo son puras ruínas. Poden ter un aproveitamento e contribuír ao desenvolvemento das zonas onde se atopan. Hai moitos emprendedores, moitas persoas novas, ás que lles gustaría, e que supoño que enseguida serán cualificados polos de sempre de «especuladores». Eu reivindico que se cree riqueza en Galicia e que a xente poida crear riqueza. (*Aplausos.*)

Señorías, autonomismo útil; competencias para exercelas; poder para servir. Este gran paso para o autogoberno que foron as competencias do litoral ten que seguir. Hai un camiño cara ao futuro. Hai outras competencias que se poden exercer mellor dende o ámbito autonómico. Imos traballar por iso.

Por exemplo, a xestión compartida das alertas meteorolóxicas. Vimos, por desgraza, o importante que era un bo funcionamento coa recente dina de Valencia. Polo tanto, hai que combinar as capacidades da Aemet —que as ten— e as fantásticas e contrastadas capacidades de MeteoGalicia, para que se combinen e presten un servizo óptimo. Por tanto, pediremos que así sexa, igual que se fixo noutras comunidades autónomas.

En segundo lugar, imos seguir reivindicando algo que a estas alturas non debería ser necesario reivindicar xa: o rescate da concesión da AP-9 e a súa transferencia a Galicia. Malia as bonificacións en vigor, as últimas que foron aprobadas, a autoestrada do Atlántico segue sendo un 6,5 por cento máis cara por quilómetro que as vías de peaxe autonómicas, mentres que a súa concesionaria obtén beneficios récords que demostran que hai moita marxe de actuación. É necesario que o Goberno central faga unha reflexión moi sinxela e moi evidente: ¿é razoable que gaste cada exercicio máis de 84 millóns de euros en bonificacións, cando, segundo os cálculos dos técnicos —os cálculos ben feitos— con 2.400 millóns de euros poderíase recuperar a concesión? ¿Que pasaría se esta situación se estivese dando noutra comunidade autónoma que todos temos na cabeza?

Galicia xa marcou o camiño a seguir. O ano pasado aprobamos o rescate de catro autoestradas con peaxe en sombra. Simplemente hai que seguir por ese camiño, hai que ter vontade política e hai que tomarse en serio a Galicia. O rescate ou a transferencia —ou, mellor, primeiro rescate e despois transferencia— é o que hai que facer. É insultante, señorías, seguir escoitando promesas incumpridas de gratuidade lanzadas alegremente ao aire en campaña



electoral. E, dende logo, o que é insostible é esta situación de bloqueo político absoluto: máis de corenta demoras só nesta lexislatura no Congreso dos Deputados, mentres os cidadáns soportan cada ano, vía impostos ou peaxes, máis gastos para pagar a AP-9.

E, en terceiro lugar, imos reclamar que se transfira á nosa comunidade unha competencia que nestes momentos se fai moi urxente: a xestión dos permisos de traballo. Xa a teñen noutros lugares de España. Hai unha falta de man de obra que atenaza moitos sectores produtivos e, polo tanto, é necesario activar un procedemento exprés, rápido e útil que permita que as persoas de fóra da Unión Europea poidan traballar en Galicia con todos os papeis en regra. Se o Goberno central estivese xestionando esta competencia axeitadamente ao mellor non era necesario pedila, pero é evidente que non. Todos o sabemos e todos vemos mostras diarias. Polo tanto, eu propóño hoxe aquí neste debate que o Parlamento de Galicia solicite a transferencia, vía lei orgánica, das competencias de execución da lexislación laboral en materia de autorización de traballo dos inmigrantes; (*Aplausos.*) que o solicite este Parlamento, incluíndo as competencias necesarias para a xestión das políticas activas de emprego que favorezan a súa plena inserción laboral, como persoas de pleno dereito que teñen que ser.

Señorías, esta é unha proposta que virá a este Parlamento. Téndolles a man hoxe neste debate para acadar un acordo. Sería moi positivo para que Galicia teña esa capacidade de autorizar rapidamente que os estranxeiros que queiran asentarse aquí para traballar poidan facelo de xeito sinxelo. Solucionarlles a súa vida e solucionar tamén a vida de moitos empresarios que necesitan que eses postos de traballo, esas vacantes que teñen agora mesmo, sexan cubertas.

En cuarto lugar, non hai que esquecer que hai máis de tres anos o Goberno central —como tantas cousas que comprometeu e despois esqueceu— comprometeu para Galicia a coexistión do ingreso mínimo vital. O noso interese segue estando sobre a mesa; o desinterese do Goberno central en cumprilo, tamén. Polo tanto, rachemos con esta situación. Queremos garantir que esta prestación estea vinculada coa inserción laboral das persoas que a reciban. Eu entendo o obxectivo, e creo que deberíamos entendelo todos así. O obxectivo das axudas de inclusión social non é ser recibidas a perpetuidade; ao contrario, todo o contrario, que os beneficiarios consigan saír canto antes da necesidade de ter estas axudas e poidan desenvolverse por si mesmos. Por iso queremos facer esta coexistión.

Polo tanto, señorías, sen dúbida todo isto vai necesitar da colaboración do Goberno central. Non podemos facelo sós. É desexable ter unha relación o máis fluída posible co Goberno central, por suposto. Eu son o primeiro —fíxeno o outro día cando por fin rematou todo o sensentido que houbo que facer para conseguir a xestión do litoral— en recoñecer que ao final, aínda que tarde, mal e arrastro, cando as cousas se fan, polo menos fanse. Polo tanto, se existe esta correspondencia, este Goberno será o primeiro en recoñecelo.

Porque, ademais, resulta moi difícil de entender que, mentres que a outras comunidades —que non necesito mencionar— se lles tolera todo, se lles aplaude todo e todo o que queren é concedido, nós teñamos que acudir a unha comisión bilateral que nos plantexa o Goberno central para pelexar por cousas tan evidentes como a valoración da discapacidade —que sexa



máis útil, máis rápida, máis áxil para os galegos—, para poder implantar o retorno social das enerxías renovables, a repotenciación, que se sume a máxima produción enerxética co mínimo impacto paisaxístico posible... Todo isto non lle parece ben ao Goberno central; todo isto hai que pelexalo nunha comisión bilateral. Ou as medidas para incrementar a oferta de vivenda. Non é normal que todo isto se nos discuta a nós sempre. Polo tanto, insisto en que me gustaría ter unha relación máis fluída co Goberno central, pero isto pasa por que o Goberno central cumpra con Galicia.

E, dende logo, quero deixar clara unha cousa: se eu teño que escoller, se o meu Goberno ten que escoller, se a maioría dos galegos —entendo— teñen que escoller entre defender o interese de Galicia ou quedar ben cos ministerios, está claro o que imos escoller, sen ningunha dúbida. ¡Sen ningunha dúbida! (*Aplausos.*)

E, señorías, non esquezamos que para que a Administración autonómica de todos os galegos poida exercer estas competencias —e as que poidan seguir vindo— con todas as garantías é necesario dispoñer e reforzar as persoas que permiten que cada día toda a Administración funcione: os empregados públicos, tan inxustamente vilipendiados por vostedes ultimamente, señores da oposición. Ao longo desta década a Administración vai profundar nun proceso necesario de remuda xeracional. Xa comezou desde que se incorporaron máis de dezasete mil cincocentos novos profesionais entre 2020 e este ano. Este ano imos seguir. Imos convocar 4.670 novas prazas para seguir revitalizando, para seguir rexuvenecendo, para seguir engraxando a maquinaria da Xunta de Galicia e dos servizos públicos que dependen dela.

E tamén, por suposto, continuaremos modernizando a Administración xudicial na parte que depende de nós, para facilitar o traballo de profesionais imprescindibles. Se funciona a xustiza, funcionan outras moitas cousas. E que a atención que se presta á cidadanía, o xusticiable, sexa óptima. Nesta liña irán os avances cara á nova oficina xudicial que se vai implantar ou á simplificación, por exemplo, dos trámites para as parellas de feito.

E non esquezamos tamén unha parte fundamental da vertebración de Galicia, señorías, que son os concellos, os nosos 313 concellos. Por traxectoria e por convicción eu defendo o municipalismo; é fundamental. Que o municipalismo colabore coa Xunta de Galicia e a Xunta de Galicia colabore cos concellos, ese é o camiño. Polo tanto, avánzolle que xa neste ano empezaremos a tramitar unha nova lei de administración local de Galicia para precisamente reforzar esta colaboración, entre outras cousas, entre a Xunta e os concellos. Unha nova lei que condensará nun só texto moitas cousas; moitas disposicións que antes estaban dispersas nada máis e nada menos que en cinco leis. Unha lei que vai incorporar as novidades dos últimos anos en materia de administración electrónica, transparencia e innovación, que é necesario incorporar e que os concellos teñan reguladas legalmente. E unha nova lei que nos sitúe á vangarda das regulacións autonómicas en materia de réxime local.

Hai que abordar as problemáticas que están enriba da mesa. Unha fundamental, por poñerlles un exemplo: a delimitación dos municipios máis afectados polo reto demográfico, que son moitos, os pequenos, basicamente. Moito se fala das cousas que hai que facer e pouco se fai. O Goberno central fala moito disto; non fixo no día de hoxe absolutamente nada. Polo



tanto, nós temos que actuar. Xa anuncio que, entre outras cousas, esta lei vai crear un réxime especial para os concellos en risco de despoboamento, con actuacións en plans específicos e con dotación orzamentaria para levalos a cabo. *(Aplausos.)* Será un reflexo máis do apoio da Xunta de Galicia aos concellos, que este ano, por certo, en transferencias económicas específicas bateu un récord, con 644 millóns de euros.

Señorías, falando de financiamento, por suposto, hai que falar do financiamento autonómico. Aquí Galicia xógase moitísimo. Hai que seguir defendendo esa alianza con outras comunidades autónomas para poñer en valor o que nos interesa. E o que nos interesa é que no financiamento autonómico se teña en conta a dispersión, o envellecemento da poboación, o sobrecusto que isto implica para as administracións públicas; en definitiva, o custo efectivo de prestar os servizos. Esta mesma semana mantivemos unha reunión técnica —así a cualificaron eles— co Goberno central. Deixámoslles as cousas claras. De nada serve non ser claro, de nada serve perder o tempo en cuestións tan importantes como esta.

Dubido que haxa un só galego —ben informado, polo menos— que no día de hoxe crea que a mal chamada «condonación da débeda autonómica» é unha decisión que se toma pensando nos intereses da nosa terra, nos intereses de toda España, e non nos intereses concretos das comunidades autónomas de sempre. A mutualización da débeda —porque iso é, imos chamalo polo seu nome— non supón máis fondos para mellorar os servizos públicos. Non veñen fondos a maiores. Un novo financiamento autonómico si que permitiría iso. Por iso aí si que nos xogamos moito. A mutualización da débeda non supón a súa desaparición ou que Galicia se esqueza dela, en absoluto. Simplemente cambia de mans: das comunidades autónomas, especialmente das máis apalancadas, das que máis cartos deben, pois vai ao conxunto dos españois e, polo tanto, tamén aos galegos, que pasamos a deber, de repente, 600 millóns de euros máis, máis de 223 euros por galego.

E isto non é xusto, señorías. Galicia mantivo estes anos tan difíciles as contas saneadas a base dun principio elemental: sentidiño das contas, non gastar o que non se ten; prever que o que se pide hai que devolvelo. Todo o mundo comprende que é moito máis sinxelo facer determinados tipos de política cando se xestiona sen control, cando consideras que xa virán outros pagar o que gastaches sen a máis mínima contención. Isto é o que pensan algúns e isto é o que temos que sufrir outros.

Un dato moi ilustrativo: no 2024, que era ano electoral, Galicia reduciu o seu endebedamento en 234 millóns de euros. Volvemos aos niveis de endebedamento do ano 2012. *(Aplausos.)* Neses mesmos doce anos onde nós reducimos a débeda, a Administración xeral do Estado —polo tanto, a Administración de todos e tamén dos galegos e galegas— incrementou a súa débeda en 567.000 millóns de euros.

Claro, ante esta situación e con medidas como a repartición entre todos da débeda dalgúns, o Goberno central entre outras cousas o que está logrando é o sensentido de que a xestión razoable sexa unha xestión a perseguir, unha xestión castigada. Todos os incentivos e premios e todas as esperanzas de mellora vanse para as comunidades autónomas que xestionaron peor. Señorías, ¿que país queremos construír cando se recompensa a quen o fixo mal e penalizamos a quen o fixo ben, a quen o fixemos ben?



Isto non é ningún bo augurio para ter unha economía sólida. Necesitamos e queremos —e creo que en Galicia temos— unha economía sólida. Unha boa marcha da economía senta os cimentos para que un país funcione. Isto é así e isto enténdeo todo o mundo. Outra cousa é que algúns non o queiran recoñecer.

Por iso é tan importante poñer en valor as cifras que Galicia está experimentando día a día, mes a mes, ano a ano. Grazas ao esforzo de moitísima xente, grazas ao esforzo de traballadores, de empresarios e grazas a unha xestión pública con sentidiño hoxe hai cifras das que podemos presumir. O PIB per cápita de Galicia é o que máis creceu en toda España dende o ano 2009. O paro en Galicia está en mínimos históricos, caeu un 7,6 por cento nos últimos doce meses e mantemos o diferencial co conxunto de España, diferencial a favor de Galicia. Hoxe están cotizando á Seguridade Social preto de cincuenta mil galegos máis dos que o facían no ano 2009. Galicia é a segunda comunidade na que máis crecieron os salarios neste tempo: sete puntos por riba da media nacional. E, como xa dixen anteriormente, as exportacións seguen, afortunadamente, batendo plusmarcas e tirando en gran parte da economía.

E todas estas cifras, que ditas en abstracto son só cifras, hai que poñelas en conexión coa vida cotiá dos galegos, co seu día a día. Non é o mesmo ter estas cifras que ter cifras moito peores. Estas cifras teñen consecuencias positivas sobre todo o tecido social. Significa que cada vez hai máis persoas contribuíndo ao progreso de Galicia e que a riqueza que xeran pode financiar a mellora dos servizos públicos sen ter que aumentar a carga fiscal.

Cando a economía vai ben sempre hai explicacións. Apostar polo talento e a formación, polo aproveitamento das nosas posibilidades estratéxicas —que as temos, e cada vez máis— e tamén por unha contorna institucional administrativa de estabilidade favorece a creación de empresas e o seu desenvolvemento. O que non serve de nada é atacalas e dicir que teñen a culpa de todo. Os que crean riqueza deben ser apoiados, e as cousas funcionan.

E tamén as fórmulas de axilización e simplificación administrativa, como a Oficina Económica de Galicia —copiada por outras comunidades autónomas—, están servindo para que todo isto avance.

Crear novo solo empresarial barato e rápido para poñelo á disposición dos que queren seguir crescendo e os que queren establecerse contribúe a que a nosa comunidade, Galicia, gañe competitividade sen perder estándares laborais, sen perder calidade de vida e sen aumentar a presión fiscal.

Permítame que tamén entre en cuestións concretas. Nunha fundamental que constituíu, polo menos estas últimas semanas, o monotea da oposición. Estou falando da creación dunha fábrica de fibras téxtiles sustentables en Palas de Rei. Señorías, imos falar claro. A orixe deste proxecto está nunha pregunta clave: ¿como conseguir ou, máis ben, como evitar que máis da metade dos eucaliptos que se plantan, medran e se cortan en Galicia sexan transformados fóra da nosa terra? Pechar o ciclo produtivo da madeira, para que cada euro, dende o principio ata o final, quede en Galicia. Este é o plantexamento. A partir de aí, vén toda a demagogia que se queira.



E ademais teño que dicir unha cousa. Na Unión Europea en xeral —e dende logo en Galicia— a suposta batalla que algúns queren plantexar entre a protección do medio ambiente, da contorna, e o desenvolvemento económico aquí está perfectamente resolta. Está resolta porque hai procedementos públicos pautados, exixentes e absolutamente controlados e controlables. Estes procedementos garanten que calquera iniciativa que queira asentarse nun territorio, no noso territorio, cumpre coa lexislación ambiental máis estrita. E é así sobre todo, e volvo dicilo, porque temos uns técnicos, uns funcionarios de primeirísimo nivel aos que vostedes lles faltan ao respecto continuamente. E hai que dicilo outra vez. *(Aplausos.)*

Señorías, aquí o verdadeiro debate que temos que plantexarnos non é outro que: «industria si ou industria non», «emprego si ou emprego non», «investimento si ou investimento non», «progreso si ou progreso non». O que non se pode é ser tan demagórico como para dicir que temos que ter o mesmo tecido industrial idílico que no século XIX e que ao mesmo tempo a xente non marche traballar porque aquí non hai as oportunidades económicas das industrias do século XXI. Iso é o que hai que plantexarse. *(Aplausos.)*

Existe en Galicia unha oposición —nunca mellor dito— que se opón a todo. Oposición frontal; unha claramente e outra, ás veces, vergoñosamente, medio pensionistas, pero ao final son o mesmo. *(Murmurios.)* Conforman un sistema que está en contra de todo. En contra, por suposto, dunha industria de fibras téxtiles, pero tamén en contra dunha empresa galega, en contra dos parques eólicos en terra, en contra dos parques eólicos no mar, en contra das centrais hidráulicas, en contra da minaría, en contra do turismo, en contra de todo. A pregunta que cómpre facer, e eu fago ben alto e ben claro, é: ¿señorías da oposición, vostedes de que están a favor? *(Aplausos.)*

O máis grave é que non é que non propoñan unha alternativa, que nin se molestan, é que deixan a nosa terra sen alternativas para prosperar; alternativas que aproveitan outros. Ese alcume de «os do non» que con tanto esforzo e con tanto mérito gañou o Bloque Nacionalista Galego —indubidable que son os campións niso— agora empeza a estar un pouco disputado polo Partido Socialista —isto non é crítica, é crónica— con eses vaivéns que ao final o que conseguen é deixar Galicia sen financiamento. Veremos onde vai todo ese financiamento que se lle nega a Galicia. En todo caso, en hora boa, señores da oposición, demostraron ser moi eficaces en que non veñan cartos a Galicia. Veremos se o son para todo o contrario, para que veñan cartos a Galicia. Veremos se o son. *(Aplausos.)*

Neste momento, hai moitos ollos pousados en nós. Hai moitos emprendedores potentes e outros non tan potentes, pero todos pendentes de ver se a nosa terra se acaba convertendo nun lugar hostil para o investimento e a creación de emprego. Nese caso terano moi claro, irán a onde isto non sexa así. Eu por iso lles reitero que a Xunta de Galicia, eu mesmo e o meu Goberno, vai ser firme. Calquera proxecto que non cumpra coa normativa non será autorizado, pero calquera proxecto que cumpra será benvido, porque contribúe ao desenvolvemento da nosa terra. Non imos tolerar que os que levan anos intentando expedir títulos de bos e malos galegos, agora resulta que encima sexan os que dan as bulas de boas e malas empresas. ¡Non o imos tolerar! Iso téñano clarísimo. *(Aplausos.)*



É moi revelador, señorías, que no día de hoxe —e queda apenas un ano para cumprir o prazo do verán de 2026 dado pola Unión Europea— haxa 18.260 millóns de euros de fondos europeos para a industria aínda gardados nos caixóns dos ministerios.

É moi significativo que o Goberno central o único que faga, en vez de distribuílos e crear riqueza con eles —como dixo que ía facer, como tiñamos esa enorme oportunidade—, é gastar todos os seus esforzos en intentar, prórroga tras prórroga, en vez de executar, en afanarse sobre todo en buscar pretextos para non financiar os proxectos industriais galegos que cumpren coa normativa. É moi significativa esa vara de medir medioambiental que se aplica noutras partes de España e a que se aplica aquí. Xa ocorreu nos últimos meses e hai indicios de que volva pasar. Financiamento sen ningunha exixencia ambiental; todas as esixencias ambientais para Galicia. O que non pode ser é que, se cumprimos esas durísimas condicións, aínda así se nos negue todo. ¿Por que en Galicia, con declaracións de impacto ambiental xa aprobadas, se nos exige o que non se exixiu en proxectos que non as tiñan nin empezadas e que tiveron asignacións directas de centos de millóns? Por suposto, fóra de Galicia; por suposto, nas comunidades autónomas que lle interesaban ao Partido Socialista.

Por iso vou máis alá. Aquí o debate ten que ser ao final se existe compromiso con Galicia ou non existe. Dende logo, non podemos tolerar discriminacións nin exclusións que están baseadas, ao final, en escusas indefendibles.

Eu vou seguir reivindicando que a industria galega reciba o apoio que o Goberno ten que darlle, que estaba comprometido. Polo tanto, non podemos admitir discriminacións con fondos europeos. E por iso, señorías, lles avanzo que imos reclamar ao Goberno que destine de xeito directo deses miles de millóns que están sen gastar e que acabarán perdéndose o que a Galicia lle corresponde estritamente. Xa non pido tratos privilexiados como se lles dan a outros; o que nos corresponde, exactamente: o seis por cento deses máis de dezaioito mil millóns de euros. Que os poidamos xestionar. Xa que o Goberno central non é capaz, que poidamos nós crear riqueza aquí. O Goberno aí vai ter a oportunidade, cando fagamos a petición, de demostrar o seu compromiso con Galicia e vostedes, señorías da oposición, de ver —como lles dicía— se son eficaces traendo cartos a Galicia; non traendo son os máis eficaces do mundo. Xa o veremos. *(Aplausos.)*

Eu, dende logo, e o meu Goberno imos seguir defendendo unha política económica que permita que Galicia —e pode facelo—, estea á vangarda nos sectores económicos máis puxantes. Evitar que outros aproveiten as oportunidades que nós podemos deixar pasar. Iso non pode suceder. As novas industrias, as que crean empregos máis cualificados, os mellores pagados, empregos de calidade e de futuro son as que nos interesan.

Eu non estou aquí para vivir comodamente, téñoa clarísimo. É moi fácil estar sentado durante décadas nun escano, premendo sempre o botón de «non a todo» *(Risos.)* e dando leccións de xestión orzamentaria *(Murmurios.)* cando en 25 anos non se xestionou un euro público. Eu, desde logo, iso non o vou facer. *(Aplausos.)*

Por iso vou deixar clara outra cousa: creo que este debate é para ser claros, para dicir o que hai e para dicirlles que si aos que sempre din que non. Fronte á negativa preventiva —xa o



estamos vendo— dos de sempre, que todos sabemos quen son, eu quero dicir aquí que a Galicia interésalle moitísimo, nestes momentos especialmente, contribuír a que a Unión Europea gañe autonomía estratéxica tamén no ámbito dos minerais críticos. E, polo tanto, se o noso subsolo ten potencial para impulsar o desenvolvemento do continente europeo neste momento —e, polo tanto, tamén o desenvolvemento de Galicia—, Galicia vai estar aí. Na aposta por unha minería, iso si, sustentable. Na aposta por unha minería que cumpra con todos os requisitos, que sexa respectuosa co medio ambiente, pero cuxos froitos contribúan ao desenvolvemento da nosa terra. Tal e como, por outra banda, establece a Lei de recursos naturais que aprobamos neste Parlamento. Señorías, se a xeografía nos sitúa na periferia de Europa, a xeoloxía pode colocarnos no centro dos grandes retos estratéxicos da Unión, e Galicia beneficiarse. Para iso hai que ser valente, claro e estrito. E nós ímolo ser. Os do «non» farán tamén o seu traballo, seguramente. *(Aplausos.)*

E falando de oportunidades, dicía que a situación xeopolítica actual, que ten moitas ameazas, tamén ten oportunidades para quen saiba aproveitalas. E nós temos varias oportunidade, algunhas xa as mencionei. Outra moi importante: a que se vai plantexar no eido aeroespacial con todo o que ten que ver co gasto de defensa. Levamos anos posicionándonos nese sector. Apostamos xa hai máis de dez anos, cando era moito máis difícil ver a oportunidade, por impulsar un polo aeronáutico que tiña e ten o seu epicentro no aeródromo lucense de Rozas. Estaba enfocado naquel momento ao desenvolvemento de avións non tripulados para uso civil, é verdade, pero tamén iso foi criticado. Os de sempre criticaron que tampouco podíamos facer iso nese momento. Fixémolo. Pois ben, hai que dicir que fronte aos visionarios, os que non teñen nunca responsabilidades públicas e sempre as critican, durante estes anos o sector aeroespacial medrou en Galicia un sesenta por cento. Aquela aposta tan criticada. Hoxe xa dependen deste sector en Galicia máis de catro mil douscentos empregos. E somos a comunidade autónoma na que máis medrou a facturación e, polo tanto, a riqueza neste ámbito. *(Aplausos.)*

Agora as novas oportunidades fan que teñamos diante unha oportunidade —nunca mellor dito— cun enorme potencial de crecemento. Por iso, imos reorientar este polo aeroespacial. Polo tanto, anúnciolles que durante os próximos cinco anos, contando este ano, a Xunta vai investir 180 millóns de euros nunha nova iniciativa estratéxica do sector aeroespacial en Galicia, reorientada á seguridade e á defensa. ¿Para que? Pois para aproveitar o vigor que xa ten este sector na nosa comunidade, o *expertise* e o prestixio, e ante a previsión de que a demanda se incrementa —e vaino facer— exponencialmente nos vindeiros anos. Galicia estará aí, a pesar das críticas que estou seguro de que imos ter. *(Aplausos.)*

¿A que imos dedicar estes 180 millóns de euros? Pois a unha estratexia en tres piares. O primeiro piar, un programa de investimentos conxuntos no que a Xunta, coas empresas tractoras que xa existen e as que poidan vir, poida participar no desenvolvemento dos proxectos industriais que se van plantexar, sen ningunha dúbida, neste eido a partir de xa. Tamén teremos un servizo de asesoramento para que as empresas deste tecido produtivo, e outras que non o sexan pero queiran reorientarse cara ao sector aeroespacial, poidan facelo dun xeito máis sinxelo. E tamén crearemos, como terceiro piar, un fondo de investimento específico para apoiar todo o desenvolvemento destas novas tecnoloxías dirixidas —iso si— a industrias que queiran establecer ou ampliar as súas sedes ou centros de traballo en Galicia.



Señorías, onte escoitabamos o presidente do Goberno dicir que ten un plan e unhas previsións —ben, o presidente do Goberno cunha parte do Goberno; a outra parte do Goberno xa dixo que non estaba disposta, pero se ao final vai para diante, que esperemos que si— de investimento en materia de defensa. Ese plan ten que pasar —esperemos, temos os piares, espero a súa colaboración— por investimentos importantes en Galicia. Espero que así sexa, porque aquí temos as capacidades para poder facelo. Damos un paso adiante tamén en todo isto.

Os cimentos xa están asentados. Polo tanto, ser a cuarta comunidade con máis emprego en materia de seguridade e defensa tennos que axudar a todo isto, agora que tomamos a iniciativa para reforzar a nosa posición. É unha maneira máis, como todas as demais que expliquei —como todo o resto de iniciativas, de oportunidades que non podemos perder— para que os galegos, especialmente os máis novos, atopen traballo aquí na súa terra. A industria, señorías, é a mellor vacina contra a emigración. E nós, desde logo, imos facer todo o posible para que así sexa. *(Aplausos.)*

E, por suposto, todo este relanzamento industrial, todo este aproveitamento das novas oportunidades, as que estean máis á vangarda tecnolóxica, hai que facelo sen esquecer os nosos sectores tradicionais, os nosos sectores que sempre estiveron aí e que seguen explicando e dándolle vida a Galicia.

Hai que reforzar o noso compromiso co noso sector primario. Levamos anos demostrando que a gandaría e a agricultura poden e deben ser sinónimo de futuro e en ningún caso un vestixio do pasado.

Hai que seguir apostando pola remuda xeracional. A posta en marcha do banco de explotacións, axudas que xa facilitaron dende o ano 2009 que se incorporasen máis de cinco mil galegos e galegas de menos de corenta anos ás explotacións agrícolas é un camiño que hai que seguir potenciando.

Hai que seguir impulsando a promoción e a adaptación constante e a mellora da comercialización dos produtos do noso agro. Especialmente agora e especialmente no sector vitivinícola, no que somos claramente líderes e que agora ten unha serie de retos. Por iso dicía antes que hai que acompañar as empresas agora que o necesitan, para que poidan seguir exportando.

Hai que seguir fomentando a innovación no sector primario. Hai que seguir impulsando proxectos piloto que permitan desenvolver novos produtos, prácticas, procesos, tecnoloxías que se están implantando a moita velocidade no sector agrícola, gandeiro e forestal. Todo iso hai que apoialo.

Estamos investindo cada ano máis de cincuenta millóns de euros en mellorar a vertebración da terra agraria. É un problema para Galicia, polo tanto hai que abordalo. Hai que facer investimentos, non só para mellorar infraestruturas, camiños rurais, pasteiros, regadíos... Hai que seguir avanzando, que é un proceso complexo, na concentración parcelaria. Hai que seguir impulsando a nova figura dos polígonos agroforestais. Xa logramos reordenar 23.000 hectáreas dende o ano 2020 e estamos avanzando noutras 113.000, que irán culminando pouco a pouco nos seguintes meses.



Por tanto, queremos seguir por este camiño, que nos levou, entre outras boas cifras, a incrementar nun dezaseis por cento a produción de leite e nun vinte por cento a de viño no que levamos de década. Por iso anúnciolles que Galicia porá en marcha unha rede de centros de innovación agroalimentaria no medio rural. ¿Para que? Para asesorar as iniciativas empresariais que multipliquen o valor engadido do que se produce en Galicia e así seguir avanzando, especialmente coa xente nova. *(Aplausos.)*

E, dende logo, se falamos de sector primario hai que falar, señorías, do noso mar, a nosa riqueza. A Xunta ten que seguir traballando para despexar as incógnitas e aproveitar as enormes potencialidades que segue tendo. Hai que seguir traballando da man dos científicos, da man do sector. Hai que seguir desenvolvendo o plan de competitividade e sustentabilidade do marisqueo en Galicia, para impulsar a súa produtividade e a súa rendibilidade e para ver por que se están producindo mermas en determinados lugares en determinados produtos.

Para mellorar todo iso estaremos tamén moi presentes nas institucións europeas, agora máis que nunca, para que se trate con xustiza a primeira potencia rexional pesqueira do continente, que somos nós. Xa tivemos un avance importante: un comisario de pesca, un comisario de mar específico na Comisión Europea, que antes non existía. Existía ese comisario a tempo parcial, de tan triste recordo. Agora hai que seguir avanzando. Hai que chegar a todas as instancias europeas para protexer a nosa conserva ante un hipotético acordo de libre comercio con Tailandia. Nun mercado globalizado non sería nin xusto, nin comprensible nin admisible que os nosos produtores, que teñen un elevadísimo nivel e unha elevadísima calidade técnica recoñecida en todo o mundo —por iso exportan tanto— e uns enormes estándares laborais e medioambientais, se visen penalizados fronte a rivais que non cumpren todo iso.

Se algo estamos aprendendo estes días é a importancia de contar con autonomía en todos os aspectos, tamén autonomía e soberanía alimentaria. Agardo que aquí teñamos a colaboración do Goberno central nesta defensa do noso sector conserveiro.

En paralelo, por suposto, hai que seguir traballando aquí internamente. Hai que seguir concienciando a poboación sobre a importancia de que os produtos do mar sexan unha parte fundamental, que o son, de calquera dieta equilibrada e saudable. Estamos asistindo con enorme preocupación, señorías, ás cifras que revelan que o consumo de peixe está en caída libre en toda España. Tamén en Galicia. Hoxe en día sitúase nos dezaioito quilos por persoa e ano. Hai pouco máis dunha década estaba en moito máis: máis de vinte e sete. Por economía e por saúde, é unha mala noticia.

Levamos anos insistíndolle ao Goberno central, coa calada por resposta, para que tome unha medida que tería sen dúbida un efecto directo inmediato sobre o consumo, que é, nin máis nin menos, algo que é moi entendible: reducir o IVE do dez por cento ao catro por cento, consideralo un alimento básico. Atopámonos ata o día de hoxe co silencio e coa incompreensión, coa inacción.

Seguiremos reclamando, pero, ademais de reclamar, hai que facer algo. Á parte de seguir promocionando e divulgando os beneficios do consumo dos nosos produtos pesqueiros,



imos tomar unha acción directa. Imos lanzar un bono para estimular o consumo de peixe fresco. Vai estar dotado con 50 euros e vai chegar a 50.000 consumidores; 2,5 millóns de euros ao longo de dez semanas para animar a xente a que volva comer peixe. (*Aplausos.*) Para que volva recuperar ese hábito. Vexo algunha risiña na oposición, con esa risiña desdenosa de quen todo sabe e lles parece que non hai por que facer ningunha destas cousas e que a que nos dedicamos... Mire, eu xa sei que é un xesto sinxelo. Dende logo, é moito máis eficaz que mirar para outro lado cando lle pedimos ao Goberno que vostedes apoian que faga algo. Non fai absolutamente nada. Polo tanto, imos facer isto. ¿É simbólico? Si. ¿É eficaz? Tamén. Cincuenta mil consumidores; 2,5 millóns de euros. Pero, sobre todo, manda unha mensaxe que ten que quedar clara: para nós, para os galegos, o noso sempre vai ser o primeiro e queremos poñelo en valor, difundilo e estimulalo. (*Aplausos.*) E, se lles provoca risiñas, alá vostedes.

Se falamos de sectores estratéxicos, dende logo o turismo —tan deostado por algúns, tampouco lles parece ben o turismo a algunha das súas señorías— segue sendo un elemento fundamental de riqueza. Galicia ten que seguir sendo un territorio amable cos turistas, sempre que —e eu creo que isto pasa na inmensa maioría dos casos— veñan aquí con respecto a desfrutar do noso patrimonio; a desfrutar de nós, pero respectándonos. Galicia como destino turístico goza dun excelente estado de saúde: 8,2 millóns de visitantes o ano pasado, o dobre de turistas —que se di pronto— que hai unha década e máis de cento trinta mil persoas traballando directamente no sector, á parte de todos os empregos indirectos.

Este crecemento vén parello, sen dúbida, a outro gran fenómeno, que é o Camiño de Santiago. No primeiro trimestre recolleron a súa credencial 56.200 peregrinos e a afluencia en Semana Santa foi altísima, incluso desafiando as condicións meteorolóxicas. ¿Que estamos facendo? Pois preparar a seguinte gran cita, que é o Xacobeo do ano 2027. ¿Que estamos vendo? Pois o de sempre: ás bonificacións fiscais —que estaban comprometidas xa dende mediados do ano pasado e que xa tiñan que estar en vigor—, a calada por resposta; seguimos sen telas e seguimos perdendo oportunidades de patrocinio. Vólvome facer esta pregunta: ¿que pasaría se ese evento fose noutra comunidade autónoma que vostedes teñen todos na cabeza? Aquí a calada por resposta: «non pode ser, non hai orzamento». Para outras cousas hai medidas, pero, para isto, Galicia tense que aguantar. É unha mágoa, porque todo apunta a que Galicia este ano vai bater por primeira vez a marca das 500.000 compostelas, e iso tendo non tendo en conta todos aqueles peregrinos que non a solicitan. Temos medidores agora mesmo que acreditan que podíamos, en realidade, estar chegando aos 850.000 ou 900.000 peregrinos reais.

Polo tanto, hai que seguir traballando para que esta atención, esta boa atención que no eido turístico suscita Galicia, non sexa unha moda pasaxeira, como son ás veces as cousas en turismo. Galicia e o novo desenvolvemento turístico chegou para quedar. Polo tanto, imos consolidar esta fonte de riqueza. O turismo xa é o dez por cento do produto interior bruto e hai que seguir traballando para diversificalo, para desestacionalizalo, para innovar e para formar os nosos profesionais turísticos. Programa de capacitación, batería de axudas por máis de vinte millóns... Todas estas son cousas inmediatas para seguir aproveitando con sentidiño esta oportunidade de creación de emprego.



Se falamos de emprego, temos que dicir que o noso mercado laboral está en boa forma, así o evidencian os datos. Volvo aos datos. ¿Hai que seguir sendo exixentes? Si. ¿Hai que conformarse? En absoluto. Está en boa forma, pero cando hai persoas que están no paro e á vez hai moitas empresas que non son capaces de cubrir as vacantes iso é un motivo para non conformarse. Algo, evidentemente, está fallando e a Xunta, nas súas responsabilidades —que as ten—, ten que traballar para arranxalo. Por iso, unificamos nunha única convocatoria todas as axudas aos autónomos, que son os que crean emprego en moitísimos casos. Seguimos depurando as listas das persoas que constan como desempregadas, para que os servizos de orientación poidan centrarse naquelas que realmente están nas listas porque queren traballar. Hai que axudalas a encontrar traballo e hai que axudar os empresarios que queren cubrir esas vacantes. Xa revisamos a situación de 60.000 persoas nestes últimos meses. Xa atoparon emprego —e eran parados de longa duración— de 60.000, 10.000 desas persoas, e máis de 93.000 persoas xa asinaron o compromiso de buscar traballo activamente. Teñen que facelo, porque é bo para eles e é bo para toda Galicia.

E tamén, por suposto, hai que seguir avanzando no control das baixas laborais, un enorme problema do que algúns non queren falar, porque se nota que non falan cos empresarios. Hai que evitar que haxa persoas que estando sas non vaian traballar; (*Murmurios*.) hai que dicilo: en varias ocasións tamén por fallos na administración que hai que corrixir. E, polo tanto, ¿que estamos facendo? Xa revisamos a situación de 20.000 traballadores e concluímos que dous de cada tres deses que revisamos estaban listos para a reincorporación. De aí a unhas semanas as baixas para operacións programadas emítense xa desde o hospital. Isto facilita moito a vida desas persoas. E as baixas asociadas ao cancro, fracturas óseas ou coronavirus incluso poden realizarse por teléfono. Hai que ser razoables con aquelas persoas que necesitan esa razoabilidade; e tamén inflexibles, para conseguir que o absentismo laboral sexa algo que se encadre dentro de límites obxectivos e legais.

E, polo tanto, seguir tomando medidas para un mercado laboral cada vez máis axustado exige esforzos, pero eses esforzos redundan no tecido económico.

Imos seguir afondando nas políticas de retorno que xa supuxeron á chegada a Galicia de 36.500 persoas con raíces na nosa terra, que poden traballar aquí de xeito inmediato; moitas delas emprendedoras, moitas delas menores de 45 anos e que xa están cubrindo postos de traballo vacantes e están creando riqueza en Galicia.

Tamén, por suposto, impulsaremos a formación ben plantexada. A aposta polas microcredenciais, da que Galicia é pioneira e que está sendo imitada en moitos sitios, está favorecendo que, con formación de curta duración, formación moi axustada ao que se necesita, as empresas poidan cubrir as súas necesidades neste eido. E aquí, volvo dicir, cobra unha importancia fundamental a reivindicación das competencias ou permisos de traballo. Volvo dicir que isto é fundamental. Se o Goberno central o estivese facendo ben, non pediríamos esta competencia. Pero para Galicia é importantísima e xa a teñen outras comunidades autónomas. Hai que axilizar a incorporación das persoas que son necesarias —moi necesarias en determinados postos de traballo—, persoas que están aquí e que teñen dereito a traballar, a iniciar unha nova vida. Eu agardo, sinceramente, que non haxa problemas; primeiro, porque non sería entendible volver repetir o que tivemos que sufrir coa lei do litoral e, segundo, por-



que isto tiven ocasión de falalo co ministro —ao que vostedes deixaron só o día do traspaso do litoral— e díxome que neste tema deberíamos chegar a un acordo. Agardo que sexa así.

E, señorías, unha administración e un país de calidade ten que ter servizos de calidade. Unha economía sa e próspera é a clave para contar con servizos públicos eficientes. Temos que ter un estado de benestar que sexa merecedor da marca «Galicia calidade».

Todo isto pódese conseguir sen a necesidade de aumentar a presión fiscal, sen que a presión fiscal sexa cada vez maior. Todo o contrario: levamos anos demostrando que a carga fiscal baixa é un estado de benestar forte son perfectamente compatibles. Isto hai gobernos que non o entenden; en Galicia entendémolo perfectamente. Levamos moitísimos anos baixando impostos, 121 veces dende o ano 2009. As bonificacións fiscais aprobadas en Galicia nestes anos permitíronlles aos galegos aforrar 300 millóns de euros. As deste ano, agora que está facéndose a declaración da renda, 34 millóns de euros máis.

En Galicia xa contamos cunha fiscalidade máis beneficiosa para as rendas máis baixas, os impostos máis baixos para comprar unha vivenda, tanto no rural como para os galegos de menos de 36 anos, para as familias numerosas e para as persoas con discapacidade. Temos os impostos máis baixos para a compra dun vehículo de segunda man. Temos bonificacións para estimular o mercado da vivenda, tanto para persoas novas que aluguen un piso como para os propietarios que rehabiliten vivendas baleiras. Somos a única comunidade na que as familias con dous fillos están equiparadas ás numerosas para efectos do IRPF, o que permite aforrar, só por isto, 250 euros a cada familia; se son tres fillos, 500 e outros 250 por cada fillo a maiores. E, dende este ano, contamos tamén con 300 euros por cada menor en acogida, xa dende o primeiro día. E, ademais, aquí o 99,9 por cento das herdanzas de pais a fillos non tributan, como todos saben, e tampouco este ano as herdanzas entre parentes, polos parentes colaterais, polos primeiros 25.000 euros. Comprométome a unha cousa: Galicia non vai subir impostos. Galicia, sempre que poida, porque depende da situación económica, vai seguir baixando. Será outra expresión da «Galicia calidade» fronte ao que estamos vendo que fan por aí. *(Aplausos.)*

Señorías, sen dúbida hai que falar de vivenda, un dos problemas que máis preocupan en toda España e, por suposto, tamén en Galicia. É evidente que a situación é mala en todas as partes; tamén en Galicia, e non recoñecelo sería enganarnos a nós mesmos. Non é normal que tanta xente teña que esperar tantísimo tempo para poder emanciparse porque non ten unha vivenda. Non é normal que haxa que dedicar unha parte importantísima do salario a pagar a mensualidade dun alugueiro. Todo isto non é normal. A todo isto hai que intentar darlle solución. Hai que darlla. A vivenda é absolutamente imprescindible e ten que estar entre as prioridades de calquera goberno; por suposto, entre as prioridades do Goberno da Xunta de Galicia.

Vou dicir unha cousa: convén acertar no diagnóstico. É moi fácil falar alegremente das causas e das solucións, pero aquí hai que acertar e, polo tanto hai que pensar. Creo que é reducionista e desacertado culpar da situación única ou principalmente a cobiza de todos os caseiros, o auxe das vivendas turísticas... Por suposto que aí haberá que actuar tamén, pero dar esa explicación e non facer nada máis dende logo o Goberno da Xunta de Galicia non o vai facer.



O que temos que facer é intentar solucionalo, e non solucionalo con medidas que non están funcionando. As medidas de control de prezos e zonas tensionadas por suposto que a Xunta de Galicia, se se piden, as tramitará e as declarará; se se cumpren as condicións e se están as solicitudes ben feitas, por suposto que si. Intentaremos ser o máis áxiles posibles para poder facelo. Pero á experiencia me remito. En Barcelona xa funcionan e en Barcelona reducíronse os contratos de alugueiro nun 18 por cento. Nos Países Baixos, que foi onde empezou toda esta tendencia, un 38 por cento menos de contratos de alugueiro. Por iso, a Xunta de Galicia di: alá os que queiran crer nesta figura e non queiran facer nada máis; nós imos intentar ser eficaces e responsables. *(Aplausos.)*

Hai que pensar que a solución non pasa por persistir en medidas que fracasaron. A nosa resposta ten que ser outra: incrementar o número de vivendas dispoñibles e, por suposto, para iso o máis eficaz é construílas ou poñer as condicións para que se poidan construír. É coñecida xa a aposta, que imos cumprindo paso a paso en cada concello, da Xunta de Galicia de duplicar o parque público de vivendas: pasar de 4.000 a 8.000 nestes catros anos. Xa temos 2.000 en marcha. Este impulso histórico é posible grazas a: primeiro, unha coordinación administrativa, a unha vontade política e tamén en disposición de fondos. Triplicamos os orzamentos de vivenda neste ano 2025.

Pero non é a única medida, hai máis. Estamos a facilitar solo tamén para que, confiando na colaboración público-privada, se constrúan 20.000 vivendas protexidas e 5.000 libres a través da nova figura —valente figura e meditada figura— dos PIA residenciais, que van axilizar moito as cousas evitando todas as trabas urbanísticas que ata o de agora existían.

Tamén estamos dando avais para que os mozos compren vivendas no mercado ou para que calquera persoa que adquire vivenda protexida non teña por que poñer a entrada. O bono Emancípate, de enorme éxito: máis de tres mil solicitudes ata o día de hoxe para pagar os primeiros gastos derivados de mudarse, case sempre a unha primeira vivenda propia.

Máis facilidades para a conversión dos locais comerciais en vivendas sen ter que modificar o PXOM, sen trámites urbanísticos moi engorrosos que antes obstaculizaban todo isto. Menos impostos para comprar estes baixos, para comprar e rehabilitar inmobles destinados ao alugueiro. Reducir á metade os prazos de tramitación do novo solo residencial para vivendas protexidas. Dar un prazo excepcional de tres anos para recuperar os edificios inacabados que a crise deixou —en tantos concellos galegos en que podemos ver eses esqueletos—, sempre e cando se dediquen e sexa viable urbanisticamente a vivenda protexida.

Crear unha sociedade de vivenda pública de Galicia: dito e feito. En Galicia xa está funcionando, xa está promovendo vivendas agora mesmo, que serán unha realidade en pouco tempo. Temos esa mesma promesa dende o Goberno central, que no día de hoxe segue sendo —e xa van moitos meses— simplemente unha promesa.

Elevamos os límites de renda para que máis persoas poidan acceder a unha vivenda pública ou protexida. Declaramos protexidas permanentemente as vivendas que teñen esa protección de inicio.



Señorías, imos seguir construíndo unha Galicia que sexa fogar para todos, independente da súa idade ou nivel de ingresos, axudando os de menos ingresos para que isto poida ser unha realidade. Por iso, seguiremos tomando medidas para que cada vez haxa máis vivendas dispoñibles. E hoxe anúnciolles que lanzaremos, de xeito inmediato, un novo programa de axudas para rehabilitar, renovar e asegurar inmobles baleiros que vaian saír ao mercado do alugueiro. *(Aplausos.)* Animar os propietarios, darlles seguridade, deixar de ameazalos e deixar de culpabilizalos. Ese é o camiño, e non o contrario. Ese é o camiño. Estes contratos terán unhas condicións: deberán ser dun mínimo de cinco anos, as axudas terán de media 12.000 euros e poderán ser aínda superiores cando os alugueiros sexan a xente moza ou a familias con fillos pequenos.

Falando de familias, coñecemos como é a distribución demográfica en Galicia: un de cada catro galegos ten máis de 65 anos, e a previsión é que no ano 2050 sexan un de cada tres. O número de fillos por muller mantense practicamente invariable no último cuarto de século, pero é certo que pasaron de nacer en Galicia dezaoto mil galegos ao ano a apenas catorce mil. Isto é unha realidade e, polo tanto, unha realidade que hai que afrontar. Ningún goberno pode obrigar, faltaría máis, a ninguén a ter fillos. Agora, iso si, todos os gobernos estamos obrigados a brindar o máximo apoio a todas as persoas que toman esta importantísima decisión, que vai cambiar, por suposto, as súas vidas para ben, pero tamén vai cambiar para ben o porvir de todo o país.

É un orgullo que en Galicia sexamos pioneiros e referentes a nivel nacional e incluso europeo nalgunhas medidas de apoio á familia: a primeira lei de impulso demográfico, a tarxeta Benvida —xa se beneficiaron 111.000 familias—, a oferta máis ampla de España en reprodución asistida dentro da sanidade pública, a protección da saúde infantil —máis que en ningún outro lugar do mundo—. Pioneiros a nivel mundial no calendario de vacinación infantil e no cribado neonatal.

Pero non hai que conformarse con todo isto e, polo tanto, hai que seguir facendo esforzos. Anuncio que no vindeiro curso imos poñer en marcha un proxecto piloto para administrar nos colexios a vacina intranasal da gripe e ampliar dos cinco aos once anos o teito de idade para inmunizarse mediante esta vacina, para evitar un pinchazo —que nunca é agradable—. Probablemente servirá para elevar os graos de inmunización dos nosos rapaces e rapazas. *(Aplausos.)*

Señorías, unha Galicia próspera e unha Galicia de calidade ten que ser unha Galicia en igualdade. Polo tanto, todas as nenas en Galicia deben ter a certeza e a seguridade de que poderán ser o que elas desexen, exactamente e nada máis e nada menos; sen tópicos, sen rancios estigmas, sen teitos de cristal...

A Galicia de calidade é a Galicia de igualdade tamén, e esa igualdade hai que forxala con esforzos dende a Xunta de Galicia. Esforzos que se forxan desde a escola. Acabamos de poñer en marcha un programa innovador nos institutos que se basea en testemuños directos de vítimas de violencia machista, que explican a súa experiencia directamente e cara aos alumnos. Igualdade que se forxa con iniciativas reais: o programa Emega para axudar as mulleres emprendedoras, liñas de axudas en sectores masculinizados para que poida haber máis mu-



lles... Igualdade que se forxa destinando máis fondos que nunca en materia de igualdade; moitos máis que na época do Bipartito.

E, por suposto, temos que desterrar —porque iso tamén é igualdade— a violencia machista; non só as súas manifestacións máis dolorosas, máis horribles, cando morre unha muller —un asasinato neste ano, o de Josefa Fariñas—, senón tamén simplemente os atisbos, as mostras, o que ás veces é o principio de algo moito peor. Ningunha muller debe vivir con medo, resida onde resida.

En Galicia dispoñemos xa de 84 centros de información á muller; serven a 200 concellos e atenden máis de dezaseis mil galegas cada ano. Pero é certo que aínda hai unha terceira parte de concellos que non dispoñen deste servizo. Polo tanto, anuncio que a Xunta de Galicia porá en marcha catro centros de información á muller móbiles, un por provincia. ¿Para que? Para percorrer os concellos rurais, identificar posibles casos de violencia machista e axudar as vítimas. (*Aplausos.*) Estes centros móbiles acudirán tamén aos centros de ensino, especialmente aos sete campus universitarios galegos, para informar e asesorar.

Asesorar é mellorar a educación, señorías, e a educación é a chave que abre as portas do futuro. Por iso estamos tan orgullosos do sistema en Galicia. Fómolo construíndo paseniño, pero cun obxectivo claro durante todos estes anos. E á vista están os datos. Galicia é a terceira comunidade con máis profesores por alumno e temos en marcha medidas para ir mellorando aínda máis estas *ratios*. Somos a comunidade coa estabilidade máis alta entre os docentes, coa máis baixa taxa de interinidade. O 93 por cento dos concellos galegos teñen un colexio de infantil e primaria fronte ao 55 por cento —93 fronte ao 55— da media nacional e contamos coa rede de transporte escolar máis extensa de España para darlles servizo. Dispoñemos tamén dun plan de arquitectura pedagóxica que supuxo, ou vai supoñer, un investimento de máis de cincocentos millóns de euros na construción ou en grandes renovacións de moitos centros escolares.

A nosa educación é referente de inclusión. Isto tennos que facer sentir especialmente orgullosos. O 91 por cento dos alumnos con necesidades especiais están matriculados nun centro ordinario e, despois, existen excelentes centros de educación especial cando se precisa dunha atención máis singular.

A Formación Profesional está a medrar a un ritmo sen precedentes, e isto é fundamental en moitísimos aspectos. Hai o dobre de alumnos que no ano 2009 e o triplo de empregabilidade. En Formación Profesional Dual practicamente hai empregabilidade total. ¿Conformámonos? Non, hai que seguir avanzando. Estamos implantando programas para reorientar os alumnos que poidan estar tentados —ou xa o fixeron— ao abandono escolar e iniciativas para ligar aínda máis estreitamente as ensinanzas da FP coas necesidades do mercado laboral. Esta é a clave e o que explica este enorme auxe. Dobrouse, como xa digo, a factura na FP nos últimos anos.

E por suposto, hai que seguir apostando por unha educación gratuíta, como estamos facendo. Pioneiros. Non hai ningún outro sitio en España, ningunha comunidade autónoma na que se poida entrar dende o principio, case gateando, nunha gardería que sexa gratuíta para as



familias, para os pais e nais, e se poida saír cun título de formación profesional ou universitario —o que cada un queira, se un se esforza— debaixo do brazo sen ter que aboar un só euro. A universidade, señorías, en Galicia é gratuíta. Outros prometérono, outros anunciárono e, por suposto, xa se lles esqueceu. Era un dos compromisos do debate de investidura do presidente Sánchez, polo que aínda estamos esperando a que se digne falar algunha vez máis daquel anuncio que fixo. En Galicia anunciámolo hai un ano e en Galicia xa funciona. Galicia cumpre, dito e feito. Creo que isto hai que poñelo en valor. *(Aplausos.)*

Estou orgulloso de que esta aposta dea os seus froitos: o abandono escolar caeu a menos da metade en quince anos en Galicia. Creo que isto é un dato moi importante. O informe PISA sitúanos por riba da media dos países desenvolvidos en todos os ámbitos, e destacamos especialmente en ciencia —logo falarei dela— e en pensamento creativo.

Queremos que Galicia siga brillando tamén en educación. Un sistema educativo que sirva para o que ten que servir, que é para formar as persoas e reducir as desigualdades e que todos os nenos e nenas, independentemente da contorna na que nacesen, teñan as mesmas oportunidades. Contamos xa cun modelo de adquisición de libros de texto e material escolar xusto, dos máis xustos que existen, dos máis equitativos. Un sistema que está adaptado ás distintas realidades dentro das aulas e baseado na renda e, polo tanto, que apoia a quen máis o precisa. Queremos seguir avanzando, reforzar esta concepción estendendo este modelo a máis persoas das clases medias, que actualmente non están a recibir ningunha axuda neste eido. Polo tanto, anuncio que Galicia vai implantar, xa para a vindeira declaración da renda, unha nova desgravación por compra de libros e por compra de material escolar. ¿Para que? Para que os fogares de entre 10.000 e 30.000 euros de renda anual per cápita poidan descontar ata o 15 por cento do gasto e ata un máximo de 105 euros por alumno. ¡Cento cinco euros por alumno! *(Aplausos.)*

E, por suposto, seguiremos pola senda do plurilingüismo, que é unha riqueza. A Comunidade Autónoma de Galicia xa é, de todas as de España, a que ten mellor nivel de inglés nos seus alumnos. Hai que seguir avanzando, este é un camiño importantísimo.

Hai que seguir dando unha educación dixital razoable e proporcionada. Non hai que delegar, por suposto, nas pantallas dos ordenadores a formación dos máis pequenos, pero tampouco podemos obviar —sería demagórico e irresponsable— que vivimos nun mundo cada vez máis dixital. Polo tanto, os nenos e nenas deben coñecer as oportunidades e tamén os riscos que ofrece toda a tecnoloxía. A primeira lei de educación dixital de Europa será unha oportunidade para todo iso.

Garantiremos unha educación —falaba do plurilingüismo—, por suposto, que impulse o galego, tendo en conta os cambios sociais. Volverei máis adiante sobre esa cuestión, pero non quería deixar de mencionala no apartado da educación.

Seguiremos avanzando pola ruta, por suposto, da educación respectuosa con todos os pequenos e de que o acoso escolar estea totalmente desterrado. Este mesmo ano Galicia vai crear unha rede de centros contra o acoso escolar, para seguir construíndo, dispoñendo, tendo, mantendo, fomentando e presumindo de colexios e institutos libres deste tipo de



condutas, que non reflicten en absoluto nin o que somos nin o que queremos ser. E, cando se produzan, hai que erradicalas de xeito absolutamente radical. (*Aplausos.*)

E como os nosos cativos se converten en persoas mellores no sistema educativo, teñen que complementar todo isto coa súa educación no tempo de lecer; na parte que lle corresponde, por suposto, que hai unha parte moi importante que é responsabilidade do seu contorno, das súas familias, das súas persoas máis cercanas... Pero nós tamén temos que facer a nosa parte. Polo tanto, a semana que vén xa vai abrirse o prazo de inscrición para a campaña de verán 2025, que bate, un ano máis, o récord de prazas: 11.600 prazas dispoñibles para a nosa xente moza en campamentos, en campos de voluntariado, en todo tipo de formatos para satisfacer todo tipo de gustos e inquiredanzas.

Señorías, paso ao apartado da sanidade. Non hai mellor investimento que o investimento en saúde, témolo clarísimo. Por iso, este ano —e xa van varios anos seguidos— volvemos marcar un récord en canto á cifra de investimento en sanidade pública dos orzamentos da Xunta de Galicia. Hai moitos exemplos que podían desglosar todo isto: 160 millóns de euros nos últimos anos investidos en construír e mellorar máis de cento trinta centros de atención primaria. Desde o ano 2009 inauguramos xa dous grandes hospitais e impulsamos a renovación en profundidade de todos os demais; o último, o que está en construción agora mesmo na Coruña, mais outros que aínda están en construción. Avanzamos cara a un novo modelo de atención primaria cos centros integrados de saúde. Xa funcionan en Lugo e Lalín, pronto abrirán as súas portas en Vigo e estamos impulsando outro en Ourense.

Apostamos pola innovación sanitaria e polos investimentos en alta tecnoloxía. Os hospitais contan con dez equipos de cirurxía robótica que xa fixeron máis de cinco mil intervencións. Estamos impulsando a unidade de fabricación de terapias avanzadas contra o cancro e estamos construíndo o centro de protonterapia, aquí en Santiago de Compostela, que serán referentes ao norte de España.

Volvo aquí, fronte a algunhas críticas absolutamente inentendibles e absolutamente inxustas, poñer en valor a axuda, a cooperación e a man tendida da Fundación Amancio Ortega en todos estes temas. Quero dicilo aquí publicamente, recoñecelo e pedir un aplauso para o labor que están facendo. (*Aplausos.*) Lamento moitísimo que para os grupos da oposición este esforzo non mereza nin un aplauso. Eu teño claro que, fronte ao esforzo enorme que estamos facendo dende a Xunta de Galicia, as colaboracións fundamentais sempre van ser benvidas. Téñeno claro tamén en comunidades en que goberna o Partido Socialista, pero, como sempre, o Partido Socialista aquí é absolutamente diferente. Lamento que sexa así e que vexamos unha proba máis.

Hai cousas que non dependen de nós. Decía que hai moitas cousas que nós podemos facer e outras que non dependen de nós. O Goberno central parece ser o único que no día de hoxe, como non ten esa responsabilidade, non se decata de que a sanidade en toda España ten un problema de recambio xeracional e que o estamos vendo todas as comunidades autónomas —¡todas!—, gobernadas por todos os partidos políticos, especialmente en determinadas especialidades. Alá eles se lles custa tanto recoñecer algo que está na súa man solucionar; non



respecto ao custo, que asumiríamos as comunidades autónomas, pero si respecto ás decisións que hai que tomar.

Malia iso, nós seguimos traballando, e o Sergas está facendo un traballo moi considerable —admirable, diría eu— para responder ao enorme reto que supón o envellecemento da poboación; por exemplo, a súa dispersión ou o incremento da demanda, especialmente en atención primaria. Señorías, isto está dando os seus froitos: no ano 2024 reducíronse as esperas e aumentou a actividade asistencial en todas as áreas da sanidade: nas cirurxías, nas consultas e nas probas diagnósticas. En cirurxía por primeira vez superamos as dúascentas mil operacións nun único ano; trinta mil máis das que se facían hai apenas dez anos. En consultas co especialista o tempo medio de espera baixou de 73 a 61 días. ¿Ten que seguir baixando? Por suposto. Pero ¿baixou? Sen ningunha dúbida: doce días menos dos que había hai un ano. Somos a segunda comunidade que menos agarda para unha consulta médica. E, respecto ás probas diagnósticas, no ano pasado, o 2024, creceu a actividade máis dun catro por cento e reduciuse en máis de seis días o tempo medio de espera.

Señorías, vouno dicir unha vez máis: fronte ás críticas desmesuradas, exaxeradas, que se cualifican por si mesmas, fronte á politización que moitos intentan no ámbito da sanidade, eu recoñezo —sempre o dixeran, téñoos clarísimo, é o primeiro que digo sempre— que hai cousas que mellorar. Claro que non todo está ben, claro que non todo é perfecto. Pero tamén digo unha cousa, firmemente convencido: a sanidade do ano 2025 é mellor que a do ano 2024 e traballaremos —faremos todo o posible, así será— para que a de 2026 sexa mellor que do ano 2025. Así cumpriremos co noso deber de que estea á altura das necesidades e demandas das galegas e dos galegos. *(Aplausos.)*

Seguiremos avanzando en sanidade preventiva cos cribados e seguiremos avanzando en saúde mental. Duplicamos o número de profesionais especializados en saúde mental no Sergas. Investimos este ano 28 millóns de euros en programas específicos de saúde mental e contrataremos 35 novos psicólogos clínicos durante o tempo que nos queda de lexislatura para a sanidade pública galega.

Avanzamos tamén na atención sanitaria a persoas maiores dependentes. Anúnciolles que nos vindeiros meses poñeremos en marcha un plan piloto —e se ten éxito, como xa agardamos, estenderémolo— para atender doentes con patoloxías crónicas complexas e avanzadas que están nunha residencia ou recibindo coidados dun familiar na casa. Farémolo dende un enfoque multidisciplinario, tanto sanitario como social. Estamos seguros de que se verá a mellora. Comezaremos o plan piloto nun distrito sanitario e estenderémolo —se ten éxito, que agardo que si— ao resto da área sanitaria xeográfica galega. *(Aplausos.)*

Dependencia e discapacidade. Aquí, señorías, tamén hai moito que facer, por suposto, pero as cifras falan por si soas. Viviu unha rapidísima expansión dende o ano 2009, e así tiña que ser. Pero hai que poñelo en mérito. Investimos catro veces máis en atención á dependencia que no ano 2009. Atendemos cinco veces máis persoas dependentes e contamos co triplo de prazas públicas en residencias: 16.000 no día de hoxe. E ten que seguir medrando, por suposto.



Tamén, para os maiores que están nas súas casas, recordarán que no último debate de política xeral —ano 2023, hai dous anos— anunciei a posta en marcha dun bono de 5.000 euros —chamámoslle bono Coidado— para as persoas que coidan un familiar na casa. Dito e feito: hoxe en día estano recibindo 23.000 persoas en toda Galicia. Galicia aquí cumpre tamén. *(Aplausos.)*

E fronte a este logro, un recoñecemento. Xa o dixemos cando presentamos o «plan de choque» —como lle chamamos— para as valoracións de dependencia. Hai moitas persoas maiores ou con discapacidade que esperan máis tempo —vou dicilo directamente— do tolerable para recibir a súa valoración. O primeiro é pedir desculpas a esas familias que aínda seguen esperando, iso ante todo. Pero, ao mesmo tempo, hai que dicir que non estamos de brazos cruzados. E creo que o saben, polo menos sábeno esas máis de trinta e dúas mil persoas que xa viron como se resolvía nestes tres primeiros meses o seu expediente que estaba pendente, esperando desde hai moito tempo. Empezamos o 1 de xaneiro con ese plan de axilización e simplificación dos trámites. Xa digo: non chegou a 110 días e cos datos que teño xa logramos máis de trinta e dúas mil resolucións, que é un sesenta por cento máis que o ano pasado. Evidentemente, había que mellorar. Recoñécemolo e estámolo facendo. E teño que dicilo: isto non é aínda a meta, temos que facelo aínda mellor. Pero creo que é razoable e creo que é unha demostración de que, cando hai un problema, algúns teorizan, algúns denuncian e fan demagogia e outros, a Xunta de Galicia, actúa.

Actuar tamén é seguir reforzando aínda máis o servizo de axuda no fogar en colaboración cos concellos. Estamos en plena negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias. Hai apenas tres anos chegamos a un acordo para aumentar a cantidade e agora a previsión é volver aumentala para que un servizo fundamental, imprescindible no día de hoxe, se poida seguir prestando. Somos conscientes de que agora mesmo é un problema grande para moitos concellos.

Agora —volvo dicilo—, vai ser imposible directamente poder chegar a unha solución sostible se o Goberno central non cumpre a súa parte. A débeda acumulada do que tiña que pagar por unha lei do Goberno central e que aínda non pagou xa supera os 2.500 millóns de euros. O ano pasado baixouse a aportación respecto do que tiñamos no ano 2023. Polo tanto, cando escoitamos algún ministro por aí dicir que xa cumpriron con Galicia e que de que nos queixamos, pois dígolle: iso é mentira, temos razóns de sobra para queixarnos; temos 2.500 millóns de razóns para queixarnos por ese tema. *(Aplausos.)*

Pero, como á parte de queixarse hai que traballar e cumprir, nós imos seguir traballando. Hoxe, señorías, anúnciolles que Galicia vai desenvolver ao longo desta lexislatura un plan de construción de residencias; o plan máis ambicioso da historia de Galicia. Imos crear 24 centros con 1.800 novas prazas de atención aos maiores en concellos de menos de 5.000 habitantes. ¡Nesta lexislatura! *(Aplausos.)* Isto vai permitir, traballando man a man co sector, incrementar preto dun quince por cento as prazas actuais, crear un milleiro de postos de traballo no sector sociosanitario e ampliar a cobertura residencial a moitas localidades, a moitos pequenos concellos que neste momento non contan cun centro e o demandan porque o necesitan.



Isto é futuro, señorías, e o futuro necesita certezas. Neste camiño que fomos construíndo ao longo da nosa historia aínda quedan por coroar moitas metas, sen ningunha dúbida. Todos o sabemos. Consequimos moito, aínda que a algúns lles custe recoñecelo, e hai que conseguir moitísimo máis.

O noso país agocha enormes cantidades de talento en todos os aspectos; tamén nos seus investigadores. Investigadores que están traballando nas universidades, nos centros singulares, en centros públicos ou privados, que están conseguindo día a día importantísimos logros. Ás veces sen o necesario recoñecemento, pasan desapercibidos e non se lles dá o valor que realmente teñen.

Nós confiamos neles, somos a comunidade na que máis está a medrar o investimento en I+D+i. Estamos liderando a compra pública de innovación en toda España cunha porcentaxe moi grande: máis da metade de todo o que se captou en España. Vimos de dotarnos dunha folla de ruta que presentamos hai pouco tempo no Consello da Xunta e despois ao sector: o Plan de Investigación e Innovación Horizonte 2027, cun investimento de máis de mil trescentos millóns de euros, que se di pronto.

Ademais, á parte de fomentar e reter o talento investigador en Galicia, queremos saír captalo fóra. Esa sociedade que acabamos de crear para captar o talento, moitas veces galego, que está traballando polo mundo e que quere volver, e outro que non é galego pero non lle importaría ou estaría desexando traballar en Galicia. Hai que saír buscalo. A investigación ten ADN galego. Por tanto, esa fundación poñerase a traballar, agardo que tamén coa colaboración do sector privado, para incrementar as posibilidades de éxito.

Para enmarcar todos estes esforzos e dotarnos das mellores ferramentas en I+D+i no ecosistema galego que estamos construíndo, anuncio que xa comezamos a traballar este ano nunha nova lei de ciencia e innovación de Galicia, que estará á altura da lexislación máis punteira de Europa neste ámbito, porque queremos ser punteiros neste ámbito. *(Aplausos.)* Non é coincidencia que, poucas semanas despois de que este Parlamento aprobase a primeira Lei de intelixencia artificial que se aproba nunha comunidade autónoma e en toda Europa por parte dunha rexión —»para garantir que o seu uso contribúa a unha administración máis útil e máis eficaz e á seguridade dos cidadáns—, agora queiramos dar este salto, para ter certezas nun mundo dominado polas incertezas.

Sería unha equivocación, señorías, pensar que os grandes avances que experimentou Galicia nas últimas décadas son irreversibles ou que non tiveron ningún custo. Non son irreversibles —poden virar, especialmente algúns, en calquera momento— e, por suposto, tiveron os seus custos. Polo tanto, asegúrolles que a Xunta non se vai permitir relaxacións nin distraccións, nin caemos nos cantos de serea que invitan a deixar pasar as oportunidades para que, a través da indefinición, de non mollarse, de non molestarse e de non equivocarse, as aproveiten outros.

Eu, coa confianza da xente e o apoio deste Parlamento —espéroo tamén dos grupos da oposición en cuestións fundamentais—, propóñolles que sigamos a pensar nunha Galicia en grande. E pensar Galicia en grande supón afondar en cohesión e vertebración. Ningún dos



nosos 313 concellos ten que sentirse descolgado dos avances colectivos. E para iso hai que ter máis infraestruturas de transporte. En eixos como Santiago-A Estrada, estamos traballando; Lugo-Monforte, estamos traballando; Tui-A Garda, estamos traballando; Costa da Morte, estamos traballando; Brión-Noia, estamos traballando; ou Costa Norte, estamos traballando; e outros moitos nos que traballaremos no futuro. Cando culminemos estas obras, nove de cada dez galegos estará a menos de quince minutos dunha vía de altas prestacións, e isto é un orgullo para todos. *(Aplausos.)*

Temos que dotarnos de máis infraestruturas tecnolóxicas. O traballo en remoto supón oportunidades. Os nómades dixitais son unha oportunidade e temos que atraelos cara a Galicia, especialmente cara aos pequenos concellos que ofrecen a calidade de vida que están buscando. Por iso hai que seguir cos plans para que as zonas máis afastadas da xeografía galega contén tamén con cobertura de datos. Estamos agora mesmo nun plan que vai beneficiar 210 aldeas; aldeas nas que viven máis de 5.200 persoas e nas que todos estes nómades dixitais —á parte dos seus habitantes, que teñen todo o dereito do mundo— poidan fixar o seu lugar de residencia.

Hai que apostar pola mobilidade sustentable. En Galicia os menores de 21 e os maiores de 65 xa non pagan o autobús, o transporte público. Hai que seguir implantando melloras, hai que seguir avanzando e, por suposto, hai que seguir vertebrando a nosa terra.

Nas competencias que temos —falei antes das grandes infraestruturas—, á parte das tarefas de conservación, que consomen moitos recursos, aquí téñolle que pedir tamén ao Goberno central vertebrar en materia de estradas. Moito máis que en calquera outro aspecto, ese traballo hai que facelo.

Hai moitísima marxe de mellora nas conexións ferroviarias de Ferrol e Lugo, tantas veces afastadas e ignoradas; por este Goberno especialmente, pero tamén polos anteriores. E hai que dicilo. Nos enlaces con Portugal, non sería de recibo que se chegase dende o lado da fronteira portuguesa ao noso lado e que en Galicia, en España, seguísemos con todos estes estudos, todos estes proxectos, todas estas dilacións ás que o Goberno central nos ten tan acostumbrados. Galicia aí xógase moitísimo.

As infraestruturas ferroviarias, as portuarias, as gasísticas... Non podemos quedar illados. Galicia tivo que buscarse a vida para non quedar illada, non ser unha illa enerxética en canto ao gas e, futuramente, ao hidróxeno. A ese illamento —teño que dicilo— condenábasenos dende o Goberno central.

Temos que pensar Galicia en grande, e pensar Galicia en grande supón protexer o medio ambiente. A nosa comunidade ten que seguir sendo líder en defensa da nosa biodiversidade e en loita contra o cambio climático. Todas esas empresas que están colaborando nesa alianza que hai coa Xunta de Galicia son unha boa mostra de que as cousas se están facendo ben.

Hai que coidar o noso monte, unha enorme riqueza. Un monte ben xestionado e aproveitado é un monte protexido, un monte que non ten por que arder. Por iso seguiremos apostando



pola economía forestal, que é o sustento de moitísimas familias, especialmente en determinadas zonas de Galicia. Seguiremos apostando polas agrupacións de propietarios no noso monte. E tomaremos, en tempo e prazo, unha decisión sobre a moratoria do eucalipto: a que máis beneficie os intereses xerais de Galicia, escoitando todos os afectados.

E pensar Galicia en grande supón desfacerse das enferruxadas —hai que dicilo así— limitacións partidistas que poden impedir un gran pacto pola lingua. É máis, que buscan impedir un gran pacto pola lingua. Na sociedade galega hai un amplísimo consenso que debe ter o seu reflexo a nivel político. Non pode ser que os consensos da sociedade cando chegan á política salten polos aires por intereses partidarios, partidistas e electoralistas.

Con esa finalidade, a Xunta tomou a iniciativa e mantén a súa man tendida. Séguea mantendo a pesar das evidentes mensaxes que estamos recibindo dos do «non», dos de sempre, de que non lles interesa. Se non lles interesa, a nós si. Os retos da lingua son moitísimos. Hai que seducir novos galegos para que adopten a nosa lingua, hai que penetrar máis en ámbitos da sociedade que aínda se lle resisten á nosa lingua. Hai que reforzar as inmensas pontes, as inmensas oportunidades que plantexa o mundo da lusofonía. Hai que facer moitísimas cousas. Agora, todo isto non se pode facer e ningún destes retos se solucionará utilizando a lingua galega como arma política. E quero dicilo aquí.

E pensar Galicia en grande supón apostar pola nosa cultura, que é tan diversa como diversa é a nosa sociedade. Para cada gusto teñen que existir, e existen en Galicia, esas industrias culturais puxantes que ofrecen un grupo de música, un produto audiovisual ou un libro elaborado aquí en Galicia e que está á altura de calquera creación literaria e cultural que se poida facer en calquera lugar do mundo.

Non podo rematar esta intervención hoxe, que é o día de San Xurxo —*Sant Jordi*, en Cataluña—, sen animalos a que regalen todos vostedes aos seus seres queridos un libro de literatura galega. Creo que sería unha boa mostra deste compromiso. (*Aplausos.*)

Señorías, pensar Galicia en grande tamén é promover o deporte, os enormes deportistas que temos en Galicia, tanto os de altísimo nivel, que provocan tantos momentos de orgullo e tantos momentos de satisfacción aquí en Galicia, como os centos de miles de rapaces e rapazas e de todas as idades que fan deporte —que facemos deporte— todos os días en Galicia. Unha sociedade saudable e chea de enerxía.

Na práctica deportiva de base, a Xunta investiu nos últimos tempos 14 millóns de euros en axudar, tanto instalacións propias como os concellos, a que teñan en boas condicións as súas instalacións deportivas. E no deporte de elite na nosa terra —como dicía— existen motivos do moito orgullo: máis de dez mil cincocentos deportistas de alto nivel, que terán no futuro centro de alto rendemento en Pontevedra o mellor dos campamentos base para todos eles.

E pensar Galicia en grande é amar esta terra tal e como é. Amala tal e como é, coas nosas particularidades, coas nosas diferenzas, coa nosa historia, que nos une moito máis que as diferenzas, coas nosas ambicións individuais e colectivas; axudándonos mutuamente a levantarnos das caídas —que as houbo, as hai e as haberá— e tamén celebrando xuntos os acertos. Os grandes acertos son sempre colectivos e tamén son moitos.



E pensar Galicia en grande é gobernar coa vista posta non en hoxe, non en mañá —que tamén— nin en pasado mañá; en moito máis: no próximo ano, nos próximos anos, incluso nas próximas décadas. Hai que ser ben consciente de que as decisións axeitadas, as que hai que tomar, non sempre se reciben no inmediato coa comprensión necesaria. O fácil é intentar facer o que dura dez segundos, pero iso non é o futuro e iso non é pensar nos que teñan que vir detrás de nós.

Pensar Galicia en grande é afrontar o futuro cunha mestura moi galega: realismo e optimismo; propia dos pobos que prosperan. Hai que facelo en clave de «si» e sen deixarnos arrastrar polos que sempre e dende sempre se opoñen a todo, os do «non» por sistema. Iso non é pensar Galicia en grande.

Pensar Galicia en grande, señorías, é confiar na nosa terra e na nosa xente, nada máis e nada menos. Confiar no que somos e no que podemos chegar a ser. Creo que o mundo aínda non sabe ata que punto Galicia e calidade poden ser e son a mesma cousa. Eu pídolles que nos axuden a demostralo, todos xuntos e todas xuntas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Suspendemos a sesión ata as 16 horas.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás once e corenta e seis minutos da mañá e retómase ás catro e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, coa rolda dos grupos parlamentarios. E comezamos co Grupo Parlamentario Mixto. Ten a palabra don Armando Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Saúdos, señorías e visitantes.

Ben, teño corenta e cinco minutos, que é a duración dun tempo de fútbol, ¿non? —esperemos que non se lles fagan moi longos—, para comentar o que dixo o señor presidente pola mañá. Fun tomando notas. A verdade é que o señor presidente á mañá dixo bastantes cousas que son dignas de comentar.

Empezou comentando a situación internacional e que vivimos en tempos, como dicía a canción, *malos tiempos para la lírica*, ¿non? Son tempos de épica. Fixo unha reflexión acerca de que a situación internacional nos vai acabar afectando, queiramos ou non. Entón, efectivamente, o máis sensato é darnos conta de que estamos nunha Comunidade Europea e o au-



tomatismo das relacións internacionais fainos estar, queiramos ou non, involucrados no que se está cocendo nas altas esferas de Estados Unidos, de Rusia, de Ucraína, etc. Entón, efectivamente, niso concordo co señor presidente, que non podemos facer como se fixo noutras épocas, como fixo o señor Chamberlain ou como fixeron os daneses e os habitantes dos Países Baixos cando se viña encima o que se veu o 3 de setembro de 1939. Ben, tampouco é cuestión de perder a cabeza. O señor presidente dixo que debiamos manter a cabeza fría. Lembroume aquel poema de Rudyard Kipling: manter a cabeza tranquila cando todo ao teu lado é cabeza perdida, que lle dicía un pai a un fillo nese poema.

Esas reflexións son importantes e dentro dese contexto pois loxicamente teremos que ocuparnos do noso, pero sen perder de vista que estamos inmersos no mundo e que as cousas que están pasando xeograficamente lonxe, ao mellor desde outro punto de vista, pois están cerca.

A partir de aí vino moi emocionado, señor presidente, co feito de que a Autonomía incorporara por fin, segundo fixo saber, as competencias sobre o litoral, a primeira competencia en varios anos, competencias que, por certo, parece ser que xa tiñan sido solicitadas por outros grupos políticos e nas que non se tomaran as medidas suficientes para obtelas.

O seu Goberno loitou —podemos dicir— con uñas e dentes —en sentido figurado, loxicamente—, tanto desde o punto de vista político como desde o punto de vista xudicial, porque ao final tivo que chegar a onde se chegou, ao Tribunal Constitucional. A verdade é que tivo vostede bastante empeño en conseguir esas competencias do litoral.

A min, cando vostede falaba de xeito tan emocionado acerca de ter por fin as competencias do litoral, que dicía que vai facer unha axenda, paréceme moi ben, por certo; paréceme moi ben que teñamos as competencias do litoral desde logo e paréceme moi ben que vaia facer esa axenda que di en todo o perímetro marítimo da autonomía, desde a desembocadura do río Miño, na Guarda, ata a ría do Eo, en Ribadeo.

Paréceme moi ben, pero eu tamén estaba pensando, cando vostede falaba con tanta énfase do litoral, que o vía emocionado con este tema, que Ourense non tiña litoral marítimo e, polo tanto, pois non se vai ver beneficiado en absoluto con esa cuestión, polo menos de xeito directo.

Entón, ben, tamén me preguntaba se algunha competencia que involucrase en exclusiva a provincia de Ourense sería reclamada con tanta énfase. Imos pensar que si, imos pensar ben, pero de momento tamén paro a pensar que en todas esas cousas que pretende facer no litoral desde logo que a transferencia de competencias irá acompañada do correspondente financiamento por parte do Estado.

Pero, a maiores diso, se ten pensado facer esa axenda, se ten pensado promocionar toda a actividade económica relacionada co litoral, o emprendemento e todo o que dixo, espero que non sexa a conta de diminuír os investimentos e os recursos na provincia de Ourense, porque ao mellor, con tanta alegría polo tema do litoral, olvídase do interior. Entón, pois que unha cousa non vaia en detrimento da outra.



Falou doutra clase de transferencias que pretende, como a xestión meteorolóxica com-partida, da que xa levamos falado; o sempiterno tema da AP-9. E dixo unha frase que apuntei aquí, que é «tomar en serio Galicia». Gustoume, pero, claro, tamén agora voulle dicir —parafraseándoo a vostede— «tomar en serio Ourense». Ou sexa, que se lembre tamén de Ourense, máis do que me dá a impresión do que se lembra.

Falou das transferencias —que tamén nos parece ben— da xestión de permisos de inmi-grantes, do ingreso mínimo vital.

E tamén dixo outra frase que anotei, que «o Goberno central cumpra con Galicia»; díxoa varias veces. Desde logo, gastou parte do seu tempo en verter críticas cara ao Estado central —que tamén me parece ben—. O que pasa é que aquí vimos falar, eu particularmente veño falar da xestión da Xunta na Autonomía. Comparto seguramente varias das críticas que lle fai ao Estado central, pero para iso hai outros foros, para iso teñen vostedes representación nas Cortes Españolas, para dar alí os argumentos e os debates que se teñan que dar. Nese tema non vou entrar, polo menos de xeito inmediato.

Tamén falou, por exemplo, da remuda xeracional necesaria dos funcionarios, falou da re-muda xeracional na Administración, na Xustiza, e eu, lembrando algo que lin, non sei se hoxe ou onte na prensa, engadiríalle que creo que non falou de remuda xeracional necesaria e da necesaria planificación dos sanitarios.

Moitos dos problemas da sanidade pública en Galicia veñen de non planificar axeitadamente as xubilacións e outras cuestións relacionadas cos sanitarios. Entón, creo que non o nomeou, falou de funcionarios da Administración, falou bastante da Xustiza, e eu permítome recor-darlle tamén esoutra clase de funcionarios, que son os sanitarios da pública e que tamén precisan, de xeito continuo loxicamente, dunha remuda ou incluso dun incremento no seu número e, desde logo, dunha planificación que prevexa o que é previsible, como son xubi-lacións, etc., etc.

Falou de municipalismo, e eu aquí si volvería insistir no que se di tantas veces da necesidade de mellorar o financiamento dos concellos. É xa un tópico —que repetimos moitas veces, pero, claro, o mero feito de repetilo non o soluciona— que os concellos precisan moito máis financiamento do que reciben, entre outras razóns, pola asunción permanente de compe-tencias novas, que non adoitan ir acompañadas do correspondente financiamento, sexa por parte da Administración autonómica e tamén ás veces por parte da Administración central.

Entón, ben, falou de concellos en risco de despoboamento e de medidas especiais que se ían tomar en base a eles. E eu lémbrolle que probablemente sexa a provincia de Ourense a máis afectada neste sentido. Moitísimos concellos da provincia de Ourense están en serio risco de despoboamento. Hoxe vin por aquí, pola cafetaría e polos pasillos e tamén por arriba, no lugar de invitados, varios alcaldes e alcaldesas da provincia de Ourense, aos que coñezo lo-xicamente, e, efectivamente, parei a pensar que moitos deses concellos van precisar de xeito especial o que poida facer, as medidas que poida tomar para reverter esa situación. Non sei se serán axeitadas ou se serán adecuadas algunhas das que rexistraremos mañá pola nosa iniciativa, esperemos que as teña tamén en conta.



E —xa digo— nesta cuestión do financiamento especial para concellos en risco de despoboamento pediríalle encarecidamente que pensase especialmente na provincia de Ourense.

Falou tamén do tema do financiamento autonómico e da quitación da débeda, que nese caso concreto xa lle teño dito que coincido coa súa particular visión, pero tampouco me vou meter neste tema, porque é unha cuestión a discutir, como digo, no ámbito estatal e, de momento, de momento, o noso partido non ten representación alí, de momento; nunca digas... ¿como era?

Falou de apostar polo talento. E eu aquí daríalle tamén unha idea que seguro, probablemente, pois xa alguén lla teño dito. Hai unha serie de profesionais na actualidade aos que lles chamamos nómades dixitais. Agora hai moitas persoas que traballan en calquera punto do planeta co seu ordenador e que poden desenvolver o seu traballo con independencia da ubicación física que teñan. E adoitan ser precisamente persoas de talento, ou sexa, persoas que traballan cos seus equipos informáticos en ámbitos moi creativos, en ámbitos —eu que sei— desde o deseño, desde a investigación científica, etc., etc. E iso pode ser unha fonte de repoboación, porque moitas desas persoas busca contornos tranquilos, contornos onde poidan vivir cunha certa calidade de vida. Estase facendo noutras partes de Europa, como sabe, particularmente incluso en Portugal. Nalgunha das reunións do Eixo Atlántico ás que tiveron a oportunidade de asistir representando ao Concello de Ourense falouse moito de que determinadas zonas de Portugal están sendo repoboadas con esa clase de profesionais que traballan con ordenadores e que poden vivir en contornos tranquilos, que se poden desprazar en pouco tempo a algunha cidade próxima se queren para o seu ocio pero que non teñen por que exercer a súa actividade laboral en núcleos urbanos. Entón, ben, iso tamén pode ser unha solución.

Esa aposta pola importación de talento pois debe ir acompañada de medidas como son, por exemplo, as axudas, que eu estimo que debían ser maiores, para a reforma de casas no contorno rural, que combate, por un lado, a despoboación e, por outro lado, atraería esa clase de talento. Sería interesantísimo —e estou falando no caso concreto da provincia de Ourense— que persoas dese perfil se asentasen en núcleos moi pouco poboados da provincia de Ourense, por poñer un exemplo concreto, e que puidesen desenvolver o seu labor alí.

Estase facendo xa nalgún concello de Ourense, xa se está empezando a facer iso por parte do Goberno municipal, pero co apoio da Xunta nese e noutros concellos da provincia podería ser unha cuestión interesante; sempre acompañadas tamén, a ser posible, por esa clase de axudas que existen xa, pero que estimo insuficientes, de recuperación de vellas vivendas nas que poidan vivir.

Despois apareceu —estou seguindo máis ou menos a orde cronolóxica dos temas dos que falou— o tema de Altri. Como ese tema seguramente o van tratar con máis precisión e con máis emocionalidade por parte doutros grupos, eu sinxelamente recordarlle que o meu voto foi en contra da cuestión esta de Altri, pero sempre condicionado aos informes técnicos. Pero desde o punto de vista político, como opción política, o noso grupo non considera axeitada a instalación desa planta. De todos xeitos, tamén dixen no seu momento que *dura lex, sed lex*; ou sexa, a lei está para cumprila e, se cumpre cos requisitos legais, non vai haber moito máis que dicir.



Tamén estou de acordo co que dixo da conveniencia de que os fondos europeos, ese 6 por cento dos fondos europeos que pide transferir do Estado central, pois tamén sería interesante que se puideran xestionar directamente desde Galicia. Pero aí volveríalle dicir que, caso de que chegue a conseguir ese obxectivo de poder xestionar ese 6 por cento de fondos europeos, non se volva esquecer de Ourense. A ver se é que veñen e despois non vai caer nada na provincia de Ourense. Se consegue ese 6 por cento de fondos europeos, por favor, polo menos a cuarta parte, xa falando en termos das provincias, que son catro, que poidan ser xestionados con eficacia para a provincia de Ourense.

Falou de industrialización, e eu aquí recordaríalle a conveniencia de apoiar o sector forestal en determinadas partes da provincia, concretamente na zona do oriente, onde hai potencialidades.

No tema da automoción xa sabe que hai empresas en crise ás que tamén convén apoiar.

Hai potencialidade no ámbito alimentario e tamén hai potencialidade no ámbito mineiro. De feito, estes días saía na prensa que están en concurso ou están en licitación proxectos de investigación, ben, catas en diferentes partes da provincia de Ourense, para ver se poderían ser viables explotacións mineiras. O que está agora mesmo en licitación, segundo entendín, son os meros estudos de prospección. Pero aí tamén lle recordo ou tamén lle comunico que nós cremos na industrialización consistente na explotación dos recursos naturais primarios, pero tamén sempre co debido respecto ao medio ambiente e ao cumprimento das normas, que xa empezan a ser triplas, ou sexa, normas autonómicas, normas estatais e normas europeas. De cumprirse todas elas, pois ben, en principio deberíamos supoñer que non debería haber maior problema, pero, claro, co cumprimento estrito de todas as normativas ambientais que emerxan das diferentes competencias, tanto autonómicas como nacionais, como europeas, estas últimas especialmente restritivas en moitos casos.

E, ante calquera dúbida, pois tamén sempre saber que está o poder xudicial, como leva traballando nesta clase de cuestións nos últimos meses e nos últimos anos, coas súas correspondentes contradicións aparentes. Pero, ben, como di o refrán: onde hai patrón...; a instancia máis alta pois sempre é a que decide.

E —xa digo— sería necesario un plan de industrialización da provincia de Ourense, porque a provincia de Ourense é a menos industrializada de todas. Creo que xa se ten falado algunha vez disto, vai ir tamén nas iniciativas que esperamos rexistrar mañá. Pensar na provincia de Ourense como especialmente necesitada dun plan de industrialización, ou un sinónimo que puidera utilizar. Se non lle quere chamar plan, pódelle chamar doutra maneira, pero unha fonte de solucións para a industria na provincia de Ourense, sempre compatibles co respecto medioambiental.

Logo falounos... ¡Ah!, dixo: imos falar claro. Ben, a verdade é que teño que recoñecerlle que foi bastante claro en moitas cousas que dixo, posicionouse de xeito bastante claro nalgúñas cuestións. Creo que o fai ao mesmo tempo máis susceptible de ataques políticos, pero iso tamén é unha cuestión valente. Nese sentido, agradézolle particularmente —non sei se o farán o resto dos grupos— que falase claro, que mostrase a faciana de xeito claro na súa po-



sición en relación co medio ambiente, coa explotación dos minerais estes que están agora de moda para facer os produtos das novas tecnoloxías: o litio, etc., etc.

E —xa digo— estaremos especialmente atentos a todo o que ten que ver nese sentido na provincia de Ourense. Falo, por exemplo, no caso concreto da minería, xa sabemos que está alí pola zona de Doade, de Beariz e por outras zonas. Á parte dos movementos que hai para reabrir determinadas explotacións deste tipo, loxicamente, de cumprirse todos os requisitos legais, de non haber ningún problema para a saúde pública, de non haber nada que sexa irreversible en termos de ataque ao medio ambiente ou á saúde das persoas, parécenos ben. Pero estaremos especialmente atentos a que iso se cumpra e, especialmente, nestes casos que están previstos na provincia de Ourense.

Esperemos que esas prospeccións dean resultados positivos no sentido de que poida haber xente que viva diso, que se xeren postos de traballo, sempre —volvo repetir, porque se non é pan de hoxe e fame de mañá— respectando o medio ambiente. E estaremos moi atentos a ver se esas potenciais empresas poden saír adiante. E tamén, desde logo, se é así, se cumpren os requisitos medioambientais, legais, etc., etc., estimamos tamén que o apoio da Xunta en grao suficiente sería necesario. Tamén estaremos atentos.

E logo falou de algo pois moi curioso: aeroespacial. Voulle dar un dato —á mañá estaba por aí o presidente da Deputación de Ourense, creo que marchou— que igual non ten. Na Limia hai unha superficie, unha parcela da deputación, que ten dereitos de voo. Hai dous anos ou así nunha comisión da deputación ofrecéusenos, ben, o que é o catálogo, as propiedades da deputación, o patrimonio que tiña a deputación, e chamounos a atención a algúns membros da oposición o valor que tiña unha parcela de varios millóns, que nos parecía verdadeiramente enorme, unha parcela na contorna da Limia, non recordo agora a cifra, pero era realmente unha cifra enorme. Entón, preguntamos por que valía tanto. E o propio portavoz do Goberno naquel momento non nolo soubo responder, pero respondéronnolo para o outro día. E é que ao parecer esa parcela tiña dereitos de voo; ou sexa, onde poderían voar drons e as empresas podían utilizar esa parcela para facer probas relacionadas con isto das aeronaves.

Entón, cando estaba falando disto pola mañá, dixeran: voulle dicir isto para que para esas empresas das que está falando, que precisan esa clase de espazos onde poidan voar drones ou onde poidan voar ultralixeiros ou toda esa clase de cousas, a Deputación de Ourense ten unha parcela así. Fale co señor presidente, que creo que o coñece, bastante ben, e que llo diga. Iso por falar do caso concreto desa parcela. Despois, se pode levar a cabo a implementación destas empresas noutros lugares da provincia, estupendo.

Voulle recordar agora outra cousa. Ourense ten o grao, o máster de Aeroespacial, que tivemos que pelexalo moito. Eu formei parte un tempo do Consello Social da Universidade de Vigo e foi unha das cousas que, como vostede sabe, se pediron repetidamente, que nos custou. Non había unha vontade proactiva por parte da Xunta de que ese máster de Aeronáutica viñera para Ourense. Houbo que pelexalo moito, reclamábano noutros sitios, parecía haber un nesgo favorecedor cara a outras zonas, pero, ao final, por insistencia e por outra serie de circunstancias, ese grao, ese máster de Aeronáutica veu para o campus de Ourense, e eu aproveitaría para dicir que esa universidade tamén precisa máis graos, ese campus necesita máis graos



e necesita un apoio proactivo tamén, porque tamén para conseguir calquera cousa un grao ou algunha cousa nese campus parece que hai que loitar por el de xeito desproporcionado, cousa que noutros lugares non sucede así.

Tamén ligou este tema da investigación aeroespacial coa defensa militar. Iso tamén pode estar ben. Tamén di que se precisa a colaboración do Estado sobre iso.

E falou tamén dunha cousa moi importante para a provincia de Ourense: a axuda ás exportacións dos produtos que fabricamos ou que producimos. Efectivamente, os nosos gandeiros, os nosos viticultores, os nosos agricultores precisan darlles saída aos seus produtos, especialmente na provincia de Ourense, onde, como dicía antes, apenas hai actividade industrial e moitas das empresas son dese tipo, agropecuarias.

Sabemos que hai un problema co viño tinto, que hai que darlle saída, tamén na Ribeira Sacra, por exemplo, que ten certa cantidade de produción.

Sabemos que se precisan movementos de concentración parcelaria. Vólvolle recordar —falou da concentración parcelaria— que na provincia de Ourense está pendente desde hai décadas a concentración parcelaria de amplas zonas. E a concentración parcelaria é imprescindible para poder levar a cabo labores agrícolas coas tecnoloxías actuais. Porque, se seguimos no minifundio, seguiremos co arado tradicional romano no mellor dos casos.

Entón, ben, falou da vertebración da terra agraria. Eu aquí voulle tamén recordar, aínda que ao mellor volvo despois, o tema dos camiños, a necesidade de ter en bo estado os vellos camiños, por cuestións de accesibilidade, por cuestións de loita contra os incendios, por cuestións de que poden ser utilizados moitas veces como recurso turístico, como recurso deportivo, que agora hai moita actividade deportiva relacionada co uso dos camiños tradicionais (sendeirismo, etc., etc.), e vai ser precisa a axuda, sobre todo aos concellos, porque moitos deses terreos son municipais, para poñelos en condicións de uso con esas finalidades que dixeran.

Accesibilidade das parcelas agrícolas ou dos recintos gandeiros, loita contra os incendios, e moitas veces eses camiños son inaccesibles para os propios servizos de extinción; ás veces ten que pasar unha motobomba por un sitio que non está suficientemente habilitado para subir. Eu particularmente o outro día quixen subir —isto non está en Ourense— ao alto da Xesteira, onde hai unha estación meteorolóxica, e, ao final, tiveran que subir a pé. Sería interesante poder subir polo menos en bicicleta.

No caso da provincia de Ourense isto é especialmente necesario. A vertebración da terra agraria, que foi a expresión que utilizou vostede, é especialmente importante na provincia de Ourense. Este foi un tema que levamos no seu momento á deputación, e teño que dicir que o Partido Popular votou en contra e ata se tomou un pouco a mofa, o feito de habilitar os camiños tradicionais; son de distintos tipos, como saben, para infinidade de actuacións que se poden facer neles; tomárono a broma, ata votaron en contra, pero de alí a un tempo tiveron como se fora unha idea deles.



Falou de Centro de Innovación Alimentaria no medio rural, pero non especificou onde; entón, dixo que ía facer uns centros de innovación alimentaria no medio rural, pero non especificou onde. Entón, eu tamén lle dicía que a ver se algúns deses centros os pode implementar na provincia de Ourense, que tamén viría moi ben.

Logo falou do mar e aí, cando falou do mar, eu xa non entendín moi ben, porque non estou moito nese tema. Falou de Taiwán, jah!, falou de Taiwán por uns acordos comerciais, si, ben.

Outra cousa que lle vou dicir. A Limia, concretamente, ten un problema ecolóxico moi grande —e aquí temos algunha deputada do seu partido, que llo pode comentar facilmente—. Hai un problema de contaminación por nitratos, que o vai ter que abordar o Goberno canto antes, que xa leva moitos anos, está producindo unha contaminación importante na comarca e en toda a Baixa Limia e métese ata Portugal, porque eses nitratos van ao río Limia, e vostede seguramente sabe que, á parte dos problemas que causa na agricultura e incluso na utilización de certos recursos turísticos como hai (praias fluviais, cámpings) no lugar, está causando problemas de saúde importantes na poboación.

Esa parte da provincia de Ourense, como seguramente sabe o señor conselleiro de Sanidade, está tendo uns índices moi altos de enfermidades graves relacionadas coa presenza deses nitratos en produtos alimenticios. Entón, ese tema tómeo, por favor, en serio, ese problema da Limia, os nitratos da Limia, a contaminación por algas cianóticas que se produce ao longo do río, especialmente nos embalses que hai máis abaixo.

É un tema que non é nada fácil. Algunha vez tamén xa o temos tratado na Deputación de Ourense, pero é un problema de saúde pública, á parte doutra clase de problemas que causa.

Hai outras cuestións relacionadas coa saúde que non nomeou. Por exemplo, eu voulle recordar o problema que hai co amianto, a necesidade de retirar o amianto dos tellados e de moitas estruturas agrícolas que hai, que causa tamén moitísimos problemas de saúde e que os concellos e os particulares ás veces non se ven coa capacidade suficiente para levar a cabo esa retirada, o que por outro lado están exixindo as normativas. Non nomeou o tema do amianto, pero lémbrollo eu. Posiblemente tamén vaia nalgunha das iniciativas que presentaremos mañá. Axudas para a retirada do amianto, do asbesto, no medio rural, porque tamén leva causado moitos problemas de saúde, polas causas que se saben.

E logo tamén fíxome pensar no que falou dun bono para estimular o consumo do peixe. Efectivamente, o peixe, segundo din os que saben de alimentación, os nutricionistas, é unha das cousas máis sas que hai, e, por certo, viría ben estimular a boa saúde. Dicía Hipócrates —aquí que me corrixa o señor conselleiro— que a saúde vén polo que che entra na boca, ou sexa, polo que comes. Pois se se come peixe, efectivamente, a saúde da poboación pode mellorar, e iso tamén trae unhas consecuencias que coñecemos.

Pero tamén lle diría que, como a provincia de Ourense non produce peixe, non se van poder ver beneficiados os seus produtores con esta cuestión. Entón, eu tamén lle diría que un bono similar a ese para o consumo do peixe que o aplicase para outros produtos tamén moi sans e cuxo consumo é moi desexable, pero que se producen na provincia de Ourense. Entón, como



hai varios, xa non llos vou dicir, que llos podo dicir, pero estou seguro de que ten aquí expertos que lle poden dicir que produtos produce o campo de Ourense que son moi bos, desde mel ata patacas, etc., etc. Entón, mire, un bono tamén para iso, máis que nada para fomentar ese consumo que fai que a poboación estea máis saudable, cos correspondentes beneficios de todo tipo, desde menos necesidade de cobertura sanitaria ata moitas máis cousas.

E logo fixo referencia ao turismo. Falou de turismofobia, falou do Camiño de Santiago. Eu voulle dicir unha cuestión que me parece moi interesante. O outro día saía na prensa, e eu tiña comprobado uns días antes, casualmente, unha cuestión da sincronicidade, que falaba aquí un, que falas dunha cousa e logo aparece no periódico. A Vía da Prata ten moi poucos peregrinos. Eu estiven creo que foi antonte —ou esoutro antonte, como dicía a miña avoa— pola zona en varios quilómetros da Vía da Prata, creo que vin un peregrino. Non obstante, outros camiños de Santiago pois están saturados. Están funcionando en varias partes de Europa e do mundo plataformas dixitais intelixentes que lles din aos visitantes e aos turistas e lles van dando instrucións acerca do transporte público, acerca do que poden visitar, e, con esas plataformas dixitais, monitorízanse os fluxos de peregrinos e visitantes, de turistas, como lles queiran chamar, e propóñenselles alternativas que evitan masificacións nun sitio e que ao mellor outros recursos turísticos non sexan visitados, porque ás veces funciona así.

Entón, cunha plataforma dixital intelixente, que podería ser promovida pola Xunta de Galicia, que podería estar no noso móbil, á parte de que o turismo podería estar moito máis repartido por toda, neste caso, a autonomía, que foran máis dados a coñecer todos os recursos turísticos da Autonomía, e non só dous ou tres.

Aquí tamén se aplica aquilo seguramente da famosa lei de Pareto, a lei de 80/20; seguramente que o 80 por cento do turismo se vai ao 20 por cento dos recursos turísticos. Entón, trataríase un pouco de repartir máis os turistas, polo seu propio ben, polo seu propio benestar, pola súa propia experiencia de visitar o noso país, pero tamén para evitar esoutros conflitos que xorden das concentracións demasiado grandes de turistas nun momento dado, nun lugar dado, a falta de aloxamento nun momento dado para todos eles, a falta de restaurantes onde comer, doutra clase de servizos, como sanitarios, etc., dos que poder botar man.

Entón, cunha plataforma dixital intelixente, similar á que xa se está facendo noutros lugares de Europa, monitorizar eses fluxos de turistas que dean alternativas e que lles digan a que outro sitio poden ir nese momento, ese día, outra festa popular en tal sitio ou outro castelo ou outro sitio que ver, e repartir en beneficio de todos, en beneficio dunha maior uniformización dos beneficios das empresas que están nesa cuestión, en beneficio dos propios visitantes, que teñen unha experiencia moito máis enriquecedora para eles mesmos.

E, despois, evitar esa clase de problemas producidos que son os que están dando lugar á turismofobia, a concentración de turistas nun momento dado e nuns espazos moi concretos, con todos os problemas que iso conleva.

Como digo, evitaríase que nun sitio como é a Vía da Prata eu tivera encontrado un peregrino en quince ou vinte quilómetros e noutros sitios pois que non haxa aloxamento para todos, que non encontren onde comer ou non encontren onde durmir. Unha plataforma dixital in-



telixente que se poida manexar por parte dos visitantes desde o móbil e que creo que sería beneficio de todos.

Falou de traballo, e aquí eu diría que, na cuestión de traballo, que está claro que intimamente relacionada coa existencia de industria, está todo. Cando a persoa ten traballo e cando ten recursos económicos, non fan falta axudas para a compra de vivenda, pódese organizar para comprar unha vivenda sen necesidade de que o Estado lle veña axudar, porque loxicamente ten que axudar a quen non pode, pero onde hai traballo, hai poboación, non se precisan os recursos públicos, que son necesarios para asistir a quen o necesita.

E, efectivamente, iso só pode suceder se se potencia a industrialización, se se potencian as empresas e se se potencia pois tamén —¿por que non dicilo?— o perfil emprendedor, a busca activa de traballo, da que tamén xa falou.

Pero, claro, é o que dicimos sempre: tense que potenciar a industrialización —neste caso concreto sigo falando da provincia de Ourense—, ese plan de industrialización da provincia de Ourense, que sería tan necesario para poñela cando menos ao nivel das outras tres provincias, neste sentido evitando a despoboación.

A baixa poboación ten outras consecuencias, como son que moitas veces haxa que levar recursos en gran cantidade pois ao mellor para un número pequeno de nenos, ao mellor ter que atender un colexio ou un centro de saúde para unha poboación moi pequena e, ademais, aínda encima que teñan que utilizar un transporte público deficitario, ao mellor para o Estado, sinxelamente porque nese lugar, ao non haber traballo, non hai suficiente xente que vive aí e, polo tanto, o Estado, neste caso a Administración autonómica, ten que botar man igual dos recursos públicos para garantir os seus dereitos.

Pero, como digo, habendo traballo, todo o demais se vai solucionando. Os problemas que ten a xente normalmente tenos, quitando os de saúde, que xa é outra cuestión, a maioría dos outros problemas resólveos cando teñen traballo e, polo tanto, teñen recursos económicos para utilizar de xeito libre na solución dos seus problemas.

Despois falou da baixada de impostos. Ben, a min paréceme moi ben a baixada de impostos, pero sempre e cando non redunde na calidade dos servizos públicos. Eu poñeríalle un exemplo: a evolución dos ordenadores. Os ordenadores de hoxe en día son moito máis baratos e moito mellores que os de hai anos. ¿Por que? Porque houbo unha mellora na fabricación das máquinas. Entón, sería desexable que cos servizos públicos pasara algo así, que foran mellores ou que terminaran por ser mellores sendo máis baratos.

Entón, ben, se é así, si que se poden baixar impostos, se se consegue iso, se se consegue que, con menos recursos e dada a maior eficiencia da Administración e da burocracia, as persoas estean mellor atendidas e que, polo tanto, teñan que aportar menos do seu peto ao Estado.

Pero —xa lle digo— nesa baixada de impostos, da que vostede se gaba e que en varios conceptos que di sobre a baixada de impostos e que os vai seguir baixando, nós no Concello de



Ourense tamén baixamos algúns impostos, e tamén lle estaríamos nesa liña, pero sempre e cando iso non sexa a custa de mermar os servizos públicos.

É un pouco a proba do algodón da calidade do Goberno, porque, claro, despilfarrando diñeiro, calquera fai cousas. Pero, claro, como os recursos son escasos, a eficacia da xestión pública vén de conseguir o máximo servizo ás persoas cun mínimo gasto, e iso é a cuestión de eficiencia e a cuestión da boa xestión. Por iso lle digo: a priori, baixada de impostos, si, pero que non supoña merma dos servizos públicos necesarios.

Falou do problema da vivenda. Comparto con vostede que no caso concreto de Galicia dicíao o outro día e algún estudo que a maioría dos caseiros eran co perfil dunha muller de arredor dos 60 anos, o perfil típico, non as grandes corporacións que noutras partes de Europa e incluso nalgúnha parte de España posúen as vivendas, e si que entrarían nese perfil de capitalismo sen faciana humana. Pero aquí en Galicia non sucede iso. En Galicia no caso das caseiras o perfil típico, segundo dicía ese estudo, era o dunha muller maior que ou era un complemento da súa pensión ou era un complemento aos seus ingresos para chegar a tela. Loxicamente non podemos criminalizar esa clase de propietarios, e niso si que coincido con vostede, pero, tamén é certo que a xente necesita onde vivir, e necesítase esa vivenda protexida. Falou non sei de que cifra —non isto de «axuda á rehabilitación: 1,8 millóns de euros». Isto era outra cousa; estes eran apoios ao rural—.

Eu penso que a vivenda protexida debe aumentar, e, nese sentido, si que comparto moitas veces o que din no Bloque Nacionalista Galego. Teño que recoñecer que, nesta cuestión da vivenda, sen coincidir ao cen por cento en moitas cousas das que din, si que entendo que no Bloque fan propostas bastante razoables para destensionar zonas tensionadas. A cuestión dos pisos turísticos tamén é unha cuestión... Hai unha frase que me quedou —non sei quen a dixo hai un tempo— que dicía que temos que facer cidades habitables e non visitables, ou sexa, o primeiro é a xente que vive na cidade; que vive ou que necesita vivir. Falando no caso concreto de Santiago, toda a vida aquí houbo pisos de estudantes, pisos de...

Fíxese que —como lle dicía algunha vez ao señor Corgos— moitas das infraestruturas que podían repartirse por toda Galicia se concentran en Santiago, e, iso fai que, despois, moita xente teña que vivir... Eu prefería que se repartisen máis os servizos públicos, pois parece que aquí ten que estar todo: a TVG, a Cidade da Cultura...

Menos mal que A Coruña pide, de vez en cando, algo para ela, pero ¡claro!, Coruña —non sei que— conseguiu o Tribunal Superior de Xustiza. En Ourense —como digo— teremos que empezar a ser igual de reivindicativos.

Pero como digo, cando se concentran esta clase de servizos en Santiago, a xente ten que poder vivir aquí. ¿Que pasa? Pois que eu vexo que desde Ourense vén todas as mañás un montón de xente. Entón claro, ese é un problema; o problema de que a xente ten que poder vivir onde traballa e non priorizar o piso como unha empresa, como se fose un hotel. E ese problema tamén ten que abordalo.

—¿Canto me queda? Un minuto e cincuenta. Pois, entón, como teño aquí varias cousas...—



Mire, unha cuestión, da cal quero falar, é da atención primaria. A atención primaria —como sabe— é un dos principais temas que preocupa a poboación; a poboación preocúpase, sobre todo, do paro, de ter traballo e da saúde. E, nese sentido, a atención primaria é fundamental, e as queixas son permanentes e ubicuas; non son casos illados, como di moitas veces, pois, cando os casos illados son moitos, a cuestión xa é estrutural.

A atención primaria —que tamén, como digo, na provincia de Ourense está especialmente necesitada de mellora— precisa de máis recursos, precisa de menos burocracia, precisa —como dicía antes— de maior planificación na provisión de prazas necesarias, de todo tipo: desde psicólogos, logopedistas, médicos etcétera. E hai outro problema moi importante na provincia de Ourense, que, ás veces, é a accesibilidade aos centros de atención primaria, ben sexa por mala cobertura do transporte público ou ben sexa por outras cuestións. Moita xente se encontra co problema da accesibilidade ao centro sanitario —que debe ser estudado— e, logo, outra cuestión fundamental é o incremento necesario de persoal neste tipo de servizo de medicina de atención primaria, sobre todo por unha cuestión fundamental, que é o tempo de atención ao cliente. A maioría da xente —como sabe vostede ben— queixase de que o médico non lle presta o suficiente tempo de atención para poder avaliar a súa doenza. E, despois, desde logo, está o incremento de persoal nese tipo de medicina para que os médicos non teñan que traballar un número de horas excesivo que faga baixar a súa calidade como facultativos. Tamén está a necesidade de investimento en saúde mental ou o problema da agresións aos médicos.

Os curas teñen unha frase en latín —aquí tiña máis cousas para dicir, pero o tempo é o que dá— que non me acordo como era, pero que, traducindo ao galego, sería: «Os sermóns longos moven os traseiros, pero non moven os corazóns»; entón, xa levo un rato aí vendo a xente moverse, o cal quere dicir que é a hora de rematar.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

E boa tarde, presidente da Xunta de Galicia, señorías, autoridades que nos acompañan nesta sesión de hoxe, representantes de colectivos sociais e representantes dos medios de comunicación, e os cidadáns que nos seguen a través de *streaming*.

Señor Rueda, dixo vostede hai un ano que non ía caer na autocompracencia. Seguro que se lembra diso. Pois desde aquela non parou, practica a autocompracencia constantemente: festa polos cen primeiros días, festa polo aniversario das eleccións, festa pola investidura...; só faltou unha verbena polo primeiro Consello da Xunta de Galicia, que ben podía ser. (*Aplausos.*)



A este ritmo, teremos que ir pensando en cambiar o día de Galicia para que non sexa o día 25 —o día de Santiago—, senón o 1 de agosto —creo—, que é o de San Alfonso. Teremos que ir pensando niso: unha festa, un festivo autonómico, por suposto, con procesión, con ofrenda floral e o himno galego que non falte.

Que está vostede encantado de coñecerse vímolos no seu último acto na Cidade da Cultura. Toda a xente de ben sentimos vergoña allea, créame; créame que tamén moita xente do seu partido. Vimos festexar os seus supostos logros nunha cerimonia case de humillación aos cidadáns alí presentes, presentando como unha esmola o que é a consecución dos verdadeiros dereitos lexítimos. (*Aplausos.*) Cústame moito imaxinar que foi o que se pasou pola súa cabeza para protagonizar unha pantomima con diñeiro de todos os galegos e as galegas. O que deixou ben claro é como se manteñen vostedes no poder. Non é nada novo, pero —creo— nese acto víronse as costuras máis claramente.

Señor Rueda, hai quen confunde a responsabilidade coa defensa dos privilexios, e iso, sinceramente, non é gobernar; iso é clasismo. (*Aplausos.*) E dígollo con toda a franqueza, a Xunta parece que empeza a parecerse máis a un réxime personalista, que a un goberno verdadeiramente democrático.

O que fixo non só o desacredita como gobernante —non só o desacredita como gobernante—; é, ademais, dun nivel de torpeza que non entendo, que non o acabo de entender, porque aos meus ollos, e aos de moita xente, quedou absolutamente espido. Galicia non deu a sensación de ter un líder á fronte, senón un home atrapado nos seus propios complexos. Vostede sabe que cando un necesita de tantos aplausos é que non fondo non hai moitas cousas polas cales aplaudir; e vostede sábeo, sábeo de sobra.

Voulle lembrar outra das súas promesas. Decía que ía ter os ollos e os oídos abertos ao mundo, pero só se entende a súa forma de gobernar se os seus ollos e os seus oídos son os da CRTVG. (*Aplausos.*) Se esa é a súa idea de escoitar, agora xa entendo que non se entere do que pasa fóra da súa burbulla. Aínda non se enterou de que está gobernando un país, non está dirixindo un *plató* de televisión. Por iso eu vou dedicar agora estes 45 minutos a falarlle de Galicia, pero non desa Galicia en tecnicolor que sae no telexornal, senón da verdadeira Galicia real; esa que vostede esconde mentres vostede fai celebracións.

De momento, só lle vou dar unha cifra: 20.660; son as galegos e os galegas —persoas reais, familias enteiras— inscritas hoxe no Rexistro Oficial da Xunta de Galicia, esperando por unha vivenda pública; 20.660 vidas en pausa, esperando e agardando a resposta que non chega, sen contar as que xa nin se molestan en apuntarse nese rexistro porque consideran que non vai ter moita utilidade; 20.660 persoas sen casa, familias sen casas, é dicir, 2.831 persoas máis que hai seis meses e dezaseis novas familias medrando nese rexistro día tras día. Ese é o ritmo da súa política de vivenda: un goteo constante de desesperanza. Por iso, señor Rueda, faga menos festas e dea máis chaves, e —insisto— non deixe que a realidade do telexornal lle tape a verdadeira realidade de Galicia.

Galicia vive nunha fonda desigualdade: as listas de agarda no Sistema sanitario medran sen freo. Máis de trescentas mil persoas esperan unha consulta. Imaxine todo o concello de Vigo



esperando por unha chamada do Servizo Galego de Saúde. Hoxe cómpre agardar dez días, doce días ou máis para unha cita no centro de saúde. Nos hospitais os tempos superan os que había antes da pandemia, e para acceder a unha consulta de saúde mental poden pasar máis de cinco meses.

Todo isto mentres os problemas se agravan. No sistema educativo, o acceso real á universidade segue dependendo das familias. As taxas non chegan porque hai que pagar desprazamentos, alugueiros, materiais... A igualdade de oportunidades non é unha realidade aquí no noso país, en Galicia.

As prazas en residencias para maiores son inalcanzables para a inmensa maioría das familias, dos salarios e das pensións, aquí, no noso país. E a mocidade, sobre todo a das familias traballadoras, vese atrapada na casa dos seus pais —¡si!, atrapada na casa dos seus pais—. En dez anos o alugueiro subiu un 60 por cento, mentres os salarios subiron un 25 por cento. Vivimos nunha sociedade que segue discriminando as mulleres polo feito de selo. Os delitos contra a violencia machista aumentaron un 17 por cento no último ano e medraron os discursos que negan esa realidade.

Esta desigualdade é simplemente inasumible, señor Rueda, e fronte a todo isto, vostede celebra, celebra e celebra. Celebra moito, ¡iso si! (*Aplausos.*) E a pregunta é: ¿que é o que celebra vostede? Acaba de festexar o seu aniversario, pero leva dezaseis anos no Goberno, e tres deles como presidente de Galicia. Hoxe dixo vostede, nesta sesión, que había que pensar en Galicia ao grande. ¡Home!, dezaseis anos no Goberno, tres como presidente, e agora imos empezar a pensar en Galicia ao grande.

Vexamos a que dedicou, en realidade, a súa acción neste Parlamento. Señor Rueda, en Galicia conviven tres grandes espazos políticos e ideolóxicos: a dereita, a esquerda e o nacionalismo. Unha pluralidade que, lonxe de ser un problema, é unha riqueza verdadeiramente democrática. Cada forza debería, polo tanto, expor as súas propostas, defender as súas ideas, e someterse ao contraste parlamentario; pero vostede, señor Rueda, non adoita facer iso, vostede simplemente non responde. Tiven ocasión, ao longo deste ano, de formularlle cuestións relevantes para Galicia; cuestións que afectan a vida das persoas e o futuro do país, e vostede, como case sempre, optou por outra vía: desviar o tema, culpar a Pedro Sánchez, ou ambas as dúas cousas ao mesmo tempo.

Voulle poñer algúns exemplos: pregunteille por política industrial e faloume de Pedro Sánchez; pregunteille por fondos europeos —só executaron o 32 por cento, segundo o último Informe do Consello de Contas—, pero vostede faloume de Pedro Sánchez; pregunteille polo sobrecusto do Hospital de Vigo, polos contratos menores, polo clientelismo..., pero vostede negou todo e mesmo puxo en dúbida os informes do Consello de Contas —unha curiosa maneira, esta, de exercer a responsabilidade institucional—; (*Aplausos.*) pregunteille pola transparencia, pola democracia, polas condenas á CRTVG..., (*Aplausos.*) e vostede díxome que todo ía ben e que Pedro Sánchez era un tirano; pregunteille pola súa falta de apoio á lingua galega, e foi vostede a Bruxelas, fixo un vídeo falando en galego —todo moi ben, postureo para as redes—, pero logo mandou votar en contra da utilización do noso idioma no Parlamento Europeo.



Por iso lle pido hoxe que apoie a resolución que presentaremos mañá para que a nosa lingua teña o recoñecemento que merece no Parlamento Europeo. *(Aplausos.)* Eu tiven a honra de defender o galego no Congreso dos Deputados, e vostede tivo a deshonra de votar en contra. Corríxao porque está en tempo aínda e gaña máis do que perde, créame.

Pregunteille polo seu modelo enerxético, e tamén falamos da prometida comercializadora pública de enerxía renovable, que nin é pública, nin é renovable, nin está operativa, pero iso si, faloume de Pedro Sánchez; falamos sobre o financiamento local, pois a Xunta debe aos concellos máis de seiscentos cincuenta millóns. Iso é o que alerta a propia Federación Galega de Municipios e Provincias. Unha débeda histórica cos municipios que asumen competencias que non son deles, senón que son da Xunta de Galicia. A súa resposta como sempre foi: Pedro Sánchez.

En política ambiental, pregunteille polo modelo de Sogama; un modelo que penaliza a Unión Europea, pero vostede dixo que todo estaba moi ben e, unha vez máis, me falou de Pedro Sánchez.

Pregunteille pola condonación da débeda e propuxemos que Galicia se acollese; propuxémosllo neste Pleno. Vostede dixo que non. O seu conselleiro nalgunha declaración dixo: «Ben, xa veremos». Non parece un modelo absolutamente de claridade.

Pregunteille pola vivenda. Criticou o Estado mentres presumía de actuacións que financia o propio Goberno central. Cuestionado pola creación dun banco público de alugueiro de vivenda, vostede respondeu cun bono de comercio. Confundimos, sen lugar a dúbidas, as ferramentas —sen lugar a dúbidas—, polo que parece.

En relación coa sanidade pública, hai grandes demoras, unha situación crítica en primaria e en saúde mental. A súa resposta foi falar da xestión do litoral e, por suposto, tamén de Pedro Sánchez.

En canto a Altri, a súa única aposta estrela no ámbito industrial, unha macrocelulosa, preguntámoslle aquí tamén, en sede parlamentaria, polos seus compromisos adquiridos con ese proxecto, pero non obtiven resposta. Iso si, fixo máis referencias a Pedro Sánchez. Hoxe tivemos, por certo, unha boa nova en Galicia, que probablemente alegre esa Galicia que vostede non quere escoitar. Dixen hai meses tamén en sede parlamentaria —e seguro que se lembra— que, se fose polo socialismo galego, ese proxecto industrial recibiría cero euros de diñeiro público porque, á vista da información que fomos coñecendo, a súa macrocelulosa non é sostible nin ambientalmente, nin economicamente, nin en termos de creación de emprego; *(Aplausos.)* polo tanto, o anuncio de hoxe —créame— non me sorprendeu en absoluto. Agora vexamos se esta boa nova —que nos aventuramos a dicir que pode salvar Galicia do grande erro que suporía a instalación desta empresa, que vostede, señor Rueda, converteu no seu proxecto político estrela— lle fai a vostede dar a cara, señor Rueda, e explicarnos por que avalou persoalmente o proxecto de Altri e por que fixo desta empresa a súa grande aposta industrial para Galicia. Tócalle a vostede —que forma parte desa gran mentira que rodea a Altri— explicar cal é exactamente a axuda que comprometeu ao proxecto, segundo vostede avanzou no seu día.



E mentres tanto Galicia, pola súa neglixencia e pola súa aposta pola política irresponsable, está perdendo o tempo e oportunidades para impulsar industrias realmente estratéxicas e cun retorno real para o noso país. O debate, señor Rueda, non é se industria si ou industria non, senón que industria si e que industria non; ese é o verdadeiro debate.

Señor Rueda, o resumo é sinxelo: durante todo un ano nós debuxamos un diagnóstico claro do noso país, pero vostede, sistematicamente, decidiu non responder.

Non parece cómodo no Parlamento, nin coas competencias da Xunta de Galicia, porque, lonxe de asumilas —as que ten xa no propio Estatuto e as que ten adquiridas—, bota balóns fóra de xeito permanente.

E si, falou moito de Pedro Sánchez durante este último ano. Quizais, eu creo que demasiado. Tanto, que xa non parece unha estratexia política que a podíamos entender; parece máis unha verdadeira obsesión. O que ten que aclarar é se a obsesión é súa ou é do seu xefe, Alberto Núñez Feijóo. (*Aplausos.*)

E, mentres tanto —insisto—, Galicia segue sen liderado. (*Aplausos.*) Como vostede está noutra cousa —quizais redactando outro balance triunfal da acción de goberno—, permítame que lle faga un breve percorrido polos desafíos que nós entendemos que Galicia ten por diante; non teño tempo, probablemente para todo, pero si irei ao cal consideramos máis relevante.

Fronte a un mundo convulso, temos un Rueda ausente. O ano 2025 comezou cunha enorme incerteza xeopolítica e económica, sen lugar a dúbidas: temos conflitos en Oriente Medio ou en Ucraína, Trump está de volta na Casa Branca, a ultradereita medrando en Europa —á cal vostedes tamén lle fan as beiras— e unha tensión crecente entre a China e os Estados Unidos.

Neste contexto, a inercia e o inmovilismo do seu goberno non parece, sen lugar a dúbidas, a mellor opción; é máis, parece e semella a peor. A súa falta de reacción fronte ás novas políticas de protección europeas ou á política arancelaria de Trump —creo— son un bo exemplo. Neste último caso Europa e o Goberno do Estado moveron ficha de xeito inmediato. Comunidades como Asturias e Cataluña tamén responderon con axilidade, pero vostede desapareceu a pesar da enorme intranquilidade dos sectores afectados e de que nese mesmo mes, nese mesmo momento e nese mesmo día lle trasladamos o noso apoio para establecer reflexións comúns sobre as medidas que cumpría adoptar ante esa situación evidentemente intranquilizadora para as nosas empresas e os nosos produtos. Por suposto, rexeitou a man tendida para falar desas cuestións. Non lle preocupaba. Ao final, tras días de insistencia, anunciou un par de medidas inconexas —ao meu xuízo— e sen impacto real.

¿E onde estaba vostede mentres? Bueno, vostede nese sentido non serve a Galicia pola súa pasividade, e —creo— xa estamos a pagar o prezo pola súa pasividade. Francamente, estamos ante un goberno sen pulo e ante un presidente á fronte sen ambición na defensa inmediata de Galicia.



Na economía, Galicia tamén quedou atrás. Hoxe España medra e é un referente no conxunto de Europa, pero Galicia apenas aproveita esa onda. Crecemos, pero case un trinta por cento menos que o resto do Estado. Tamén nos datos da EPA e nos datos do paro reflíctese o menor crecemento en relación co noso país; é dicir, mentres o país avanza con forza, aquí seguimos a un ritmo moito máis lento. E, o que é máis grave, esa brecha non é só estatística, senón que está afectando as persoas, especialmente a nosa mocidade máis formada que marcha porque aquí non atopa un futuro. E necesita solucións, e non, señor Rueda, brindes ao sol.

Polo tanto, ¿que é o que tanto celebra?; ¿que Galicia vai máis lenta, que perde talento e que vai quedando atrás? ¿Ten vostede un modelo produtivo claro para o noso país? Porque, mire, hai unha Galicia que é puxante, sen lugar a dúbidas, e que precisa dun goberno máis activo e non da parálise e da falta de interese por gobernar, señor Rueda. Eu creo nun modelo produtivo de país que se fundamente no coñecemento e na innovación; para aí deberíamos ir, pero ¿sabe vostede canto se inviste en investigación? Voulle dar algún dato: Galicia destina menos orzamento á investigación universitaria que á CRTVG, polo que a conclusión é clara: priorízase máis a propaganda que o coñecemento. (*Aplausos.*)

E se miramos para a investigación sanitaria, a situación é preocupante. Vostede acaba de reducir o orzamento, neste ano, un dez por cento, deixándoo en 23 millóns. Eu creo que, ademais, non se trata, nese sentido —é certo que se incrementaron as partidas para o Xacobeo—, de elixir entre cultura e saúde, senón que se se trata de que quen goberna decide que pensar e investigar pode resultar perigoso; e iso si que debe ser preocupante.

Mentres vostede se dedica a celebrar, Galicia leva máis dunha década sufrindo unha fuga de centos de investigadores e de investigadoras, profesionais de altísimo nivel, moitos mozos e mozas que hoxe nos observan desde outras comunidades e desde o estranxeiro, onde, por certo, lles abren as portas; onde se inviste de verdade en coñecemento porque saben que é unha decisión intelixente.

E este —creo— non é un problema illado, senón que está directamente ligado a outro drama que vivimos en Galicia, que é o drama demográfico. O saldo migratorio en Galicia é profundamente preocupante, en número, si, pero, sobre todo en calidade. Perdemos un capital valioso que marchou porque aquí consideraba que non tiña un futuro e que Galicia non era unha terra de oportunidades. Hoxe moitas destas persoas están creando familias fóra, cada vez é máis difícil que retornen. Vostede igual pensa que o saldo migratorio se contabiliza cos turistas, pero non; de momento, en Galicia só crece pola inmigración, esa que tan poucos apoios recibe do Partido Popular. (*Aplausos.*) Hai que preguntarse canta xente marcha, pero tamén quen son os que marchan. Necesitamos transformar as políticas para traer de volta o talento galego e para que poida ser o motor da Galicia que todos queremos, estou seguro.

A transición enerxética non é unha opción, senón unha obriga e unha oportunidade na loita contra a emerxencia climática e tamén para elevar, ademais, a nosa competitividade industrial e para deixar de depender de terceiros países. Galicia ten potencial para ser un referente e vostede deulle as costas. Galicia importa o 75 por cento da súa enerxía e, ¿sabe de onde vén? De recursos de fóra e de recursos fósiles. A metade do que consumimos é petróleo e, aínda que no *mix* enerxético teñan un bo peso as renovables, a electricidade representa só



un 22 por cento do consumo total de enerxía. É imprescindible apostar claramente polas enerxías limpas e renovables. Temos vento, temos auga (*Unha señora deputada: ¡Home!*) e empezamos a ter sol agora tamén; (*Risos.*) (*Murmurios.*) así que, eu creo que temos futuro.

E, mentres tanto, ¿que foi o que fixo o Partido Popular durante estes últimos anos? Parar o desenvolvemento das renovables, especialmente da eólica, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) pola falta de planificación, mentres outras comunidades autónomas converteron isto nunha oportunidade e nun motor industrial. (*Aplausos.*)

Hai dezaseis anos de historia en todo isto; dezaseis anos de historia política do Goberno. Prometeron unha comercializadora pública de enerxía, unha opaca sociedade de Recursos, que ía abaratar, por certo, a enerxía a todo o mundo, a todos os galegos e a todas as galegas; xa o estamos percibindo nos recibos da luz de todos os galegos e as galegas. E disfrazada como proxecto estratéxico unha macrocelulosa, a de Altri, que Galicia nin pediu —créame— nin necesita. Non se trata de inventar nada novo, temos potencial para apostar pola eólica terrestre, pola mariña, polo hidróxeno verde e polo biometano, pero falla a planificación e, sobre todo, a vontade política. Sen ela, señor Rueda, a transición será algo que nos pase por riba e non algo que sexamos capaces de liderar como país.

Se falamos en serio de emerxencia climática hai tamén que comezar polas casas, polas nosas casas. Galicia precisa electrificar o consumo, pero vostede, que ten competencias na materia, deixou pasar as oportunidades. Puido exixir máis vehículos eléctricos ou híbridos no Plan de mobilidade, pero non o fixo. Seguimos cun parque de vivenda infrautilizado, ineficiente e contaminante, e non estamos a impulsar comunidades enerxéticas locais, é dicir, un modelo de proximidade democrático e sostible.

De liderado tamén precisa o sector primario. Debemos, sen lugar a dúbidas, protexer e abrazar este país anfíbio, como do que fala sempre Manuel Rivas; ese país que mestura mar e terra entre si e se identifica con ambas as partes. Temos un sector primario que vostede abandonou, señor Rueda. No mar vivimos un declive no marisqueo que vostede observa, desde o noso punto de vista, sen actuar; o que noutrora foi unha fonte de riqueza inesgotable, hoxe produce incerteza. Debemos intervir decididamente en sanear as rías, en mellorar a semente de calidade e en protexer os traballadores e as traballadoras —e non gastar esforzos en enfrontalos—. Galicia debe ter máis protagonismo no eido europeo e vostede debe vixiar os seus amigos, como Milei na Arxentina, para que non volvan ameazar a nosa frota. Hai que ter acción, señor Rueda, hai que ter acción.

Tamén temos que volver mirar para a terra. Protexer as explotacións familiares non é só unha cuestión económica, senón que é defender un equilibrio entre o urbano e o rural. Son elas as que sosteñen verdadeiramente o territorio: xeran riqueza, crean emprego e manteñen os servizos abertos onde outros só ven números vermellos. Por iso é urxente recuperar a idea e o proxecto do Grupo Lácteo Galego, que vostedes deixaron caer, e que permitiría garantir mellores prezos, uns prezos máis xustos para o leite, pero tamén afondar na transformación do sector e de gañar en valor engadido. En canto ao relevo xeracional, é o maior desafío, sen dúbida, que temos por diante no agro, pero vostedes seguiron sen facer nada que fose verdadeiramente eficaz. Nós, en cambio, propuxemos accións concretas. Por certo,



está a defensa do consumo de produtos de alimentación de proximidade e de tempada no sector público, que conseguimos que se aprobase aquí, no Parlamento, cun acordo que debería contar co seu apoio entusiasta, máis que cun voto case obrigado.

En canto ao financiamento, no día de hoxe, señor Rueda, entramos nun tempo de reforma do sistema de financiamento autonómico, e Galicia debe estar aí para defender con firmeza as súas necesidades. A dispersión e o avellentamento son realidades singulares que encarecen a nosa prestación de servizos públicos, sen dúbida ningunha, e deben ser recoñecidas na repartición de recursos, como, por certo, xa está contemplado na proposta de condonación da débeda, con 4.010 millóns de euros para o noso país, para Galicia; unha proposta que facemos os socialistas e que é moito máis ambiciosa do que fixo nunca calquera outro grupo político nesta Cámara ou nas Cortes Xerais. *(Aplausos.)*

Outras comunidades van solicitar a condonación, e Galicia —eu creo— debería facelo tamén. Vostede sabe perfectamente que, cun novo modelo de financiamento e coa quitación da débeda, Galicia disporía de máis recursos, e, malia así, segue renunciando a ela —eu creo que, insisto—por unha actitude submisa —creo— con Alberto Núñez Feijóo, co seu partido, en Madrid, a nivel estatal. Non me estraña que, ante decisións —eu considero— tan negligentes e ante a súa falta de ambición para o noso país, teña que convocar eses actos de autobombo, un día si e outro tamén. Creo que, ao mesmo tempo, cómpre falar de ampliar a nosa autonomía fiscal; con responsabilidade. Podemos e debemos xestionar máis impostos sen saír do modelo común; consideramos nós —e xa é público e notorio e foi falado nesta Cámara— que se trataría dunha idea errática saír fóra dese modelo, ademais de insolidaria. Ofrecemos solidariedade e damos solidariedade, pero reforzando o noso auto-goberno, ao cal vostede se nega. *(Aplausos.)*

Pero tamén hai que mirar cara a dentro —hai que mirar cara a dentro— no financiamento e falar de coxestionar os fondos cos concellos. Tamén son administracións públicas, señor Rueda, os concellos. Vostede mira para os concellos e ve inimigos, agás os que son do seu partido, pero non todos. Ve o Partido Socialista gobernando en moitos concellos de Galicia e parece que lle produce urticaria, pero o que hai detrás non é política de partido, senón servizos públicos —servizos públicos— para a cidadanía, e vostede está fallando a esa cidadanía. *(Aplausos.)* Escoite os concellos, señor Rueda, e cumpra; escoite e cumpra cos concellos. *(Aplausos.)* Falamos de servizos como o de axuda no fogar; falamos das obras en centros educativos e en centros infantís; falamos do abastecemento, do saneamento ou de políticas sociais como a dependencia. Son numerosos os servizos públicos que vostede está infrafinanciado ou deixando só nas mans dos municipios, sen ser deles esas competencias. Estamos falando tamén de cultura, porque vostedes están centrados, é verdade, nalgúns grandes actos —niso vese que son expertos—, pero, logo, regatea en orzamentos para a cultura noutros ámbitos, cando todos sabemos que os grandes programadores culturais deste país son verdadeiramente os concellos. A cultura é un dereito e o seu goberno está tamén fallando aquí á cidadanía.

Por todo isto, traemos unha proposta concreta a este debate: pechar un pacto local coa creación dun sistema aberto, transparente e xusto de distribución de fondos públicos. *(Aplausos.)* Fronte a ese modelo do dedazo, que premia os alcaldes e as alcaldesas do Partido Popular e



penaliza o resto, propoñemos un plan único para os concellos, con criterios claros, con criterios transparentes, con baremos obxectivos, por certo, e con que os concellos decidan o seu destino sen tutelas, e, sobre todo, co cal non faga falta presentar o carné do Partido Popular para obter a colaboración da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Ese é o camiño: máis xustiza, máis igualdade e máis respecto institucional, señor Rueda.

Propoñemos máis igualdade tamén nas infraestruturas. Hoxe, os galegos e as galegas contan con bonificacións de ata o 75 por cento na AP-9 e na AP-53, e iso —créame— non lles é grazas ao Partido Popular. ¡Non, non!, iso é grazas ao traballo do Partido Socialista; ese partido que trouxo a Galicia esas bonificacións. A AP-9 podería ser pública e gratuíta, pero non o é pola prorroga de José María Aznar, presidente do Goberno e membro do Partido Popular. Esa prórroga que regalou á concesionaria; unha prórroga, por certo, sobre a cal Europa aínda ten que determinar se foi ou se non foi legal. Estaría ben ter en conta estas cuestións antes de entrar en determinadas valoracións económicas sobre o rescate —paréceme a min—. E da AP-53 é mellor non falar —jou si!—. O Partido Popular deixounos unha das autoestradas máis caras e de concesión máis longa de todo o Estado. Esa é a súa herdanza, a do seu partido. Hoxe seguimos pagando esas autoestradas, pero pagamos menos porque o Partido Socialista defendeu as bonificacións, cando vostedes, por certo, miraban para outro lado. (*Aplausos.*) E imos seguir nese camiño —nese camiño— con tres obxectivos claros: autoestradas gratuítas, autoestradas públicas e autoestradas galegas. Estamos nese camiño, no camiño da gratuidade. Xa estamos máis cerca, por certo, e imos continuar. Xa que falamos de bonificar peaxes, ¿que pasa coas autoestradas galegas? ¿Non sería lóxico aplicar aquí o mesmo que reclamamos ao Estado? A coherencia, señor Rueda, é facer en Galicia o que pedimos a Madrid, ou ¿cre realmente que as persoas de Bergantiños ou do Valmiñor valen menos que as de Santiago ou as de Lalín?

En canto ao transporte público, o seu expediente tampouco é para presumir. A chegada do AVE a Galicia foi posible tamén grazas a un Goberno non da súa cor, senón da outra cor, da do Partido Socialista. Tamén, por certo, a chegada dos abonos de media distancia e gratuítos, que revolucionaron —coincidirá comigo— o transporte entre cidades galegas. E vostede segue sen poñer unha rede por estrada que complementa a do tren. Non hai nin colaboración nin planificación, e os retos seguen aí: conectar mellor, sen lugar a dúbidas, Lugo co resto de Galicia; resolver o histórico illamento de Ferrol; e avanzar para as incorporacións das cercanías ferroviarias. Pero nada diso parece importar ao seu goberno. «Só nos preocupa a competencia con Portugal». Escoitáballo hoxe pola mañá, sobre que, efectivamente, debe ser vostede o único galego ou galega que non se dá conta de que a revisión do Plan de obras ferroviario de Portugal non lle vai permitir chegar en tempo a esa cita de 2030. ¡España, si! (*Aplausos.*) Pero —xa digo— nada diso parece importarlle.

E a Galicia fáiselle longa a espera, como se fai longa a espera á mocidade en Galicia. Unha mocidade que sofre e que leva anos escoitando promesas e promesas; pero as promesas por si soas non dan traballo, non pagan alugueiros e non evitan que un teña que marchar na procura dun futuro mellor. Esa é a realidade: contratos precarios, alugueiros imposibles e a sensación de que para moitos mozos e mozas Galicia non conta para elas. Vostede, señor Rueda, fala moito de oportunidades, pero sen políticas de emprego dignas, sen acceso á venda, sen formación axeitada..., é difícil falar de futuro. Estamos creando unha xeración



de mozos e de mozas traballadores pero pobres e —creo— isto debería fixar moito a súa atención. Mentres vostede saca peito, a mocidade colle as maletas e vaise fóra de Galicia. Desde o Partido Socialista, propuxémoslle e volvémoslle propoñer hoxe un plan de primeira oportunidade, con incentivos para que quen queira traballar e vivir aquí poida facelo sen trampas e sen letra pequena, porque non estamos a falar dun problema, senón dunha prioridade. Se Galicia quere futuro, terá que contar coa súa mocidade, se non, señor Rueda, simplemente non haberá futuro.

Se hai un ámbito, no cal se perciben con toda crueza as desigualdades, señor Rueda, é no acceso aos dereitos porque en Galicia os dereitos existen no papel, pero, moitas veces, non chegan á vida real, e iso, señor Rueda, é o que marca a diferenza entre gobernar ou simplemente administrar. A vivenda é hoxe o maior factor de desigualdade xeracional e de clase no noso país; un muro cada vez máis alto que xeracións enteiras non poden nin soñar con saltar. Galicia acaba de bater outro récord histórico no prezo da compravenda. A suba ronda o 5 por cento, e só nun ano; os alugueiros —como dicía antes— subiron un 60 por cento na última década; e os salarios, a pesar das subidas do salario mínimo interprofesional, medraron menos dun 25 por cento. Agora si, agora dáse conta vostede, despois de dezaseis anos, de que efectivamente, hai que construír vivenda pública; pero iso non aparece da noite para a mañá, porque, a pesar de que o Estado tamén vai poñer cartos para a construción de vivenda pública, teremos que construíla, e, por tanto, iso antóllasenos para longo prazo. E o problema é hoxe, señor Rueda; ese é o problema, hoxe, o problema da vivenda. Hoxe temos un problema.

Nós propuxemos e propoñemos unha medida inmediata, o Banco Público de Alugueiro, para que este entre no mercado e que permita mobilizar ao redor de cinco mil vivendas baleiras, con alugueiros que non superen o 30 por cento da renda; con seguridade, para quen aluga, no pago e no coidado da súa vivenda, pero con dignidade para quen busca unha casa. (*Aplausos.*) O custo sería de 40 millóns de euros. ¡Oia!, fíxese, un un por cento do que representa a condonación da débeda presentada e apoiada polo Goberno de España —o un por cento da condonación da débeda—. ¿Vaise dando conta xa das claves da xestión e de por onde deben ir as cuestións máis axeitadas? E mentres vostede boicotea as zonas tensionadas, a Coruña, Vigo ou a pequena Illa de Arousa responden e actúan. Vostede bloquea, pero non esqueza que a competencia e a responsabilidade non lle é de Pedro Sánchez, senón da Xunta de Galicia, e, por tanto, súa.

Tamén falta control sobre a vivenda turística. Faltan fondos para a rehabilitación do noso patrimonio inmobiliario e falta vontade política para garantir calidade e para combater a infravivenda; ese tamén debería ser un obxectivo do Goberno: combater a infravivenda, pero vostede prefire mirar para outro lado.

A sanidade é outro dos grandes problemas que, sen dúbida, ten Galicia. Hai pouco díxenllo: o sistema sanitario ten déficits graves. Temos probablemente o mellor dos sistemas sanitarios, pero os profesionais e os pacientes identifican que, hoxe, temos esperas inasumibles. Os servizos están saturados, sen direccións que poñan orde nin solucións enriba da mesa. A lista de espera está disparada e as cifras oficiais trucadas. A realidade, polo que parece, é ben distinta: esperas hospitalarias por riba dos niveis de prepandemia; atención primaria



desbordada, froito, por certo, de anos de abandono desa atención primaria; rede de saúde mental débil, sen modelo e sen rumbo. Está rexistrada neste Parlamento, desde hai uns días, unha proposta do Partido Socialista: unha modificación legal que nós propuxemos, e sobre a cal —creo—, ademais, deberían sensatamente valorar o seu apoio. A Lei de garantías establece uns tempos máximos de espera no ámbito hospitalario, por tanto, ¿por que non tamén no ámbito da atención primaria? Eu creo que é posible garantir unha atención sanitaria en 48 horas, incorporando máis profesionais de moitas especialidades: fisioterapeutas, moitas máis enfermeiras e profesionais doutras profesións, como suman, por certo, noutras comunidades autónomas, pero iso non o fai Galicia. Hai profesionais dispoñibles, pero hai pacientes agardando, señor Rueda. ¿Que falta? Pois falta decisión política.

En saúde mental, son máis de cinco meses para unha primeira consulta. Ir ao psicólogo aquí, en Galicia, hoxe significa ir a unha clínica privada, e —creo— non debe ser así nin pode ser así, señor Rueda. Tamén hai que optimizar, sen lugar a dúbida, os hospitais —sen lugar a dúbida—, e, sobre todo, garantir que non exista unha sanidade de dúas velocidades, porque hoxe non é o mesmo ser atendido en Abadín que ser atendido en Burela, como non é o mesmo ser atendido en Burela que ser atendido en Lugo, por poñer un exemplo. Debemos, señor Rueda, facelo mellor. Hai milleiros de galegos e de galegas agardando por unha cita. E a pregunta, despois de todo isto é, se segue vostede pensando que estamos para celebrar algo.

A igualdade, señor Rueda, non é un acto de un día ao ano. É o dereito de calquera muller a vivir sen medo, a ser escoitada, a contar con apoios reais cando os necesita; (*Aplausos.*) pero hoxe, señor Rueda, en Galicia, iso non está desgraciadamente garantido. A realidade é outra: casas de acollida sen medios suficientes; centros de información á muller desbordados; e as entidades que levan anos traballando pola igualdade están quedando soas. Mentres tanto, vostede renuncia a exercer o seu papel e o seu partido pacta con negacionistas da violencia de xénero; iso tamén é violencia institucional, señor Rueda. (*Aplausos.*) Nós, as e os socialistas, temos clara unha cousa: a igualdade non se negocia, non é un extra, non é un slogan; é unha obriga democrática e social, e require o que non hai agora, é dicir, vontade política, recursos e políticas correctas, porque Galicia, señor Rueda, non pode retroceder e porque as mulleres deste país non o merecen. É unha cuestión de com-pro-mi-so, señor Rueda, de compromiso. (*Aplausos.*)

Se quere saber como está o sistema educativo, non mire os números que lle pasan. Mire para as familias que piden inclusión. Atenda os docentes, que, por todo o país, reclaman competencias e recursos. Mire para as universidades, pedindo renovación de cadros. Mire para os investigadores galegos que triunfan fóra porque aquí non tiveron o seu espazo ou o seu momento. Moitos marcharon e outros seguen; outros seguen, e financiando eles mesmos os seus proxectos. Iso é o que vostede ofrece a quen pode construír o futuro deste país. Está a hipotecar —desde o noso punto de vista— o que non é seu: o porvir de Galicia.

En canto a política social, falemos das residencias. Galicia ten hoxe tres prazas por cada cen maiores de 65 anos; a media estatal está ao redor dun trinta por cento por enriba. Faltan 8.000 prazas, señor Rueda, e vostede sábeo. O modelo fracasou e a pandemia só fixo visible un problema que nós levamos anos advertindo: que o modelo de residencias que vostedes aplicaron foi un fracaso, en número e en forma. Empresas que recortan, que maltratan de-



reitos laborais, que priorizan o beneficio económico sobre os coidados... Iso é o que vostedes permiten día a día. *(A conselleira de Política Social e Igualdade, García Martínez, nega coa cabeza.)* Mentres os nosos maiores poidan estar na casa, debemos, sen lugar a dúbidas, facer o esforzo para que así sexa, pero chegan momentos en que esa situación non é posible. Necesitamos un modelo de centros pequenos distribuídos por todo o territorio, que permitan as persoas vivir preto da súa contorna. Impulsámolo en Lugo —créame— e funciona; é un sistema que funciona. Enviar alguén a douscentos quilómetros fóra do seu fogar non é un servizo; é un abandono. *(Aplausos.)*

Cremos tamén nun maior investimento en dependencia; máis investimento, máis investimento en dependencia, señor Rueda, ámbito en que a Xunta non cumpre o que debe. Permítame outro dato: desde a pandemia, o Goberno de España aumentou un 138 por cento as partidas para a dependencia —desde a pandemia—; este Goberno autonómico reduciunas nun 6 por cento, segundo os seus propios orzamentos. Con iso —creo—, queda todo dito. E vostedes, de celebración, ¡claro!

A nosa memoria histórica é a súa desmemoria, señor Rueda. Mentres outros territorios avanza na recuperación da memoria histórica, en Galicia vostedes seguen instalados no esquecemento e, ás veces, na complicidade. Pois si, aínda que o neguen no Parlamento de Galicia, en Galicia tamén tivemos ditadura, e houbo vítimas e houbo represión. Levamos anos pedindo que se faga nada máis que o que é de xustiza, é dicir, recuperar a memoria, dignificar as vítimas, abrir as fosas, apoiar as asociacións que traballan arreo, por certo, só cunha axuda: a do Goberno central; pero pola súa banda, só existe un silencio cómodo e institucionalizado. Miran para outro lado e isto non é por casualidade. Non queren, porque recuperar a memoria supón recoñecer que houbo quen loitou pola liberdade e os que hoxe están a gobernar herdando esa outra historia, da cal nunca queren falar. *(Murmurios.) (Aplausos.)* —¡Si, si!— *(Murmurios.)* No se trata de reabrir feridas, senón de pechallas e de pechallas ben: con verdade, con reparación, con respecto, con xustiza... É unha débeda democrática que Galicia aínda ten pendente, señor Rueda. ¿Vai vostede seguir apostando pola desmemoria ou vai aprobar unha lei de memoria democrática aquí, en Galicia? Vou rematando. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se quixésemos, señor Rueda, poderíamos pasar todo o día falando das desigualdades que provoca a súa falta de ambición política, a súa falta de liderado e a súa pasividade, en definitiva. Créame que sería unha conversa longa. Galicia avanzou —claro que si—, pero moitos deses avances non naceron da acción do seu goberno, senón da forza dunha sociedade que empurra, que traballa e que resiste. Unha Galicia que cada día se levanta tentando ser mellor e que se move —non porque vostede a lidere, senón a pesar da inercia do seu goberno, sen rumbo e sen iniciativa—, porque aí fóra hai un país que non encaixa na Galicia submisiva que vostedes desexan; hai unha Galicia viva, moderna e decidida. Hai un pobo con mans e cabeza para chegar onde queira. Fáltalle —iso si— un goberno á súa altura, e iso, hoxe, desgraciadamente non o ten.

Hai que facer política con sentido, con reflexión e con propostas que sexan ambiciosas pero realistas, transformadoras, pero pegadas á realidade; unha política sen *slogans* baleiros. Nós, as e os socialistas, non estamos aquí para levarlle a contraria —créame—, señor Rueda; es-



tamos aquí para construír unha alternativa e, tras ela, gobernar, gobernar para transformar. E sabemos que non é fácil. Ás veces, en tempos de ruído e de simplificación, custa defender determinados criterios, é dicir, a responsabilidade e o sentido común; pero é a nosa forma de entender o servizo público e tamén é a nosa responsabilidade con este país. Vostedes serán os primeiros —ao mellor, espero que non—, pero non os únicos, en intentar ridiculizar esta política; pero iso, señor Rueda, é porque sabe que estamos no certo.

Déixeme dicirlle algo en que creo profundamente: a política útil non é fácil, pero a política fácil case nunca é útil. (*Aplausos.*) Por iso, fronte a esa Galicia das desigualdades que vostede mantén, nós ofrecemos outra visión, outro camiño e outras propostas, porque non estamos para celebrar grandes éxitos, senón que estamos para facer o traballo que hai que facer e, porque por riba de todo, señor Rueda, é posible.

Creo nunha Galicia mellor; temos dereito a unha Galicia mellor; e —creo— merecemos todos e todas unha Galicia mellor.

Moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Galegos e galegas, persoas que nos seguen desde a tribuna do Parlamento, representantes dos medios de comunicación, deputados e deputadas.

Señor Rueda, antes de que sexa dbesteiroemasiado tarde, queremos recordar a todos que «a guerra sempre deixa un mundo peor do que atopou. A guerra é un fracaso da política e da humanidade». Estas son palabras do finado Papa Francisco e quero facelas miñas porque coincido ao cen por cento. A guerra é un fracaso e sempre deixa un mundo peor.

Por iso, síntome orgullosa de que o BNG estea do lado correcto da historia: do lado da paz, do antiimperialismo e da defensa da igualdade e da soberanía dos pobos. (*Aplausos.*) Facémolo sabendo que queren impoñer un pensamento único e demonizar quen pensa diferente, neste caso, atacando o pacifismo fronte a ese belicismo que persegue un brutal incremento do gasto militar. E que ninguén se leve a enganar: máis gasto militar significa menos sanidade, menos educación e menos pensións; (*Aplausos.*) esa é a realidade. ¿Como queren xustificar esta carreira armamentística? Como sempre: acudindo ao medo e á mentira. Así empezou a guerra de Iraq e así empezan todas as guerras.

Denunciamos, ademais, a hipocrisía dunha Unión Europea que nos fala da defensa da soberanía e do dereito internacional, no caso de Ucraína, pero que mira obscenamente para outro lado ante o xenocidio do pobo palestino. (*Aplausos.*) A mesma hipocrisía, señorías, de quen, na crise de 2008, impuxo a disciplina fiscal e apertou o cinto cando se trataba de salvar as persoas que o perderon todo, pero que agora rompe a disciplina para comprar bombas e mí-



siles, e todo para xustificar o inxustificable: unha escalada bélica que traerá máis inseguridade e recorte de liberdades. Por iso, unha vez máis, nós dicimos: «¡non no noso nome!». (Aplausos.)

Porque sabemos tamén que detrás deses conflitos hai interese xeopolíticos. A guerra comercial é a resposta dos Estados Unidos a un mundo cada vez máis multipolar e ao avance da China e, no medio, temos unha Unión Europea subordinada a Washington, como demostra coa súa submisión á OTAN ou na súa resposta ante os aranceis. Non é o que nos gustaría, pero desde logo, é o contexto en que temos que actuar; un contexto complexo e convulso, no cal os cambios se aceleran. Un mundo onde impera cada vez máis a política de palabras ocas; onde o que se di non ten ningún valor; e onde a propaganda substitúe os principios.

Así é como se entende que, neste Parlamento, un presidente, sen poñerse colorado, dixera, diante de todos e de todas nós, hai un ano: «Non esperen de min que responda a ningún interese que non sexa o interese de Galiza». Son palabras ocas e propaganda para enmascarar, señor Rueda, que vostede é o presidente máis antigalego e desleal da historia. (Aplausos.)

¡Si!, porque os seus feitos, señor Rueda, falan máis do que as súas palabras. O seu proxecto de goberno consiste en vender Galiza a prezo de saldo. ¿Cre realmente que vostede foi elixido para encher os petos das empresas amigas?; ¿cre realmente que foi elixido para poñer o interese duns poucos por riba da vida dos galegos e das galegas? ¡Ninguén!, absolutamente ninguén, o elixiu para iso, porque o resultado das urnas non é un cheque en branco para traizoar os galegos e as galegas. Hai algo, señor Rueda, que as urnas nunca lle deron, pero que tampouco nunca lle darán: o dereito a gobernar en contra de Galiza, (Aplausos.) que é exactamente o que está facendo; e iso é imperdoable.

Vostede proclamouse servidor de Galiza, pero realmente é servidor de Altri; é servidor dos que queren facer negocio coa sanidade; é servidor das eléctricas; é servidor dos que fan negocio coa vellez; é servidor das empresas amigas e de familiares do Partido Popular, aos cales rega con contratos a dedo. E voulle poñer un exemplo: 1.600 contratos a dedo, por valor de sete millóns de euros, para a empresa que dirixe en Galiza a irmá do seu xefe, o señor Feijóo. Ese é o seu plan de dixitalización. Señor Rueda, vostede non serve a Galiza, vostede sérvese de Galiza. (Aplausos.)

E as consecuencias do seu goberno antigalego e desleal son nefastas para o país. A pregunta clave neste debate do estado da nación é: ¿está Galiza mellor tras dezaseis anos de gobernos do Partido Popular? Hai un dato demoledor que responde a esta cuestión: mentres no Estado a poboación medrou en máis de 2 millóns de habitantes, en Galiza, co seu goberno, perdemos 90.000. A imaxe que nos devolve este dato é a dunha Galiza paralizada, estancada e arrastrada por un Goberno do Partido Popular sen proxecto, que conduce co freo de man posto; que desperdicia o potencial e a riqueza do país; ou, aínda peor, que a malvende ao mellor postor.

A conclusión é que temos un Goberno antigalego e desleal que fai que Galiza perda, cando ten todo para gañar.



Pero é que é normal que Galiza perda cando o seu Goberno en materia industrial ten unha única máxima: gobernar a favor das multinacionais, dos grandes *lobbys* eléctricos, mineiro e forestal.

O seu Goberno é unha auténtica máquina de producir normas que desprotexen as persoas, o territorio e o medio ambiente. Si, e como bos virtuosos da propaganda, intentan poñerlle a etiqueta verde, ¿non?, o *greenwashing*, nin máis nin menos que a unha macrocelulosa, o mesmo que fan coa megaminería contaminante ou o espolio eólico.

Vostede, señor Rueda, é incapaz de conseguir nin un só proxecto tecnolóxico de futuro e de vangarda, só trae para Galiza os proxectos contaminantes que os demais non queren, máis propios do franquismo industrial que dunha Galiza do século XXI. (*Aplausos.*)

O último exemplo vémosto na mina de Doade. Queren extraer litio para as baterías de coches. Pero resulta que a fábrica de baterías vai para Zaragoza, onde creará 4.000 empregos. E, para completar a foto, resulta que a empresa que quere explotar ese litio tamén ten as súas oficinas centrais en Zaragoza. É dicir, para Galiza: espolio, destrución e contaminación; para outros: emprego, tecnoloxía e produción. Ese é o resultado de gobernar contra Galiza, señor Rueda. (*Aplausos.*)

Un presidente que pensara en grande o mínimo que faría sería exixir que as baterías que se van facer co litio galego se fixeran en Galiza. Pero vostede non, a vostede faltoulle tempo, si, si, para recibir os promotores e bendicir o mesmo proxecto que en 2020 se rexeitou polo impacto ambiental. Pero a vostede iso ¡que máis lle dá!, ¡que máis lle dá! Si, si, si, si, xa terá tempo de nomear a dedo outro cargo político que lle faga a declaración de impacto ambiental favorable, como fixo con Altri. ¡Que máis lle dá! (*Aplausos.*)

Altri é o paradigma de como vostede goberna en contra de Galiza desde a deslealdade máis absoluta. A un lado, temos unha empresa portuguesa que quere colocar unha bomba ambiental no corazón do rural deste país. Ao outro lado, a xente da comarca de Arzúa-Ulloa, con 4.000 empregos directos e os 19.000 empregos directos que hai na ría de Arousa, que recibirá a auga do Ulla contaminada pola celulosa. Eu creo que non fai falta ser un experto en bioloxía mariña para poder deducir os efectos negativos que vai ter nunha ría cuxa produtividade xa está en caída libre.

¿E de que lado se pon o señor Rueda? ¿Do lado de Galiza, do lado da xente do rural e do mar? Non, non, non. Vostede sempre en contra de Galiza, porque é o presidente máis desleal da historia. (*Aplausos.*)

Vostede elixe ser comercial de Altri, que, ademais, señorías, fíxense, ten como socio Greenalia, a empresa na que está recolocada a súa compañeira de partido e exconselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato. Outra vez as portas xiratorias do Partido Popular perfectamente engraxadas. Aquí non fallan.

¿A alguén lle sorprende, señorías, que unha exministra como Isabel Tocino ou un exconselleiro de Medio Ambiente como Carlos del Álamo estiveran no Consello de Administración



de Ence? ¿A alguén lle sorprende que Navigator, outra empresa do lobby do eucalipto, acabe de fichar o exdirector de Conservación da Natureza, Ricardo García Borregón? ¿Non nos sorprende, verdade? ¿Cal será a próxima porta xiratoria? ¿Algún director xeral, algunha conselleira ou será a súa, señor Rueda? (Aplausos.)

Méritos está facendo, jeh! Leva meses peregrinando de porta en porta por Madrid e Bruxelas, petando para que lle dean a Altri 250 millóns de euros de axudas públicas para que contamine o río Ulla e a ría de Arousa.

Mire, se adicara o dez por cento dese esforzo ás pemes e aos autónomos deste país, mellor nos iría, señor Rueda, moito mellor. (Aplausos.) Pero fágolle, ademais, unha proposta, fágolle unha proposta: desactive esa bomba industrial e traballemos xuntos para que haxa 250 millóns de euros que veñan a Galiza para sanear o río Ulla, para rexenerar a ría de Arousa, para apoiar pemes e autónomos e para apoiar os nosos sectores produtivos. Porque iso si que é un proxecto tractor, señor Rueda. Iso, señor Rueda, si que sería pensar en grande.

Megaminaría contaminante, macrocelulosas e a súa gran terceira proposta industrial é favorecer o espolio das eléctricas, por terra e por mar. ¿Por que tanto empeño en reducir Galiza a unha colonia das multinacionais, señor Rueda?, ¿por que? A este paso xa o último que lles falta é poñer un cartel: Galiza, véndese.

E os datos demostran que a súa estratexia de vender Galiza é nefasta. O sector industrial perdeu peso no PIB; perdeu 31.700 empregos entre 2008 e 2024.

En contraposición, señorías, a alternativa industrial do BNG consiste en algo moi simple: poñer a riqueza do país ao servizo do país, con iniciativas novidosas, como un fondo soberano Nova Galiza Innovadora, que nos permita mobilizar 1.200 millóns de euros até o ano 2030 para investimentos estratéxicos, apostando pola ciencia, incrementando o gasto en I+D+i até o 2,5 por cento do PIB. E, en materia enerxética, frear o espolio, crear unha empresa pública de enerxía, unha tarifa eléctrica galega e recuperar as concesións hidráulicas a medida que caduquen. É que é unha cuestión de sentido común: a enerxía de Galiza, ao servizo de Galiza. (Aplausos.)

E se nos últimos anos algo aprendemos é que producir alimentos é estratéxico, pero con vostedes o sector pesqueiro e agrogandeiro cada vez teñen máis dificultades para saír adiante.

Somos unha nación pesqueira, pero en 2024 Galiza rexistrou a maior caída do emprego da súa historia, afectando a todas as actividades extractivas sen excepción. Foi tamén un mal ano en canto ás vendas en lonxa, en concreto, señor Rueda, o peor dos últimos vinte e cinco anos. Está afogando o sector, pero presenta como medida estrela un bono de 50 euros para comprar peixe. ¿Que peixe, señor Rueda? ¿O que veña conxelado desde China en contedores, cando vostede termine de arruinar o noso mar coa contaminación de Altri? (Aplausos.)

Sexa serio, sexa serio. Se quere axudar o sector da pesca, empece por coidar as nosas rías, que teñen a produtividade en caída libre tras décadas esperando unha rexeneración integral



que nunca chega; ao contrario, o que lle está facendo o Partido Popular é darlles a puntilla coa contaminación con novas verteduras de macrocelulosas e megaminas.

O seu Goberno estase levando por diante a pesca e o marisqueo, pero hai escasos meses votou en contra da ILP, apoiada por máis de 18.000 persoas, que pedía que o sector marítimo-pesqueiro fose declarado de interese xeral. Señor Rueda, aínda non explicou por que Altri é de interese xeral e a xente do mar non. Explíqueo agora, se é capaz. É que non vai ter mellor ocasión nin mellor lugar que este.

Explíquenos tamén por que en medio dunha emerxencia climática quere converter o noso monte nun polvorín, poñendo en risco até a vida das persoas. O noso país... —si, si, non lle dea á cabeza— ...é un grande eucaliptal. É que é a verdade, señor Rueda. 419.000 hectáreas, e están ocultando os últimos datos do Plan forestal, porque estamos en case o dobre do previsto para o ano 2030.

E, aínda así, noutro exemplo de como goberna en contra de Galiza, vostede pon o noso monte ao servizo de Ence, e agora tamén ao servizo das pasteiras lusas que veñen aquí comprar o eucalipto que non lles deixan producir en Portugal.

Señor Rueda, vostede non só está xogando co presente do noso país, esta tamén hipotecando as futuras xeracións. Recapacite e poña en marcha unha nova política que evite este desastre. Empece por unha nova moratoria na plantación de eucalipto, como mínimo até o ano 2030. Hai que apostar por recuperar 100.000 hectáreas para terras de cultivo, hai que apostar por un monte multifuncional ou por programas de impulso, como un plan de compra pública alimentaria, para que no ano 2027 o 50 por cento produtos dos comedores escolares, residencias ou hospitais que se utilicen no noso país sexan frescos e de proximidade. Con isto si que axudaría o sector do agro e do mar.

Mire, vostede acaba de copiarnos unha proposta do BNG: o Tícket Rural. Cambioulle o nome, paréceme ben. Copie tamén estas medidas e acertará, señor Rueda, acertará. *(Aplausos.)*

E con estes vimbios explícanse catro realidades realmente preocupantes. Galiza non logra converxer con Europa en termos de PIB per cápita; hoxe temos seis puntos menos que hai quince anos. Galiza segue perdendo posicións no índice de competitividade rexional da Unión Europea; en seis anos baixamos 11 posicións, pasando a ocupar o posto 154; fixemos o camiño inverso ao norte de Portugal, que estaba por debaixo de Galiza e agora está xa no 135. A taxa de investimento reduciuse á metade nos últimos quince anos; non atraemos capital e, por riba, o aforro galego marcha para fóra, 33.121 millóns de euros, case a metade do noso produto interior bruto.

Conclusión, señor Rueda: o empresariado non confía no seu Goberno, porque non está apostando por investir aquí, e isto evidentemente é un problema moi grave para o presente e para o futuro de Galiza.

Un problema que tamén repercute no mercado laboral, un mercado laboral precarizado, onde soportamos a segunda taxa de poboación activa máis baixa do Estado, onde as afiliacións á



Seguridade Social medraron 10 puntos menos que a media ou onde, se tomamos como referencia o emprego autónomo, vemos como no Estado medrou un 10 por cento e en Galiza caeu un 0,6 por cento. Todos estes datos son demoledores e son o resultado de dezaseis anos dunha política desleal que fai que Galiza estea perdendo, cando temos todo para gañar.

Señor Rueda, ten que deixar de gobernar en contra da maioría e ten que deixar de usar o Goberno para converter dereitos básicos en negocio, como o fan coa sanidade. Vostedes na sanidade pública xa non é que utilizaran a tesoirá, aquí foron pola motoserra. Si, si, cebáronse coa atención primaria, cun recorte acumulado de 2.000 millóns de euros. Por iso hoxe hai lista de espera para ir ver o médico de cabeceira que é un auténtico disparate ou por iso temos 11.000 nenos e nenas sen pediatra, e iso nun país que ten a natalidade como a ten.

Pero é que, ademais, o seu Goberno recorta sobre os recortes. Fíxese: en 2023 aprobaron un orzamento para atención primaria. E ¿que fixo o seu Goberno? Recortarlle 170 millóns de euros. E isto non o denuncia o BNG, acaba de denunciálo o Consello de Contas, *(Aplausos.)* o mesmo Consello de Contas que acaba de destapar que tamén desde 2019 incrementaron un 18 por cento os concertos coa sanidade privada, 242 millóns de euros. Só con 10 deses millóns poderían contratarse todos os psicólogos e psicólogas que precisa a sanidade pública. Pero, claro, non hai cartos para contratar psicólogos e psicólogas pero si para pagarlle un sobrecusto de 470 millóns de euros ás construtoras amigas do Partido Popular polo hospital de Vigo. Por iso, señor Rueda, cando vostede saca a motoserra, faino por ideoloxía, por ideoloxía. *(Aplausos.)*

A alternativa do BNG pasa por todo o contrario. Nós cremos que hai que reforzar a sanidade pública, empezando por un plan de rescate de atención primaria, por un novo Plan de saúde mental que contemple a incorporación de 180 psicólogos e psicólogas máis, 100 deles en atención primaria, porque isto é o mínimo para poder cumprir os obxectivos que marca a Organización Mundial da Saúde, e non as súas raquícticas propostas, que a verdade parece que non lles interesa solucionar o grave problema que hai neste ámbito.

Hai que poñer en marcha un plan de choque para recortar as listas de espera, hai que rescatar a Área Sanitaria de Vigo e corrixir as deficiencias da Área Sanitaria de Ourense.

E, por suposto, hai que acabar coa precariedade na sanidade pública. E pídolle que deixe de esconderse detrás dos profesionais sanitarios mentres os mantén sobrecargados e na precariedade, porque hoxe o Sergas é a maior ETT de Galiza. Señor Rueda, menos teatrillo e dote a sanidade pública dos profesionais que se necesitan e coa dignidade que merecen. *(Aplausos.)*

Si, porque é que a sanidade necesita medidas reais e non as súas promesas e os seus anuncios ocos. Fíxese: vostede anunciou un plan de recursos humanos; nada se sabe. Anunciou tamén un plan de atención primaria; está en busca e captura, ninguén o coñece. Anunciou un plan para reducir as listas de espera hospitalaria; deste si que sabemos algo, si, subiron, non foron capaces nin tan sequera de mellorar a situación antes da covid. *(Aplausos.)* Si, si. Anunciounos tamén que habería psicólogos clínicos en atención primaria, E tamén, señor Rueda, vostede anunciou que demolerían o Hospital Materno de Ourense.



Señor Rueda, mentres as nais e os bebés están agardando, ese edificio xa se está autodemo-lendo, (*Aplausos.*) tres derrubes nun ano e medio. É unha vergoña, unha vergoña. Vostede non tivo tempo de pedir-lles desculpas ás mulleres de Ourense, que teñen que parir nun hos-pital que cae a cachos, pero si que tivo tempo para organizar un acto bochornoso, si, si, para maior gloria súa, un acto máis propio dun ególatra que dun servidor público. (*Aplausos.*) Pero xa vemos cales son as súas prioridades.

Veu hoxe aquí tamén presumir de educación inclusiva, cando cada ano os pais e as nais que teñen fillos e fillas con necesidades educativas especiais teñen que estar pelexando por ter os recursos que o seu sistema educativo non lles dá.

E tamén, señor Rueda, hoxe ten unha ocasión de ouro de explicarnos por que están en contra da gratuidade dos libros de texto, por que suprimiron unha medida que era beneficiosa para a sociedade e para o sistema educativo. Fágolle unha proposta: rectifique e acertará, acepte a proposta e cheguemos a un acordo neste debate do estado da nación para recuperar a gra-tuidade dos libros de texto no próximo ano, porque esa si que sería unha medida eficaz para axudar as familias.

E, se poñemos o foco nos servizos sociais, vemos como o seu Goberno está vulnerando sis-tematicamente os dereitos das persoas maiores, ás que fai esperar de media 388 días para tramitar a dependencia, máis do dobre do que marca a lei. Hai 2.716 persoas maiores espe-rando, están esperando por unha valoración de grao, pola resolución de axudas ou polo ac-ceso a unha prestación á que teñen dereito.

Señor Rueda, ¿vostede sabe cantas persoas morreron en Galiza nos últimos sete anos agar-dando pola dependencia? Se lle preocupara realmente esta situación, coñecería ese dato. ¿Sábeo? 7.045 persoas agardando por un dereito, mentres vostedes non facían nada. Porque o problema é que vostedes fan promesas, pero, mentres as súas promesas agardan nun cai-xón, a cidadanía sofre a súa falta de palabra. Nin unha soa praza pública de residencias en dezaseis anos. E agora anúnciannos que en tres vai construír 24. ¿Que máis dá? Para vostede poden ser 24 ou 50, total, a propaganda aguanta con todo.

Pero a realidade é que ten o Servizo de Axuda no Fogar colapsado, un servizo que só dá altas por falecemento. ¿Hai algo máis cruel que ter unha persoa maior esperando a que morra outra persoa maior para ter o servizo ao que teñen dereito? (*Aplausos.*) E, mentres isto pasa, vostede votando en contra da proposta de mellorar o financiamento do SAF que trouxo o BNG a este Parlamento.

Señor Rueda, con promesas baleiras non se solucionan os problemas, e vostede acumula un feixe de promesas que anuncia unha vez e outra vez, sempre con idéntico resultado: a nada.

Do Rexistro de Familias Monoparentais, que anuncian desde 2011, nada. De desenvolver a Lei de accesibilidade, que anuncia desde 2014, nada. Da estratexia para combater a soidade non desexada, que anuncia desde 2019, nada. Da proposta dun novo modelo de residencias públicas, que anunciaron despois da covid, nada. Da proposta de poñer en marcha os CIM móbiles, nada. Dos dous centros de coidados intermedios que anunciaba en 2021, tampouco



sabemos nada. Eu cheguei á conclusión de que isto debe ser parte do estilo Rueda: demostrar unha e outra vez que a súa palabra non vale nada. *(Aplausos.)*

A alternativa do BNG pasa por situar os coidados no lugar que se merecen. Por iso propoñemos a creación dun Sergas dos servizos sociais, para darlle á dependencia o mesmo nivel que xa teñen a sanidade ou a educación. Pero, pola contra, o que nos ofrece o seu Goberno como gran medida é descargar nas mulleres o coidado das persoas maiores. Faino a cambio dun cheque de 416 euros ao mes. Por menos do que custa unha Risga, lavan as mans, pasándolles a responsabilidade dos coidados ás mulleres; é a súa gran contribución á igualdade.

E isto é unha concepción que vostedes teñen, si, si, e xa vimos no seu acto de autobombo do pasado martes. Nunca, e dígollo coa máxima sinceridade, nunca pensei que poderíamos asistir a un acto de tal indignidade, xa non só polo despilfarro de recursos públicos para maior autobombo seu, senón polo uso da dor e das necesidades das persoas para facerse propaganda. *(Aplausos.)* Hai un límite para case todo na vida, señor Rueda, e neste caso chámase decencia.

De verdade, ¿vostede pensa que é motivo de orgullo para o seu Goberno que unha muller teña que deixar o seu traballo para coidar da súa nai? Porque isto formou parte do seu acto do pasado martes.

Esa maneira de facer política será o estilo Rueda, pero, desde logo, non é o estilo Galiza, porque na Galiza que queremos e merecemos as mulleres non teñen que renunciar ás súas aspiracións profesionais para facer de coidadoras e facer o traballo que non fai o seu Goberno. *(Aplausos.)*

Xa vemos a onde nos quere conducir co seu estilo, isto é o Ruedafeudalismo, onde a xente ten que ir darlle as grazas, si, ten que ir darlle as grazas ao gran líder polos favores, polos favores que reparte, porque vostede non quere dereitos, vostede quere caridade, non quere cidadáns, quere servos. E, señor Rueda, en política non se vén servirse da xente, vén servir a xente; esa é a política que importa.

Si, e con este papel que vostedes teñen das mulleres entendemos por que suprimiron o Servizo Galego de Igualdade, por que suprimiron os puntos de información ás mulleres, por que suprimiron a Secretaría Xeral de Igualdade, por que incumpre as leis de igualdade, incluída a de loita contra a violencia de xénero, ou por que temos un goberno que recortou as axudas ás vítimas de violencia machista no máis duro da crise e aínda hoxe son inferiores ás que había no ano 2009; un goberno do Partido Popular que mesmo privatizou os centros de crise 24 horas. Negocio cos dereitos das mulleres. E a ver se son capaces de adiviñar quen é unha das empresas beneficiadas. *(Murmurios.)* Si, si, ¡que sorpresa!, unha casualidade, si, si, si... Xa están nerviosos e nerviosas no Partido Popular, si, si, si, xa non lles gusta que falemos. Pois si, imos dicilo: a empresa que dirixe en Galiza a irmá do señor Feijóo. *(Aplausos.)* Unha vez máis, o PP convertendo dereitos en negocio para as súas empresas amigas.

En materia de vivenda, o seu fracaso é tan absoluto que ten miles de mozos e mozas que non poden pagar nin un alugueiro, porque o único que fixeron en dezaseis anos foi dinamitar a política de vivenda e anunciarnos programas que son un fracaso tras outro. Fíxese: pro-



grama de vivenda baleira; mobilizou 30 vivendas baleiras en catro anos. Programa Rehaluga, de axudas á rehabilitación; tiveron anos onde chegaron á frioleira de dar tres axudas, tres. Programa Vivendas vivas; anunciaron que ían mobilizar 300 vivendas, resultado: 36 en tres anos. Programa Rexurbe; en 2016 anunciou 1.500 vivendas; en 2020, parecíalles pouco, subiu á aposta: 3.000; resultado: despois de oito anos lograron entregar 20 vivendas. E, para a guinda da torta, en 2024, que presentaron como o grande ano da vivenda, dos 12 millóns de euros para construír vivendas de promoción pública, deixou sen executar 10,7 millóns de euros, é dicir, o 90 por cento da partida.

Fracaso tras fracaso para intentar tapar con anuncios e propagandas a súa falta de política de vivenda. (*Aplausos.*) A realidade é que o acceso á vivenda é máis difícil hoxe que hai dezaseis anos, tamén que hai tres anos.

E urxen medidas para actuar no inmediato, como as que lle propoñemos desde o BNG: declarar zonas tensionadas para limitar os prezos do alugueiro e aumentar as axudas, retirar todas as vivendas turísticas ilegais que mantén no Rexistro da Xunta e fixar un límite máximo de vivendas turísticas por habitante, mobilizar vivenda baleira para poñela en alugueiro social; só nas grandes cidades temos 90.000 vivendas baleiras.

¿Sabe o que non vai frear a especulación coa vivenda? A súa medida de baixarlles os impostos ás grandes fortunas construtoras e fondos voitres que deciden comprar ou construír pisos para logo alugalos ao prezo que lles pete. Esa é a súa grande aportación á emancipación da mocidade.

Aínda que hai que recoñecerlles que vostedes, en materia fiscal, si que son coherentes, si, si, son coherentes con esa minoría para a que gobernan. Presume de ter baixado os impostos cento vinte veces, como se cos impostos non se pagaran os servizos públicos, pero o que esconde é que esas baixadas son insolidarias, porque benefician máis os máis ricos, empezando por eses 38 millóns de euros ás 7.000 persoas con máis patrimonio, mentres mantén conxeladas as pensións non contributivas.

¿Sabe canto lle custa a Galiza a súa política de agasallos fiscais os máis ricos? 2.854 millóns de euros só entre 2018 e 2023. Imaxine a de médicas, psicólogos e profesores que se poderían ter contratado con eses recursos, imaxine a cantidade de vivendas e residencias que se poderían ter construído.

Señor Rueda, menos política fiscal de amiguetes e que pague máis quen máis ten. Trátase de xustiza fiscal para que haxa xustiza social. (*Aplausos.*)

E pedímoslle tamén que non degrade a democracia, confundindo maioría absoluta con absolutismo, e que por unha vez cumpra co que promete. Vostede promete nesta Cámara puntos de encontro, pero en tres anos só se dignou a ter unha reunión coa líder da oposición e sempre desprezou a man tendida do BNG para chegar a acordos de país. (*Murmurios.*) É que o volve facer agora, vostede di unha cousa e fai a contraria.

Vostede promete tamén puntos de encontro. Si, si, promete diálogo, ¿pero que fai nesta Cámara? Aplicar o rodillo absolutista e intentar converter este Parlamento, si, si, nunha la-



meira, traéndonos a crispación de Madrid, porque aí é onde se sente cómodo o Partido Popular, porque son o Partido Popular máis ultra. *(Aplausos.)*

Ocultan información sistematicamente a este Parlamento, como, por exemplo, os seus acordos secretos con Altri, e mesmo se atreven a falsear a documentación que remiten á Cámara, como fixeron na comisión de investigación dos chanchullos do Partido Popular. É que está claro que tiñan e teñen moito que agochar.

E precisamente por iso necesitan a propaganda, e seguen na súa política de control absoluto dos medios públicos. Hoxe a TVG está reducida ao No-Do do Partido Popular.

Pero o colmo do seu absolutismo é o desprezo con quen se atreve a discrepar de vostedes, mesmo insultando as persoas que se manifestan en contra das súas políticas. Eses milleiros de galegos e galegas non son alborotadores, nin son unha turba populista, son persoas traballadoras e decentes, que expresan con toda lexitimidade as discrepancias que teñen contra o seu Goberno. *(Aplausos.)* Aprenda a respectalos, señor Rueda. É o mínimo dun presidente en democracia.

E, falando de respecto, tamén lle demandamos que respecte a nosa lingua, a lingua que herdamos dos nosos pais, das nosas nais, dos nosos avós e das nosas avoas. Señor Rueda, ¿que problema ten vostede co galego? ¿A que vén esa política de acoso e derribo contra a nosa lingua? Díganolo, explíquenolo: ¿por que vostede sempre vota en contra do galego? Sempre lle parece que hai demasiado galego. Está claro que vostede segue detrás da pancarta contra o galego. ¿Por que?

Talvez o seu silencio sexa a explicación destes dezaseis anos de acoso que nos levan hoxe... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Que nerviosos están, señorías do Partido Popular!, *(Aplausos.)* ¡que falta de educación! Si, si. Quizais iso explique estes dezaseis anos de políticas de acoso, que nos levan hoxe a unha situación de emerxencia lingüística. Se seguimos con esta progresión, en seis anos o galego pode desaparecer das novas xeracións, e vostedes estarán contentos, claro, porque avanza no seu obxectivo, que é o monolingüismo en castelán.

Teñan por seguro que non o van conseguir, porque somos máis os galegos e as galegas que sentimos orgullo e amor pola nosa lingua. *(Aplausos.)* E, a pesar de todo, a pesar de todo, señor Rueda, segue tendo a nosa man tendida a favor do galego. Si, si. E nós propoñémolle que cheguemos a un acordo, pactemos prazos e orzamentos para aplicar o gran pacto, o gran acordo que xa temos neste país ao redor da lingua, que se chama Plan xeral de normalización lingüística. Cumpran o pactado.

E, en segundo lugar, hai que derrogar ese decreto da vergoña, e o que lle propoñemos é que acordemos un novo decreto do galego, que garanta ás xeracións máis novas o dereito a coñecelo e a usalo. Señor Rueda, escoite esa maioría que lle está pedindo mil primaveras máis para a nosa lingua, porque, como moi ben dicía Castelao, se aínda somos galegos, é por obra e graza do idioma. *(Aplausos.)*

Vostede, señor Rueda, non cre no autogoberno, é un presidente submisivo a Madrid e, desde logo, un presidente abandeirado do centralismo. En dezaseis anos só conseguiu unha com-



petencia; é que a este ritmo precisaríamos trescentos anos para que se cumpra o Estatuto. Ese é o seu nivel de exixencia no autogoberno.

E a súa falta de defensa deste país vímola cunha quitación da débeda. Neste Parlamento, no último debate do estado da nación, acordamos solicitar unha quitación da débeda, e agora vostede dío única e exclusivamente pola súa subordinación a Madrid. ¡Que caro nos sae o seu servilismo a Madrid, señor Rueda! *(Aplausos.)*

Nós, señor Rueda, consideramos que hai que avanzar, que hai que acelerar todas as transferencias, pero que temos que aspirar a un novo status político para Galiza, un novo status de nación que nos dea capacidade para decidir naqueles asuntos que son centrais para Galiza e que inclúa, por suposto tamén, un concerto económico.

Señor Rueda, un goberno pode equivocarse, pero o que nunca pode facer é traizoar o seu país e a cidadanía á que se debe. As urnas déronlle o dereito a gobernar, pero non lle deron o dereito a gobernar en contra de Galiza nin a ser o presidente máis desleal da historia.

Dícialle ao inicio deste debate que a pregunta clave era se Galiza estaba mellor tras dezaseis anos de gobernos do Partido Popular. Tiveron a oportunidade de transformar este país durante dezaseis anos, pero o que nos deixan é unha Galiza con menos poboación, cuns sectores produtivos ameazados polas súas políticas...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...unha Galiza con menos emprego industrial, onde as listas de espera medran ou onde estamos á cola en innovación.

As súas decisións lévannos a este balance, a este punto no que é necesario poñer en marcha novas ideas e proxectos. É necesario un goberno que actúe desde a confianza no país e na xente, sen complexos e con ambición, que desde a dignidade do que nos fai únicos poidamos situarnos no mundo con voz propia en pé de igualdade e contribuíndo a un mundo máis xusto.

Esa Galiza só se pode construír unindo o país e a xente para defender o que importa: unha sanidade pública forte...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...unha educación que non deixe a ninguén atrás, traballos decentes, unha vellez digna e, desde logo, que onde pensemos nas xeracións que veñen detrás, que teñen dereito a herdar un territorio coidado e a seguir bebendo da fonte da nosa identidade propia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.



A señora PONTÓN MONDELO: Esa Galiza é posible, só se necesita que teñamos un Goberno co compás en Galiza. Aí é onde estamos os galegos e as galegas... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón, terminou o seu tempo, grazas. *(Aplausos.)*

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Señorías, a verdade é que, despois de escoitar as persoas que me antecederon no uso da palabra, estaba a punto de darlles a benvinda a este debate da Autonomía de 2015 *(Murmurios.)*, porque a verdade é que non houbo moitas novidades; os mesmos argumentos, as mesmas patrañas, as mesmas letanías dúas décadas repetidas. ¡Que aburrimiento, de verdade, que aburrimiento! *(Aplausos.)*

Eu quería comezar esta intervención agradecendo ao presidente da Xunta pois a oportunidade que nos brinda de celebrar este debate, cumpridas apenas as previsións legais que permiten a súa celebración, trescentos setenta días despois da súa toma de posesión. O propio Regulamento da Cámara especifica a imposibilidade de convocar este debate no ano primeiro de goberno, e parece sensato que sexa así, de deixar transcorrer un mínimo tempo de actuación para que poidamos realizar o balance do que fixo cadaquén neste primeiro treito da duodécima lexislatura.

O presidente Rueda decidiu solicitar a celebración deste debate no primeiro instante en que resultaba legalmente posible, apenas transcorrido un ano de goberno, e penso que esta prontitude acredita unha vontade de transparencia e diálogo fóra de toda discusión e digna de todo eloxio.

Un ano político que transcorreu entre dúas visitas do presidente e de moitos de nós a Bonaval, a primeira para unha toma de posesión cargada de simbolismo, tanto por ser a primeira que se realizaba fóra dos muros deste Parlamento como polo lugar escollido: as rúas de Compostela. A segunda, un ano despois, para pechar ese primeiro ano de lexislatura con outro acto de forte carga simbólica: a constitución da Fundación do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres; un acto que testemuña enorme xenerosidade de todos cantos o fixeron posible, e que amosa que, cando deixamos de lado as nosas diferenzas para poñer o acento nos elementos esenciais que nos configuran como pobo, somos quen de alcanzar acordos importantes que dignifican o nome de Galicia.

O colofón a ese primeiro ano de lexislatura interpélanos para seguir facendo esforzos por encontrarnos, pois, como sinalou en Bonaval o propio presidente, o futuro será mellor se camiñamos xuntos, ignorando hipotéticas diferenzas na procura dun obxectivo compartido; un obxectivo que sen dúbida alcanzaremos máis facilmente se a luz de Rosalía, de Castelao, de Brañas, de Cabanillas, de Asorey e de Fontán alumea o noso camiño.

Señorías, penso que, se queremos facer unha avaliación honesta do que aconteceu na nosa terra ao longo deste ano, debemos facernos antes unha pregunta: ¿que esperan os galegos



de nós? Porque só se somos quen de entender cales son as súas expectativas, poderemos dilucidar se estamos ou non á altura das súas demandas. E a ningún se lle escapa que o mundo vive momentos convulsos.

Ás portas da Unión Europea, Ucraína intenta resistir ante a invasión ordenada por un déspota que aspira a reverdecer os loureiros da vella Unión Soviética. No Oriente Medio o odio alimentado durante séculos volveu estalar cunha virulencia e falta de humanidade impropia de tempos supostamente civilizados. E ao sur o pobo saharauí continúa reivindicando o seu dereito á autodeterminación, de conformidade coas resolucións de Nacións Unidas, por certo, ante a indiferenza do Goberno de Pedro Sánchez, incapaz de explicar o inexplicable, e que aínda non se dignou a dar unha mínima xustificación sobre o cambio de postura de España respecto ao conflito do Sáhara e a traizón ao pobo saharauí e ás nosas propias responsabilidades como potencia colonizadora; talvez sexa chegado o tempo. (*Aplausos.*)

Por se todo isto non resultase suficiente, agora ábrese ante nós a posibilidade, case a certeza, dunha guerra arancelaria internacional, perfectamente previsible nas súas nefastas consecuencias e aínda imprevisible na intensidade destas.

Se analizamos a situación da política nacional máis aló do Padornelo, a situación tampouco invita ao optimismo. Nun contexto de enorme inestabilidade internacional, en plena guerra comercial entre bloques e superpotencias, e recuperadas as regras fiscais suspendidas, primeiro, pola pandemia e despois pola invasión de Ucraína, o Goberno de España acaba de prorrogar os orzamentos de 2023, os orzamentos da anterior lexislatura; dúas prórrogas orzamentarias consecutivas como mostra palpable da incapacidade do Executivo do señor Sánchez para sacar adiante o documento que fundamenta o proxecto político de calquera goberno. Porque, como dicía o propio Sánchez na súa versión de 2018: *Un gobierno sin presupuestos es un gobierno que no gobierna nada. Un gobierno sin presupuestos es tan útil como un coche sin gasolina, porque, si no puede contar con una mayoría parlamentaria para aprobar los presupuestos, el presidente del Gobierno tiene que convocar a los españoles a las urnas. Que gobernar no consiste en vivir en Moncloa.*

Pero os principios do señor Sánchez parecen sufrir a síndrome de Benjamin Button, e co paso dos anos vai minguando a sensatez e o sentido do Estado para ser substituídos polo caprichoso proceder dun neno disposto a mudar as regras do xogo con tal de non perder nin unha soa partida. (*Aplausos.*) E, en consecuencia, pois pódese mudar de opinión unha vez máis e pódese afirmar que o que antes resultaba esencial hoxe é unha perda de tempo; o que antes era un coche sen gasolina hoxe é un imponente bólido impulsado pola autosuficiencia dun presidente tan pagado de si mesmo que parece disposto a calquera sacrificio para manterse un día máis na Moncloa, iso si, a calquera sacrificio dos demais.

Sete anos e tres orzamentos. Sete anos de pandemia, inflación, desastres naturais, agora de guerra comercial, e, a pesar disto, o señor Sánchez leva máis prórrogas que orzamentos. E parece imposible que se poida superar o dato, pero, señorías, *sí se puede*. Porque, se o actual Goberno de España ten un grave problema de regularidade orzamentaria, a súa dificultade para render contas en sede parlamentaria só se pode cualificar de taponamento crónico. Sete anos de goberno e un só debate do estado da nación. Un debate que ata a che-



gada do señor Sánchez se presumía anual, coa única excepción dos anos electorais. ¿Cabe maior mostra de desprezo a un parlamento que furtarlle o seu debate máis senlleiro en seis dos sete anos de goberno? Eu creo sinceramente que non, e iso, exactamente iso, é o que está facendo un goberno que ademais ten a desfachatez de dar leccións de democracia aos españois que non compartimos o seu proceder, que, por certo, somos a inmensa maioría. *(Aplausos.)*

Señorías, este é o contexto no que os galegos foron chamados ás urnas en febreiro do pasado ano, un contexto que lles permitiu elixir entre a inestabilidade que estamos a padecer na política nacional ou a estabilidade que brindaron aos galegos catro maiorías consecutivas do Partido Popular de Galicia. E creo que resulta indiscutible que as galegas e os galegos acudiron ao seu colexio electoral coñecendo perfectamente as consecuencias dunha e doutra situación. E elixiron, elixiron con plena consciencia, elixiron en liberdade e elixiron dar a súa primeira maioría a Alfonso Rueda Valenzuela. *(Aplausos.)*

Señorías, xa o berraban Os Resentidos: Galicia, sitio distinto. E porque somos un sitio distinto temos un modo de facer distinto, un estilo propio, alonxado dos vaivéns, dos caprichos, das liortas e da inestabilidade; un estilo que aposta polo rigor, pola estabilidade, —si, señorías— polo sentidiño; ese sentidiño que tanto escasea alén das nosas fronteiras e tan arraigado está aquén delas; ese sentidiño que define de xeito tan preciso o noso actuar, o noso pensar, o noso sentir, estilo Galicia, que ese é o estilo que a nós máis nos gusta.

Señorías, a primeira consecuencia da decisión que tomaron os galegos foi manter Galicia alonxada desa inestabilidade que mencionaba anteriormente. Alfonso Rueda concorreu ás eleccións asegurando que, se recibía o mandato maioritario dos galegos, Galicia sería unha illa de estabilidade.

No transcurso deste ano fomos quen de avanzar no cumprimento do programa electoral que presentamos aos galegos, fomos quen de reclamar un trato xusto para Galicia alí onde se lle negaba e fomos quen de aprobar iniciativas lexislativas de fondo calado; incluso somos quen de celebrar o debate de política xeral con total normalidade. Alfonso Rueda prometeu estabilidade e Galicia goza da estabilidade institucional prometida.

Señorías, un exemplo desa estabilidade témolo neste Parlamento, no que neste primeiro ano de lexislatura se aprobaron sete textos lexislativos. Regulamos o desenvolvemento da intelixencia artificial, impulsamos unha Lei de estatística e procuramos garantir un acceso universal á cultura do noso país a través dunha Lei de cultura inclusiva; hai que dicir que aprobamos tres novas leis que ademais saíron adiante cun amplo consenso desta Cámara.

Tamén fomos quen de abordar unha nova regulación dos medios públicos de comunicación, para adecualos a un tempo novo, marcado pola dixitalización e os novos modelos de consumo de contidos audiovisuais. E, aínda que outros prefiran e gusten máis do modelo decretazo da Radio-Televisión Española, aquí fixémoslo aquí, con transparencia e en sede parlamentaria. *(Aplausos.)*



E, por certo, grazas ao impulso do Goberno e ao apoio da maioría parlamentaria, hoxe Galicia dispón dun instrumento legal que garante que o aproveitamento dos recursos naturais da nosa terra implica necesariamente beneficios sociais e económicos para os galegos.

E, en contraste co que está acontecendo no Congreso, este Parlamento foi quen de aprobar unha Lei de orzamentos en tempo e forma, garantindo que o Executivo dispón dunha folla de ruta clara e dun instrumento financeiro coherente que lle permite sacar adiante o seu proxecto político. E resulta que iso, exactamente iso, é o que está facendo o Goberno de Alfonso Rueda: desenvolver o proxecto político que apoiou maioritariamente Galicia. Eu diría que isto se achega bastante ao que chamamos normalidade democrática, pero hai unha serie de grupos nesta Cámara que tentan criminalizar o Goberno simplemente porque está intentando cumprir coa palabra dada. E, ademais, pretenden convencernos, señorías, de que Galicia está a vivir unha sorte de apocalipse diaria; na súa obsesión por convencer os galegos deste delirio, parecen dispostos a todo.

Señorías, tan diferentes son as nosas visións da realidade galega que calquera que teña seguido o debate parlamentario nos últimos meses debe concluír, necesariamente, que non participamos da mesma sociedade, que non vivimos no mesmo país e que nin tan sequera falamos o mesmo idioma. Pero, do mesmo xeito que hai un ano lles tendemos a man para tentar alcanzar consensos, hoxe queremos dar un paso máis e imos aportar a este Parlamento un novo instrumento para facilitar o diálogo.

Quero presentarlles o novo dicionario no que está a traballar o Grupo Popular: (*O señor Pazos Couñago mostra un libro.*) o dicionario galego-benegués, benegués-galego, (*Aplausos.*) unha novidade editorial, que presentamos neste día de San Xurxo, que pretende clarificar o significado real de determinados termos que soan exactamente igual pero que non significan exactamente o mesmo, dependendo de quen os utilice, e por iso xeran unha incompreensión que dificulta o acordo. Eu agardo que este dicionario sirva para mellorar o entendemento entre os que falemos galego clásico e os que crearon un dialecto propio, que, desgraciadamente, tamén foi adoptado por outros que hai moito tempo que deixaron de ter voz propia, para converterse simplemente no eco do nacionalismo máis rancio.

Con axuda deste novo dicionario, tentarei aportar algo de luz sobre algunhas cuestións que enconaron o debate ao longo deste ano e que motivaron algunhas mobilizacións históricas, que é como a esquerda gusta chamar das súas quedadas de fin de semana.

Señorías, sen dúbida falamos moito estes meses do futuro económico de Galicia, moi especialmente do futuro da industria galega. Parece razoable que adicásenos boa parte do noso tempo a unha cuestión que todos incluimos nos nosos programas electorais: a necesidade de reindustrializar Galicia.

Todos insistiamos na importancia para o futuro do país de elevar o peso da produción industrial no conxunto do PIB, partindo da premisa de que máis industria significa máis progreso, máis emprego de calidade, máis riqueza para Galicia. Parece algo evidente que todo o mundo pode entender. O que probablemente resulte difícil de entender para os galegos sexa por que algo que suscitaba tanto acordo suscita agora tanto desacordo. E como eu quero



pensar que todos actuamos de boa fe cando nos comprometemos co futuro da nosa industria, ocorréuseme que talvez o problema radique no significado que ten esa palabra, para que o mudemos, e por iso acudín ao dicionario galego-benegués.

Mire, a definición de «industria», en galego: conxunto das actividades económicas que teñen como fin a explotación dos minerais e das fontes de enerxía e a elaboración de substancias ou obxectos por medios mecánicos a partir das materias primas. Esta é a definición de «industria» contemplada pola Real Academia Galega, unha definición bastante coincidente co resto de academias das distintas linguas do mundo. Pero ¿como se entende por «industria», que se entende por «industria» na republicana academia do benegués? Comprobémolo. «Industria», en benegués: conxunto de actividades mitolóxicas que contemplan a creación de riqueza a partir da non explotación dos minerais e das fontes de enerxía e a elaboración de substancias ou obxectos por medios mecánicos a partir da nada. E aquí radicaba o problema, señorías. (*Aplausos.*) Toda Galicia pensando que o BNG defendía a creación de industria e, en realidade, estaba apostando pola ensoñación poética. Ou iso ou que seguen vostedes no mesmo plantexamento hipócrita de sempre: minería sen minas, eólica sen muíños, produción sen materia prima e industria sen factorías.

Hoxe bordouno a señora Pontón. Doade «non», porque o ciclo de extracción do mineral péchase fóra de Galicia. E, claro, Altri «non», porque o ciclo de produción péchase dentro de Galicia. ¡Oia!, é que así é imposible perder. Son vostedes uns fenómenos. (*Aplausos.*)

A verdade, non hai moito tempo anticipei que vostedes acabarían prometendo o ovo sen necesidade de galiñas. E debo dicir que ese día xa chegou, porque neste Parlamento xa os escoitamos defender a necesidade dunha fábrica de fibras sostibles de orixe vexetal pero, iso si, sen aproveitar a masa forestal que serve de materia prima e sen producir a celulosa soluble coa que se fabrican esas fibras sostibles; todo moi lóxico no Matrix do BNG.

Señorías, este goberno vai continuar facendo o que prometeu facer, con independencia dos seus cambios de opinión, dos seus exercicios de hipocrisía e, incluso, da súa capacidade para inventar unha nova linguaxe. Pero o que non imos permitir é que vostedes mintan aos galegos e tenten manipularlos espallando bulos en magnitudes nunca antes coñecidas. Aí si, aí vannos atopar enfronte.

Mire, comparar a produción de pasta de papel coa produción de celulosa soluble é simplemente unha burda manipulación. Nin son comparables os procesos de produción nin son comparables os consumos de auga, nin son comparables as emisións. Equiparar estes dous produtos é tan realista como comparar unha aceituna cunha aspirina, simplemente porque as dúas necesitan sosa cáustica para a súa elaboración. É sinxelamente ridículo. Tan ridículo como afirmar que vai ferver o río Ulla, que imos mudar as troitas por peces tropicais ou que van desaparecer a actividade gandeira, a agroalimentaria, incluso a pesqueira. E eu xa sei que isto soa ridículo, pero, señorías, este ridículos disparates escoitáronse aquí, en sede parlamentaria, e aínda ningún pidiu perdón por tanta burda mentira. (*Aplausos.*)

Miren, señorías, como eu teño moitos defectos pero non son rancoroso, dentro duns días van poder vostedes degustar o mellor choco do mundo: o choco de Redondela, que se pesca



na enseada de San Simón, a escasos quilómetros da principal factoría deste país, Stellantis. Nesta mesma enseada seguimos a producir ostras de sona internacional, do mesmo xeito que na comarca na que se ubica Ence se segue a recoller marisco de primeira calidade e a colleitar un dos mellores viños do mundo. ¿Acaso desapareceron os pementos de Herbón coa chegada a Padrón da industria do aluminio ou da industria química, ou a de taboleiros de madeira? ¿Debemos deixar de consumir bonito de Burela pola súa proximidade a Alcoa? Pois claro que non, todas as actividades son perfectamente compatibles, exactamente igual que o proxecto Gama, *(Aplausos.)* pero non porque o diga este deputado, jeh! Non, non, non, non. É así porque o afirman e acreditan 34 informes, elaborados por 42 técnicos da Xunta de Galicia. Técnicos, de verdade, non vaian pensar as súas señorías que os informes da Xunta os elaboran sobriñas ou misses seleccionadas na habitación dalgún parador. *(Aplausos.)* En Galicia non, jeh!, en Galicia non. Aquí os técnicos conseguen as súas prazas despois de superar os pertinentes procesos selectivos, que por certo se celebran en instalacións oficiais da Xunta de Galicia, e por iso podemos hoxe vir aquí coa cabeza moi alta exixir respecto para os profesionais da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Miren, señorías, o verdadeiro problema da industria galega son vostedes, son vostedes. Dá igual cal sexa o proxecto que se pretenda impulsar, dá igual o tipo de industria, dá igual quen, dá igual onde, dá igual cando. A súa resposta sempre é a mesma: non, nada, ningún, en ningures e nunca. Esa é a súa letanía, e non teñen ningunha outra; esa é, señorías. *(Aplausos.)*

O seu plan industrial consiste en converter Galicia na «terra de nunca xamais» e así se poden construír moitos contos, pero non o futuro dun país. Nós non queremos elixir, nós queremos a industria e queremos o agro, nós queremos a minería e queremos a gandería, nós queremos a enerxía e queremos a pesca, nós queremos todo, porque Galicia o merece todo, absolutamente todo. *(Aplausos.)* O único que non merece Galicia é esta oposición triste, gris e pontoniana que nos leva castigando durante dúas décadas. Iso si que non nolo merecemos.

Pero, señorías, a confraría do eterno «non» non se conforma con boicotear alegremente fondos industriais que deberían chegar a Galicia. Por certo, hoxe pareceulle ao señor Besteiro unha boa noticia que non cheguen fondos para Altri. Tampouco chegan para Ence nas Pontes. Dígoo porque non sei se o señor Formoso compartirá o seu entusiasmo pola noticia. Por certo, ¿saben por que se lle denegan eses fondos? Non porque non se cumpran, senón porque os proxectos que acoden a eles teñen que estar rematados antes de 2026, e vostedes levan atrasando, embalsando eses fondos décadas, facendo caso omiso da advertencia que lle fixo o presidente de que os íamos perder. E agora veñen aquí facer da necesidade virtude. Non están financiados pola súa culpa, señoría, por culpa do Goberno central. *(Aplausos.)*

Pero, ademais de PERTE á medida, outras comunidades tamén defenden financiamento a medida doutros territorios. Neste Parlamento alcanzamos un acordo sobre un novo sistema de financiamento, acordamos que era imprescindible ese novo sistema, atendendo ao custo real de prestación de servizos, establecendo unha repartición atendendo á poboación axustada e mellorando a valoración do envellecemento e a dispersión, que tanto encarecen os servizos en Galicia. Incluso chegamos a acordar o nome do especialista que nos representaría nos traballos técnicos que había que elaborar. Acordámolo, por certo, todas as comunidades autónomas que participamos neses traballos, agás unha. Os expertos realizaron un informe,



presentárono en 2017, pero nada se ten avanzado nesa materia, salvo pola novidosa proposta froito do acordo entre o Goberno de España e Esquerra Republicana, que, por certo, gobernaba Cataluña, cando esta foi a única comunidade autónoma que se negou a participar na elaboración dun novo modelo de financiamento. ¿Cal é esa novidosa proposta? A condonación da débeda.

O señor Sánchez non avanza na repartición equilibrada dos recursos públicos que corresponden ás comunidades, pero graciosamente quere condonarnos a débeda a petición dun partido independentista que non goberna ningunha autonomía pero que parece que algo goberna no Goberno. Señorías, a proposta foi tan burda que tiveron que dar o mellor de si mesmos para intentar xustificala. Basicamente consiste en que os que temos menos débeda fagamos un esforzo extra para pagar os pufos daqueles que se endebedaron máis, un gran negocio para algúns, un gran timo para a gran maioría.

Porque a oposición afirma que os galegos deberíamos estar felices se as institucións públicas nos condonasen unha porcentaxe da nosa hipoteca. Fagamos a proba. Aquí estamos 75 galegos, chegados de distintos puntos de Galicia, con distintas idades e con distinta situación hipotecaria. Segundo vostedes, se mañá a Xunta ou o Goberno decide con cargo a fondos públicos condonar o 20 por cento das nosas hipotecas, todos debemos estar igualmente felices; deberían estar igualmente felices os deputados que levan vinte anos de hipoteca que os que están a punto de liquidala; deberían estar igualmente felices as señorías que teñen hipotecas por un modesto piso en Xunqueira que os que están pagando un chalé en Oleiros. ¿Dá igual ou non que teñan aforros? ¿Dá igual se herdaron ou non? ¿É o mesmo que teñan unha hipoteca ou que teñan tres? ¿É o mesmo que se hipotecaran para iniciar un negocio ou para financiar os estudos dos seus fillos que para pagar a viaxe dos seus sonhos? E ¿que lles dicimos aos deputados que non teñen hipoteca? ¿Que teñen que estar felices polos demais deputados? Pois, segundo os nacionalistas e socialistas, si. Segundo vostedes, todos debemos estar igualmente de satisfeitos, porque esta chantaxe, pensada para arranxar os problemas dos que non chegaban a fin de mes, pola deficiente planificación e mala cabeza que amosaron, é tamén unha bendición para os que fixemos os deberes.

Eu supoño que os nosos deputados máis novos, que aínda non adquiriron vivenda ou que aínda non tiveron tempo de hipotecarse, estarán contentísimos de que adiquemos os seus impostos, o que pagan eles, a pagar as hipotecas dos deputados que levan máis de vinte anos nesta Cámara.

E, por se iso non fora bastante, tiveron a desvergoña de afirmar que esa condonación —fíxoo de novo hoxe o señor Besteiro— se vai transformar en liquidez para financiar servizos públicos; 4.000 millóns de euros para sanidade, educación, que nunca chegarán. Talvez os que estiveron dispostos a manter esa patraña deberían rectificar ou presentar a súa dimisión, por mentir tan flagrantemente aos galegos. *(Aplausos.)*

Señorías, temo que nin a demagogia da oposición nin as máxicas promesas do señor Sánchez melloren os nosos servizos públicos. Pero, afortunadamente, Galicia leva quince anos cun goberno serio que si traballou nisto. Porque para esta oposición os servizos públicos non son máis que a oportunidade para a demagogia.



Galicia experimentou nos últimos anos un incremento dos seus servizos públicos sen precedentes. O noso sistema educativo hoxe é envexado tanto pola súa equidade como pola súa calidade. Somos a primeira comunidade autónoma que garantiu que calquera nena ou neno galego poida completar a súa vida educativa dende a escola infantil ata rematar a universidade ou a formación profesional de maneira gratuíta. Temos a educación máis inclusiva de toda a OCDE, e todo iso namentres os informes PISA e a redución do fracaso escolar acadan os mellores datos da nosa historia. Pero vostedes anuncian o derrube da educación pública.

No eido social, multiplicamos por cinco o número de dependentes atendidos, triplicamos prazas de residencia. En fin, non me estenderei, pero, señorías, vostedes adicáronse a anunciar negras profecías; de feito, non dubidaron en cualificar algúns como intrusismo profesional as casas do maior e as casas niño, uns recursos que hoxe non creo que se atreveran a facer desaparecer.

Vostedes, que, cando substituímos a Tarxeta Básica, pensada para a pandemia, por instrumentos máis adecuados para a pospandemia, nos acusaron de abandonar á súa sorte os máis desfavorecidos. E ¿saben o que pasou? Que no último ano reducimos 7 puntos a taxa AROPE, situámonos como a cuarta comunidade autónoma con menor risco de exclusión social e hoxe Galicia ten a taxa de pobreza máis baixa da súa historia, para alegría dos galegos e para vergoña dos profetas da apocalipse. (*Aplausos.*) Esa é a realidade.

Pero, se algún servizo excita o seu afán profético, señores, ese é a sanidade pública, unha sanidade pública que ten problemas, os mesmos que o conxunto do Estado; nunca o negamos. De feito, porque temos os mesmos problemas, queríamos consensuar as mesmas solucións, e fixémoslo, reunímonos alá polo 2018 co Goberno e alcanzamos todos un consenso onde había unha serie de medidas para paliar os problemas que hoxe estamos sufrindo. Sete anos despois, o Goberno do señor Sánchez nomeou seis ministros de sanidade, pero aínda non puxo en marcha nin unha soa desas medidas consensuadas con todos os servizos sanitarios de España.

Pero a vostedes iso dálles igual, porque a súa prioridade é falar mal da sanidade pública galega e tentar desprestixiala en todo momento e circunstancia. É tal a súa obsesión que ata constituíron unha comisión de investigación na que pretendían acreditar as súas eternas acusacións: recortes e privatización. E, señorías, recortes e privatizacións atopamos, pero non na bancada que desexaban as súas señorías.

Eu, como pretendo analizar estes dous aspectos con rigor, creo adecuado consultar de novo o dicionario galego benegués, para evitar malos entendidos. Comecemos polo primeiro termo. A RAG define «recortar» como quitar unha parte de algo, neste caso do orzamento sanitario, pero a academia do benegués define «recorte» como calquera modificación orzamentaria que faga o PP; no caso do goberno de esquerdas, substituír o termo por «axuste».

Unha vez máis, o dicionario resulta de grande utilidade, porque nos indica que no proceso de tradución vostedes confunden recortes e axustes. Creo que podo sacalos do erro, pero permítanme antes unha aclaración para os galegos que non falan o dialecto benegués. Galicia



leva once anos consecutivos presentando o orzamento sanitario máis alto da súa historia. Hoxe adicamos a sanidade 1.740 millóns máis que cando gobernaban vostedes. Hoxe no Sergas traballan 7.000 profesionais máis que cando gobernaban vostedes. Hoxe adicamos un 39 por cento do orzamento da Xunta á sanidade, fronte ao 34 por cento, cinco puntos menos que adicaban nacionalistas e socialistas. Pero, a pesar destes datos, acúsannos a nós de recortar, porque, como dixo unha distinguida deputada socialista ao conselleiro de Falcenda, temos que deixar de lado os números, ¿verdade?

Señorías, eu creo que vostedes confunden recortes con axustes, e non son o mesmo. Miren, un recorte, póñolles o exemplo, é o que fixo o presidente socialista Rodríguez Zapatero cando reduciu o salario de todos os traballadores públicos nunha media do 5 por cento para toda a súa vida; concretamente aos traballadores do Sergas recortoulles nese primeiro ano 57 millóns de euros das súas nóminas, para sempre, para toda a vida. Penso que é un excelente exemplo de recorte.

Como exemplo de axuste, en cambio, porei un que fixo un goberno do Partido Popular, este goberno, implantando o consumo de medicamentos xenéricos e reducindo de maneira moi importante o gasto farmacéutico.

Por iso, cando a señora Pontón e o señor Besteiro nos acusan de reducir o gasto sanitario, están facendo trampa, porque mesturan os seus recortes salariais, máis de 850 millóns de euros acumulados desde que tomaron esa decisión, cos aforros que impulsamos nós en farmacia, que son case 2.000 millóns de aforro desde que tomamos esa decisión. *(Aplausos.)* ¿Entenden agora a diferenza entre recorte e axuste? Eu estou seguro de que a entenden, ¡eh!, estou tan seguro como que lles vai dar exactamente igual, que van seguir repetindo as mesmas mentiras.

Pero, falando de mentiras, imos abordar a segunda das súas recorrentes acusacións: a privatización da sanidade, e, unha vez máis, prescindindo dos datos, como lles gusta ás súas señorías. Durante os catro anos que vostedes gobernaron Galicia incrementaron os concertos sanitarios un 48 por cento, 48 por cento en catro anos, ¡eh!; quince anos despois, o pérfido Partido Popular aínda está por debaixo da porcentaxe do orzamento que vostedes adicaban no seu momento a concertos, o 6 por cento, a porcentaxe máis alta da historia de Galicia.

E ¿como se explica que con estes datos vostedes se atreven a facer estas acusacións? Pois, unha vez máis, debemos consultar o dicionario de benegués. ¿Que significa «privatizar» en galego? Transferir ao sector privado unha actividade ou unha empresa do sector público; no caso que nos ocupa, sería a cesión a unha empresa da xestión dun servizo sanitario. Pero ¿cal é a definición de «privatizar» en benegués? Leo: transferir ao sector privado durante un goberno do PP; para gobernos de esquerda, substituír polo termo «externalizar». E, unha vez máis, aquí radicaba o problema: no distinto significado de dous termos morfolóxica e foneticamente idénticos; ten que ser iso ou que perderon vostedes todo o sentido da decencia. Porque hai que ser dunha pasta especial para facer esta acusación cos seus antecedentes. Non só porque ao Consello de Contas, que ten moita atención nos seus informes, parece que se lle escapou que afirma que ningún goberno, ningún, adicou máis orzamento a concertos sanitarios que o Goberno bipartito, senón porque hoxe, tamén grazas a esa co-



misión de investigación, sabemos algunhas cousas, como que vostedes tentaron unha privatización masiva, perdón, unha externalización masiva dos hospitais galegos.

Primeiro coñecémolo documentalmente. Foron vostedes os que mudaron os estatutos de sociedades públicas para permitir a xestión hospitalaria, foron vostedes os que solicitaron un informe para construír infraestruturas sanitarias a través da colaboración público-privada e foron vostedes os que pretendían constituír unha sociedade mixta co 90 por cento de capital privado e o 10 por cento de público para edificar e xestionar esas infraestruturas. Foron vostedes os que querían impulsar o maior proceso de privatización da historia da nosa sanidade pública, que incluía a construción público-privada de dous hospitais, incluíndo o Álvaro Cunqueiro, ademais da reforma e ampliación doutros sete e seis centros de alta resolución. E todo isto ratificouno en sede parlamentaria un responsable de Garrigues, que foi a empresa que contrataron vostedes, non nós, vostedes, para que lles deseñara a folla de ruta para ese plan, e nin sequera tiveron a decencia de pagarlle. ¡É que é unha cousa increíble! O único que impediu ese plan de privatización, señorías, é que, antes de que puidera poñer en marcha, consultáronlles aos galegos, e os galegos, despois de catro anos, puxéronos na rúa. *(Aplausos.)*

Agora afírmannos que nunca, nunca pensaron en privatizar ¡eh!, nunca. Eles simplemente querían facelo pola vía do orzamento directo público, que é a única compatible coa súa fonda, ¿verdade?, e alta expectativa ideolóxica. Pero, claro, por curiosidade, por curiosidade, consultaron como saía a alternativa; entón, por curiosidade, dilapidaron decenas de miles de euros en deseñar unha alternativa que tiñan descartada. Por curiosidade modificaron os estatutos das sociedades públicas e por curiosidade se desprazaron a Alzira a coñecer o modelo de xestión público-privada. Eu pregunto, por curiosidade: ¿vostedes tomaron os galegos por parvos? Porque tal parecera, señorías. *(Aplausos.)*

Fomos nós, señorías, fomos nós os que construimos un dos mellores hospitais de Europa durante a maior crise financeira da nosa historia. E, por certo, tamén fomos quen de construír, ampliar e renovar a práctica totalidade dos hospitais da nosa comunidade, asumidos, por certo, con cargo ás arcas autonómicas, para o que nunca tivemos que facer estudos alternativos.

Porque é innecesario, tan innecesario como que vostedes continúen mentindo aos galegos. Por certo, señora Pontón, falou hoxe vostede de nomeamentos dixitais. É que me obriga, señora Pontón, teño que facerlle de novo unha pregunta. Señora Pontón, ¿vostede pode garantir que no seu contorno familiar non hai persoas beneficiadas por parte de axudas directas de institucións gobernadas polo BNG? *(Murmurios.)* ¿Como era aquilo que dicía a señora Pontón? Tal vez o seu silencioooo..., ¿verdade? *(Aplausos.)*

¡Ai!, señorías, temos unha sanidade pública fantástica, que experimentou unha evolución sen precedentes, pero vostedes seguen falando dela como se quedasen no 2009.

Miren, hoxe temos programas de cribado de cancro, de cribados neonatais, e o calendario vacinal ou a extensión de mamógrafos a todas as áreas sanitarias supuxeron un avance sen precedentes na prevención. O establecemento das vías rápidas, iniciado no 2009, por certo,



supón un acceso preferente a enfermos oncolóxicos en prazos que hoxe rondan os cinco e os seis días.

Vostedes seguen contabilizando camas, cando hoxe a cirurxía ambulatoria é unha realidade completamente estendida, ou cando operacións que antes implicaban estancias hospitalarias de semanas obteñen a alta en corenta e oito horas. Hoxe gozamos de cirurxía robótica de última xeración nas sete áreas sanitarias. Estamos en plena construción do primeiro centro de protonterapia de España, implantando terapias CAR-T, ademais de incorporar unha multitude de especialidades nos mesmos hospitais comarcais que vostedes aseguraban que íamos pechar.

Estamos orgullosísimos da nosa sanidade, e eu estou seguro de que o próximo ano aínda estaremos máis orgullosos. *(Aplausos.)*

Señorías, apenas completamos o primeiro ano de lexislatura, e aínda queda moito camiño por percorrer. Temos que alcanzar esas 4.000 vivendas públicas que queremos construír nesta lexislatura. Temos que comprometernos para avanzar nunha igualdade real, completa e definitiva entre homes e mulleres, con medidas, por exemplo, que se anunciaron hoxe, comprometéndonos coa desaparición da fenda entre o rural e urbano; comprometéndonos co futuro da investigación e innovación, pero tamén do sector do mar ou do campo; comprometéndonos a desenvolver o noso autogoberno, algo tan importante para vostedes que nin sequera perderon media hora en asistir ao acto de traspaso de competencias do litoral. ¡Que falta de altura, señoría! Comprometéndonos, en definitiva, coa Galicia que demandan os galegos, os mesmos galegos que co seu voto decidiron manter alonxada esta terra dos extremismos.

Pero, señoría, non é coherente solicitar o voto dos galegos aparentando moderación e despois exercer unha oposición de pancarta, algarada e insulto. O máis sorprendente de todo é que os que fixeron do insulto a súa principal ferramenta política veñen acusar os demais. Resulta sorprendente, así que tiven que recorrer novamente ao noso dicionario para ver se me aclara esta cuestión.

«Insulto», en galego: acto ou palabra que ofende gravemente. Eu penso que é unha definición que podemos compartir a inmensa maioría. Do mesmo xeito que creo que podemos compartir que cualificar de asasinos funcionarios públicos, ou acusalos de facer traxes á medida dunha empresa, é bastante ofensivo. Chamar panda de psicópatas os membros do Goberno parece bastante ofensivo, tanto como descualificaron a conselleira pola súa soa condición de muller.

Nesta Cámara escoitamos un membro da mesa disertar sobre a normalidade de chamar matón o voceiro da maioría. Escoitamos tamén defender o dereito dos invitados dun determinado grupo a interromper un orador no uso da palabra. Aquí escoitamos como se nos chamaba herdeiros do franquismo, para reclamar máis visitas ao pazo de Meirás, por parte por certo dos que agora calan namentres é imposible visitar ese mesmo pazo dende que pasou a ser responsabilidade do Estado.

Aquí chamóusenos chamou racistas, por pedir fondos para garantir unha mellor atención aos menores inmigrantes non acompañados, por parte do mesmo partido incapaz de explicar a



morte de trinta inmigrantes na valla de Melilla e que acaba de negociar a cesión da competencia de inmigración cun partido ao que denominaron representantes de Le Pen en España.

Aquí, por reunirnos cun goberno democraticamente elixido, acusáronnos de ultras, os mesmos que acudiron a Venezuela a validar o pucheirazo electoral dun tirano, ou a Euskadi a festexar do ganchete dos herdeiros dunha banda que utilizaba o asasinato como ferramenta política. *(Aplausos.)* E non se pode estar, señora Pontón, co Papa e co diaño, non ao mesmo tempo, señora Pontón.

Pero nada disto lles pareceu insultante. Así que pregunteime: ¿que é para vostedes un insulto? «Insulto»: calquera crítica a partidos ou líderes da esquerda, e acabáramos. Por iso a lideresa do BNG séntese insultada, porque criticamos que leve máis de dúas décadas no escano do Parlamento sen gañar nin unha soa elección; e, ademais, afirma que iso é machismo, porque outros líderes levan tamén moito tempo e non se lles critica.

Hoxe incluso cualificou de ególatra o presidente da Xunta. Vostede, que se autoproclamou presidenta da Xunta sen que a votara ningún, vén aquí acusar un presidente, votado, de ególatra. *(Aplausos.)*

Mire, señora Pontón, eu creo que vostede non entendeu o concepto. O problema non ten que ver co seu xénero, nin sequera co tempo transcorrido; o que se critica é que vostede permaneza no escano acumulando derrota, tras derrota, tras derrota durante vinte e un anos. Certo que o presidente, ou o propio señor Besteiro, levan anos en política, pero eles de cando en cando obtiveron a confianza dos votantes, un con máis éxito que outro, tamén llo digo, señor Besteiro. Pero vostede non, señora Pontón, vostede non.

Mire, nunha das miñas películas favoritas, seguro que a coñecen, «Cadena perpetua», aparece un personaxe... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —alégrome de que lles guste— ...que define perfectamente a situación da señora Pontón, Ellis Boyd, un preso que cumpre máis de cincuenta anos de condena e que dentro da prisión é considerado un home importante, culto, merecedor do máximo respecto, pero fóra desas catro paredes é incapaz de comprender un mundo que avanzou namentres el permanecía illado da realidade. Por iso Ellis Boyd aférrase desesperadamente ao seu cativerio, porque está —seguro que o recordan— institucionalizado.

Este Parlamento non ten nada que ver cunha prisión, pero, señora Pontón, temo que está vostede institucionalizada, e que leva tantos anos encadeada a ese escano que a teñen illada completamente da realidade de Galicia. Non se aferre, señoría, sexa valente, aínda é nova e está a tempo de comprobar que hai vida fóra do Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)* ¡Sexa valente!

Do mesmo xeito, señor Besteiro, que o quero animar a vostede a emanciparse, a catar o doce froito da liberdade e atreverse a separarse, aínda que sexa minimamente, da ortodoxia de Ferraz; e tamén, por certo, a seguir impartindo leccións de autobombo. Vostede, que cando era presidente *(O señor Pazos Couñago mostra unha fotografía.)* inaugurou campos de fútbol que levaban o seu propio nome, e veu aquí falar de autobombo; é unha cousa certamente sorprendente.



Señorías, Galicia non cabe nas estratexias ideolóxicas das súas siglas e necesita que cheguemos a consensos básicos, necesitan que falemos o mesmo idioma. Pero ata no intento en que estamos a facer por fortalecer esta lingua común, os do «non» a todo decidiron levantarse da mesa na que estamos todos sentados, porque parecen máis interesados en reforzar o benegués que en fortalecer o galego; prefiren utilizar a lingua como unha escusa para non falar que como unha lingua para entendernos.

Señor presidente, hai un ano os galegos tiveron a responsabilidade de elixir entre tres proxectos principais, moi diferentes, como os liderados de cada un deses proxectos. E as opcións estaban claras. Os galegos podían elixir un partido que ten moi claro o que quere para a súa terra; tamén podían elixir un partido que ten moi claro o que non quere para a súa terra; e tiñan a terceira opción, que era elixir un partido que nin sabe o que quere nin sabe o que non quere para esta terra.

Pero ¿que pasou? Que os galegos o teñen claro, coma nós. Teñen moi claro o que queren para a súa terra, e por iso elixiron un proxecto para unha Galicia consciente das dificultades, pero confiada nas súas posibilidades; unha Galicia optimista, vital, con grandes esperanzas cara ao seu futuro. E para gañar ese futuro elixiron un presidente libre, autónomo e sen máis tutela que a do pobo galego.

Eu teño a firme convicción de que hoxe os galegos teñen máis motivos para o optimismo que hai un ano, e estou seguro de que estamos no camiño correcto para que esas grandes esperanzas se transformen en grandes realidades. Certo que aínda temos camiño longo por percorrer, pero os galegos sabemos, mellor que ninguén, que ningún camiño produce maior satisfacción que aquel que ten como meta Galicia.

Alcanzado o final desta primeira etapa, tan só, presidente, me resta agradecerlle o moito feito, e, para o que aínda falta por facer, desexarlle fortuna, como só sabemos facer os galegos. Así que, presidente, ¡boa sorte e bo camiño! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos suspender durante uns dez minutos, e avisaremos mediante sinal acústico.

Suspéndese a sesión durante uns minutos.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE: Retomamos a sesión coa resposta do presidente da Xunta.

Cando queira.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, presidente.

Señorías.



Un saúdo aos convidados que están na tribuna —que supoño que cambiarían algo, polo menos, respecto dos da mañá—, á miña familia, especialmente, que está aí, e a todos os que nos están seguindo.

Eu o que vou facer é intentar —creo que é o lóxico, o axeitado e o que teño que facer— ir respondendo —a todo non vou ser capaz, probablemente— a varias das cousas que se dixeron aquí nas intervencións desta tarde, e despois, se mo permiten, vou facer unha reflexión xeral, que creo que é acaída, respecto do que intentei dicir á mañá e no que me reafirmo despois de escoitar todo o que se dixo esta tarde.

Empezo polo portavoz de Democracia Ourensana, o señor Ojea. Señor Ojea, agradézolle, primeiro, o ton, como é habitual nas súas intervencións, e agradézolle, ademais —escoitando despois tanto o portavoz do Partido Socialista como a portavoz do BNG—, que me escoitara, porque creo que foi o que realmente me escoitou á mañá e o que fixo algunha reflexión sobre o dito pola mañá. Polo tanto, intentarei corresponder, por suposto, con todos, pero, neste caso, vai ser máis sinxelo porque vostede falou de máis cousas, pero tamén do que eu dixen esta mañá.

O primeiro que teño que dicirlle, señor Ojea —e escoitei tamén a súa intervención de valoración do discurso da mañá—, é que a Xunta de Galicia fixo moitas cousas en Ourense. É lóxico —está no seu papel, por suposto— reclamar cantos máis investimentos mellor para a provincia de Ourense, pero, por darlle algún dato, direille que o investimento per cápita da Xunta de Galicia en Ourense é un 22 por cento superior á media do investimento en toda Galicia. A media de Galicia son 4.716 euros e en Ourense son 5.742. Dígoo porque creo que hai que poñer as cousas na súa xusta medida. E nos últimos tres anos os orzamentos da Xunta de Galicia destinados a Ourense medraron un 8 por cento por enriba do que medraron —que tamén medraron— os orzamentos da Xunta de Galicia.

O total de investimentos —non vou facer o desglose, estou á súa disposición; probablemente o teña, e, se non, pódollo facilitar— previstos na provincia de Ourense para este 2025 son 223 millóns de euros. Son orzamentos en sanidade, en infraestruturas e en mobilidade, en vivenda, en educación, en política social e rural, e outras; nas que caben uns cantos investimentos máis que non se poden encadrar nestes apartados.

Polo tanto, eu creo que o investimento é importante. Entendo perfectamente, e está no seu papel —insisto—, que reclame canto máis investimento, mellor, pero son 223 millóns de euros só en investimentos. *(Aplausos.)*

Hai algunha reflexión que vostede fixo e que me pareceu bastante acaída, como a primeira, na que falaba da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, e dicía que, efectivamente, a Lei do litoral en principio non lle afecta, pero fixo unha referencia á Confederación Hidrográfica Miño-Sil. ¡Encantado, señor Ojea, encantada a Xunta de Galicia, encantado vostede, segundo lle escoitei, e encantados moitísimos alcaldes de todos os partidos da provincia de Ourense, e non só da provincia de Ourense, que teñen moitísimas queixas respecto deste organismo —por certo, estatal—!



Polo tanto, sabe que hai unha conca que xestiona a Xunta de Galicia —hai máis, pero das principais— que se refire aos ríos da Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Polo tanto, se está polo labor, tamén podemos animarnos. Dicía esta mañá que todo o autonomismo útil e as competencias que vallan nós estamos dispostos a consideralos.

Dicía que non se mencionou Ourense especificamente no discurso desta mañá. Eu creo que hai moitísimas actuacións que poden encadrarse perfectamente na provincia de Ourense, e algunhas especialmente na provincia de Ourense.

Na área de administración local, falabamos de ter un tratamento especial e orzado para os concellos de menor tamaño, moitos na provincia de Ourense; falabamos de atención primaria, dos investimentos que se fixeron, moitos na provincia de Ourense; falabamos da Estratexia Retorna, e moitos retornados están na provincia de Ourense; falabamos das pequenas escolas que non se están pechando a partir de 5, e xa hai perspectiva e boa matrícula, moitas na provincia Ourense; falabamos das residencias que queremos facer en pequenos concellos, moitos na provincia Ourense; falabamos do servizo de asistencia no fogar, que atinxe a moitos concellos da provincia de Ourense; falabamos das intervencións en materia de medio ambiente e loita contra o cambio climático, dese convenio específico que temos, e ningún concello ten máis cantidade este ano para plantar árbores —de acordo co que reclamou o alcalde de Ourense— que o concello do que vostede é concelleiro; falabamos de turismo, da importancia do termalismo; vostede falaba tamén —e agora falarei eu— da importancia dos recursos mineiros; falabamos das bonificacións fiscais, dos impostos no rural, moitos no concello de Ourense; falabamos da rehabilitación de vivendas, moitas en concellos pequenos, e falabamos de moitas cousas —insisto— que creo que afectan a provincia de Ourense.

Dicía vostede e dicía ben que se as cousas se auditan, se examinan e están ben, non tería ningún sentido non dicir que poden ir para adiante. Falaba disto cando falaba do Plan de industrialización. Dígolle unha cousa: se Altri ou calquera outra empresa estivese na provincia de Ourense e lle molestase aos de sempre, en Ourense non se podería poñer. E vería vostede... Claro, esta non está nesta provincia, haberá outras, e ao mellor non lle atinxen directamente, pero xa ten unha afección directa. E xa están os que sen coñecer absolutamente nada de que vai o proxecto de minería que se quere poñer en Ourense están dicindo que non, que é un espolio, que é para esquilmar e que é para os amigos dos amigos de non sei quen..., esa teoría de sempre. Entón, algo... Iso si, a postos de traballo no rural, a industrias no rural e a non despoboar o rural din si; agora si, a industrias, para que iso non pase, a iso, non. Eses son os que ten aí, señor Ojea. *(Aplausos.)*

Falábame dunha parcela na Limia que ten dereitos de voo. Efectivamente, pódese considerar. Pedín información de cal era esa parcela. Estábase utilizando incluso para voos do Servizo Galego Contraincendios e, dende logo, se ten algunha cabida... Si, teñen vostedes Coasa, unha empresa importante, das que, ademais, cando deseñamos todo este sistema que anunciei á mañá, é das que podía beneficiarse de todo o que queremos facer na reformulación das empresas que agora poden acollerse a este novo contexto internacional e traballar para a defensa.

Falaba das concentracións parcelarias. Efectivamente, son moi importantes para estruturar a terra; en Ourense, tamén. Por certo, respecto dos polígonos agroforestais, desa nova fór-



mula que estamos impulsando, quero dicirlle que os dous que están máis no forno, a piques xa de ser unha realidade, están na provincia de Ourense.

Falaba do Bono Peixe. Tamén é para as peixerías en Ourense, que hai moitas e moi boas. Non só é para os que pescan, tamén é para os que venden. Dígoo para que os que se rían, que se rían dobremente, dos que o pescan e dos que o venden, dos dous. *(Aplausos.)*

Falaba da Vía da Prata. Estou de acordo, ten menos peregrinos que outros camiños, e hai moitos factores, pero isto hai que corrixilo, porque é un camiño precioso —que coñezo ben e que intentarei facelo este ano tamén— e no que a Xunta de Galicia está investindo cantidades importantes. E nesa estratexia de diversificación que temos queremos que sigan vindo peregrinos, pero tamén que coñezan outros sitios de Galicia, que utilicen outras rutas que estamos mantendo en perfecto estado. A Vía da Prata paréceme unha magnífica oportunidade, igual que o Camiño de Inverno, para que cada vez haxa máis peregrinos e iso cree riqueza, a riqueza que crea ese tipo de turismo.

E, señor Besteiro, dúas cousas. Primeiro, mire, un respecto —e tamén llo digo á señora Pontón—. Moito lles amolou esa conmemoración que fixemos hai unha semana. Levan unha semana falando dela. Cando alguén fai unha cousa porque está convencido e despois se segue falando dela, eu o primeiro que teño que facer é darlle as grazas porque, efectivamente, seguen recordando que fixemos un acto para que se soubese que o Goberno galego cos impostos de todos cumpre os compromisos e está facendo cousas. *(Aplausos.)* Polo tanto, moitas grazas por seguir falando diso. Pero pídolle un respecto para as persoas que alí faláron. Foron libremente, ninguén foi cunha pistola... Non sei se vostedes fan esas cousas. Nós non. E, por tanto, quen foi alí foi libremente a dar a cara, a agradecer e a dicir que, grazas ao esforzo de todos os galegos, eles crían que as cousas se estaban facendo ben. Iso é de valentes. Eu agradeцинlles alí que desen a cara, pero foron voluntariamente.

Supoño que non lles está gustando absolutamente nada e que vostede non sería capaz de dicirlle á cara a esa xente que foron alí obrigados, que foi unha vergonza e que tivo..., xa non sei as palabras que utilizou e que non quero utilizar eu. Eu non veño aquí responder a iso, porque, ademais, aí si que esgotaría o tempo —diciálles aos meus compañeiros que intentaría non estenderme demasiado—, non veño responder a todos os descualificativos que tiven que escoitar hoxe aquí. Só o vou facer en dúas ocasións. E non descualificativos... Simplemente quero dicirlle, señor Besteiro, que se vostede di que estou facendo tantas festas, ao mellor, fago unha festa o día do seu santo. Eu non o celebro en agosto, celébroo o 23 de xaneiro, o Día de San Ildefonso. O ano que vén cae en venres. Está vostede invitado. O que non sei é se, sendo venres, o que estará de festa será vostede, señor Besteiro. Iso hai que velo, jiso hai que velo! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

E, mire, entrando xa en materia das cousas, dicía que ía intentar responder ao que me dixeron. Falaba do Rexistro de Demandantes de Vivenda. Supoño que vostede sabe —pero, se o sabe, non entendo o que dixo— que estar no Rexistro de Demandantes é compatible con estar obtendo outras axudas con cargo aos fondos públicos que a Xunta destina a vivenda. Non sei se o sabía ou non o sabía. Se non o sabía, xa o sabe; e, se o sabía, pois non entendo moi ben o que dixo.



Mire, ¿sabe cantas vivendas fixo o Goberno central dende o ano 2018 en Galicia? ¿Sabe cantas? Cero, señor Besteiro. ¡Cero! Si, si... Se é competencia nosa, ¿por que se reservan 400 millóns dos fondos Next Generation en vivenda para executalos eles e non nolos dan a nós, señor Besteiro? ¿Por que, entón? (Aplausos.) Dígallelo.

E está moi ben que nos digan que é competencia nosa tendo un ministerio de Vivenda que forma parte dos 22 —paréceme que son— que non sabemos moi ben a que se dedican. Efectivamente, podía ser nosa, e executariámola, como executamos practicamente o cen por cento dos fondos en vivenda —esa falacia que din vostedes—. Mire, o nivel de execución do orzamento de vivenda do IGVS nos últimos anos é superior en catro ou cinco puntos —non moitos máis, é das poucas cousas que funcionaba ben no Bipartito, medianamente ben, con respecto a nós— de execución media nestes últimos cinco anos do que tiñan vostedes. Polo tanto, todas estas cousas que din, esas cifras que manipulan, teño que dicir que en vivenda non son verdade. E no que ten que ver cos fondos europeos Next Generation, o cen por cento, menos 2 millóns que imos convocar agora en axudas para eficiencia enerxética dos edificios. Isto hai que dicilo porque é así. Dígoo porque isto o repiten moito e non é verdade en absoluto.

E sigo pola orde na que vostede interveu, que foi como fun tomando nota. Resulta que agora, que somos a única comunidade autónoma que ten as taxas universitarias gratuítas —Adrián Barbón, presidente de Asturias, socialista, agora parece ser que o vai facer tamén—, que somos a única, iso agora xa non é ningún logro, non vale para nada e agora resulta que o problema é o desprazamento dos universitarios á universidade. Polo tanto, iso non ten ningún valor. Pois mire, señor Besteiro, se non ten ningún valor, dígalles a todas as familias, a todos os universitarios, que este ano aforraron de media 900 euros ao facer a matrícula, se iso ten valor ou non ten valor. (Aplausos.)

Despois, dixo algunhas cousas —algunhas apunteinas; outras, xa non— nas que eu lle recomendo que teña mellor información. Di que Sogama está penalizada pola Unión Europea. Xa nos dirá en que. Están Nostián e O Barbanza. O sistema de Sogama non está, señor Besteiro. ¡Que lle fagan ben as notas! Porque, claro, despois di aquí estas cousas, e eu tam pouco quero facer máis sangue disto, pero, de verdade, estes temas debería estudalos un pouco máis.

E, mire, célebroo —polo menos hoxe tivo un bo día— porque hoxe nos enteramos de que proxectos industriais —por certo, máis dun en Galicia, para crear postos de traballo— non van ter ningunha axuda pública do Goberno socialista. Vostede celébrao, ¡vostede celébrao! ¡Moi ben!, pois supoño que estará contentísimo de que vaian 60 millóns a Puertollano, por exemplo, a unha empresa que non ten nin sequera a declaración de impacto ambiental e que non está nin sequera empezada. ¡Iso é bo, non pasa nada, sempre e cando a Galicia non veña absolutamente nada...! ¡E eu, que crin que non lle facían moito caso no Goberno central...! Ben, fanlle caso para as cousas que a Galicia non lle conveñen. Se vostede cre que iso é para celebrar, pois paréceme fantástico. Despois non pida que veñan industrias a Galicia ou non pida que veñan industrias solventes. Resulta que agora o problema principal... Entón, ¿canto vai dar a Xunta de Galicia? Mire, había unha oportunidade, dixémolo desde o principio, e a Xunta de Galicia non vai dar nada, ¡non vai dar nada! Había un montón de cartos que se van perder. Acaba de recibir unha soa industria máis de 60 millóns en Ciudad Real e o líder dos



socialistas de Galicia o celebra, sobre todo porque non veu nada para Galicia. ¡Este é o señor Besteiro! (*Aplausos.*)

Reunión, aranceis. Acúsame vostede de estar desaparecido —non vou tampouco facer aí..., e tería moita facilidade para dicir moitas cousas—, simplemente lle digo que o que fixemos foi seguir as recomendacións do propio Goberno central, que nos pediu que primeiro houboese unha reunión, que foi o xoves, na que estivo a conselleira, para ver como nos coordinamos todos a nivel nacional, e que despois tivésemos as nosas. Reunión: o xoves pola tarde co Goberno central; e reunión con todo o mundo o luns pola mañá, porque o venres non dá tempo a facelas, señor Besteiro. Polo tanto, se cre que estabamos durmidos... Creo que non foi afortunado, sinceramente, coas declaracións e non creo que sexa unha crítica que veña a conto para nada.

«A mocidade marcha». Este é outro mantra que teñen —a señora Pontón tamén o dixo—. Mire, saldo migratorio —isto xa o dixemos máis veces, pero dá igual, é como o da execución do gasto en vivenda—, datos oficiais: dende o ano 2009 entraron en Galicia 87.000 persoas máis das que saíron. ¿Saen persoas? ¡Por suposto! ¿Entran persoas? Si, e moitas máis. Desas 87.000 máis que entraron, 40.000 tiñan entre 16 e 30 anos. Di: «Non, é que a xente nova foxe de Galicia e non vén». Pois, 40.000 entre 16 e 30 anos.

Saldo migratorio do ano 2023 —que é o último ano que temos con datos pechados—: positivo en 28.000 persoas. Destes 28.000, galegos do exterior, 8.500, e case dous terzos deses 8.500 son menores de 45 anos —Estratexia Retorna—. Para pechar estes datos destes mantras falsos que vostedes estenden, ¿cal foi o ano onde se bateu o récord de saída de mozos en Galicia, 39.328 mozos? O ano 2007; nunca houbo tantos mozos que saísen. ¿Quen gobernaba no 2007? Todo o mundo o sabe, ¡todo o mundo o sabe! (*Aplausos.*)

«A Xunta paraliza a eólica en Galicia». Vostede non le os periódicos, señor Besteiro, sinceramente, e, se os le, temos interpretacións completamente diferentes. ¿Que nós paralizamos a eólica en Galicia?, ¿nós, que recorremos e gañamos ante o Supremo catro sentenzas seguidas precisamente por esta paralización?... O problema, señor Besteiro, aquí... Por certo, deu vostede uns datos de consumo, de renovables... e, mire, simplemente datos oficiais de Red Eléctrica de España: a xeración renovable en Galicia aumentou un 8 por cento e chegou ata o 84,6 por cento do consumo. Creo que son 50 puntos máis do que vostede dixo do total de enerxía eléctrica que se consome en Galicia. Insisto, son datos de Red Eléctrica. Se quere o desglose da eólica, ciclo combinado..., tamén o teño.

O problema aquí non é a produción, mentres nos deixen facelo; o problema é a conexión eléctrica. Eu díxenlles a diferentes responsables socialistas nos ministerios que este é un problema enorme, porque iso nolo din tamén os emprendedores que queren montar industrias, e nada fixeron e parece ser que nada van facer, polo menos en Galicia. Xa veremos se a estas industrias ás que están dándolles cartos tamén lles van dar a conexión eléctrica, en detrimento da capacidade que tiña que ir a Galicia. Espero que alí sexa eficaz para dicir que iso non o poden facer.

Di tamén que paralizamos a eólica mariña. ¿Pero non sabe vostede que estamos todos días dicíndolle ao Ministerio que ten que darlle para adiante xa a eses temas? Por suposto «os do non» non están de acordo.



Di que paralizamos o hidróxeno. ¡Pero se resulta que aos proxectos galegos que se presentaron aos PERTE de hidróxeno non lles dan practicamente cartos! ¡Se resulta que tivemos que buscarnos a vida nós mesmos para non quedar illados —comentáballo esta mañá— dos gasodutos no futuro; hidrodutos que nos conectarían con Europa! E os diferentes ministerios mirando para outro lado, porque Galicia aquí non é importante.

Díxome tamén que teño que visitar o meu amigo Milei para falarlle dos dereitos de peche que nos quere quitar. Pero non sei se sabe vostede que eu estiven en Argentina, nos caladoiros, nos lugares onde traballan as empresas galegas, precisamente por isto. E xa, a partir de aí, que teño que falar co meu amigo Milei... Un día, tomando un café, explicámo, porque non o sigo, sinceramente; son destas cousas nas que eu intentei entender o que me quere dicir, pero ás veces é difícil, señor Besteiro.

Respecto do financiamento, voulle facer unha pregunta: os 4.000 millóns de euros aos que, segundo vostede dixo aquí, en sede parlamentaria, estamos renunciando, ¿vounos poder gastar en hospitais, en dependencia, en servizos sociais, en escolas...? Aínda non me dixo nada diso. (*Murmurios.*) Si, si... Xa lle dixen, se os podemos gastar, mañá mesmo imos a Madrid os dous a dicir que o que faga falta, señor Besteiro. Pero vostede foi o que dixo aquí que eran 4.000 millóns para gastar libremente, sabendo que non é verdade, ou, ao mellor, non o sabía e enterouse despois. Pero é mentira, señor Besteiro, non se pode facer; é un negocio ruinoso para Galicia, xa llo dicía esta mañá: 600 millóns de euros máis de débeda, 223 por galego.

Dime que eu non quero nin a condenación nin un novo modelo de financiamento. ¡Pero se é o que quero eu exactamente, un novo modelo de financiamento! O que estou dicindo sempre é que se nos dan un modelo de financiamento incluso acepto a condonación, o malo é que queren condonación, pero non modelo de financiamento. E Galicia non quere asumir a débeda das comunidades apalancadas —as que os sosteñen a vostedes no Goberno—, o que quere son, como mínimo, 500 millóns de euros ao ano. (*Aplausos.*) E isto estámolos dicindo todos os días, a ver se se entera vostede e o transmite.

Esta é boa, señor Besteiro: resulta que a AP-9 non é gratuíta por culpa de José María Aznar. ¿Isto quen o di?, ¿o señor Besteiro, hoxe, que é o 23 de abril e que está aquí, no DEA? Isto que o diga o señor Besteiro que estivo comigo no debate electoral na Galega, na campaña de hai un ano. Dixo que ía ser gratuíta a AP-9. O señor Besteiro do futuro que fale co señor Besteiro do pasado e que se poñan de acordo, señor Besteiro, ou que recoñeza que naquel momento foi unha cousa que dixo alegremente, porque vostedes sabía de sobra que o de ser presidente o tiña bastante complicado.

E, por certo, Autoestradas di que tomemos exemplo do que fixeron vostedes por fin; por fin, despois de tomarlle o pelo ao Bloque durante moitísimo tempo, porque isto das bonificacións estaba feito hai un montón de tempo. Por fin foi verdade, e celebrámolo. Cando hai algunha cousa boa, nós recoñecémola, non temos ningún problema. As bonificacións tardaron anos, señora Pontón. Prometéronllelo hai anos e estivéronos toureando, e vostedes, calados —por esa mansedume que teñen en Madrid fronte á bravura que teñen aquí—; un montón de anos para dállelas. E, ao final, ¿sabe que pasa, señor Besteiro? ¿Sabe que pasa, señora Pontón? Que, mesmo con todas as bonificacións que venderon a bombo e platillo, seguen sendo de



media un 6 por cento máis caras que as estradas autonómicas, e iso é unha realidade que teñen que saber. *(Aplausos.)*

Respecto das conexións ferroviarias, dime que si, que iso da conexión ferroviaria de Lugo e Ferrol está ben, pero que o importante é o tren con Portugal. Para min, si; para min é importante todo. Para vostede isto é unha anécdota; como o teñen que facer vostedes, é mellor falar do que ten que facer Portugal.

Mire, eu digo que Portugal está cumprindo, porque o que quero é espoliar ao meu goberno —que tamén é o meu Goberno— e que faga o que ten que facer, que non fixo absolutamente nada. Portugal, polo menos, está licitando. Poderán saír máis ou menos ben as licitacións, pero está licitando, e iso quere dicir que hai consignacións. Vostedes non teñen absolutamente nada. Entón, hai que falar de Portugal e dicir que iso de Lugo e Ferrol non ten tanta importancia. E, por certo, voulle dicir unha cousa: que un representante de Pedro Sánchez, do Ministerio de Fomento —porque é o que vostede, un delegado dos ministerios en Madrid para moitas cousas— fale do tren sen poñerse vermello, despois do espectáculo que estamos vendo —como que non se poidan reservar billetes máis alá duns días, que son carísimos, e que todas as frecuencias e os trens que nos prometeron son mentira—... Señor Besteiro, debería ser un pouco máis prudente. ¿Sabe que creo? Creo que desde aquel día, en plena campaña electoral, ou cando faltaba moi pouco para empezar, que vostede veu co ministro Puente e lle deu un bico-tren, desde ese día gafouno todo, señor Besteiro, directamente, e a partir de aí está pasando o que está pasando. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Esa foto do señor Besteiro e dos Reis Magos dándolle un bico a un Alvia ao final non saíu moi ben, señor Besteiro. *(Risos.)* Oxalá saíse ben e lle dixese: mire, estivo ben e foi un acicate, pero foi todo o contrario.

En canto á sanidade, dime que o problema é que hai médicos por aí, un montón de médicos, de persoal sanitario, e que nós, como o que queremos é ter moitas críticas en sanidade e queremos aforrar, tendo o orzamento récord en sanidade —que levamos moitos anos así, pero este ano especialmente—, que a eses médicos que están por aí desexando que os contratemos nós dicímoslles que non e que vaian a outros sitios. Señor Besteiro, vostede ou non se entera ou lle dan os datos mal ou non entendo nada. Eu volvo dicir aquí que calquera médico —de bastantes especialidades, pero especialmente de primaria— que teña a habilitación para poder traballar en Galicia, que veña, que traballará sen ningún problema; ¡que veña, que traballará sen ningún problema! *(Aplausos.)*

E mire, última cosa, di que votamos en contra do uso do galego no Parlamento Europeo. Pois xa me dirá cando, porque nunca se votou isto no Parlamento Europeo. Polo tanto, un pouco de rigor. É un exemplo máis de que creo que lle pasan mal os datos, porque non creo que o faga a propósito...; dígoo eu, pola conta que lle trae.

E, mire, unha cousa que nos acaban de pasar —e como tamén falou a señora Pontón de sanidade, quero con isto responderlle e que se saiba— é que o Ministerio de Sanidade acaba de publicar os datos das listas de espera a nivel nacional esta mesma tarde —ou, polo menos, eu tiven os datos esta mesma tarde—. En Galicia mantémonos de cuartos en cirurxía. Hai que mellorar, xa me gustaría que fósemos os primeiros; con 59 días menos de espera que a espera media do Sistema nacional de saúde. Melloramos moito en consultas, porque pasa-



mos de quintos a terceiros, con 61 días de demora media menos que o Sistema nacional de saúde. E o Whatsapp que me mandaron acaba dicindo: «estamos moi contentos». Gustaríame que vostedes dixesen o mesmo. Xa sei que non o van dicir, pero nós estamos moi contentos; sinceramente, moi contentos. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, a verdade é que xa teño asistido a bastantes discursos de vostede, pero é a primeira vez que asisto a un discurso de vostede diante da Asemblea Xeral da ONU. Nunca asistira a un discurso no que vostede fixera un repaso a un montón de cousas, e, claro, parou. Todos eses alegatos antibelicistas están moi ben, o malo é que nunca lle escoitei dicir algo respecto da actitude belicista de Rusia nin nunca lle escoitei falar desas críticas fronte a Maduro. Vostede sempre tira para o mesmo lado. E, para ser crible, hai que ser imparcial e que non se lle vexa o plumero. Por certo, está moi ben falar ben do Vaticano, pero, cando fala tantas veces ben do Vaticano e fala tantas veces mal de Galicia, iso é o nacionalismo, ao final, do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* Iso é o nacionalismo.

Non quero responder a todas as cousas que dixo esta mañá: que se non teño capacidade, a iso do presidente máis antigalego, máis desleal... Iso dimo todos os mércores, señora Pontón, dígollo sempre; pero é que iso, para que teña valor, para que me impacte un pouquiño, mo tiña que dicir de vez en cando, non sempre. Entón, para vostede todo é histórico, eu son o peor sempre. Todo iso xa llo dixo a Feijóo moitas veces, todo iso xa llo dixo a Fraga —porque vostede estaba e tiña ocasión cando estaba Fraga— e agora dimo a min, e probablemente llo dirá ao próximo presidente ou presidenta do Partido Popular. ¡Alá vostede! Eu non quero entrar nesas descualificacións.

Quero responderlle a unha cousa, iso si. Mire, está a miña nai na tribuna, que sempre me dicía —sempre o contei, conteino moitas veces— que o meu pai dicía que non me metese en política. E a miña nai, que me coñecía mellor que o meu pai, dicía: como se vai meter, polo menos que faga algo máis. E resulta que fixen algo máis. E a diferenza é que cando vostede e eu deixemos a política —a ver quen a deixa antes— eu terei onde ir e vostede, non. Esa é enorme diferenza, señora Pontón. Polo tanto, pídolle un pouco de respecto. *(Aplausos.)* Non lle vale... Por min pode menear a cabeza, que a min non me molesta que menee a cabeza, nin as cousas que lle molestan a vostede. Eu non teño esa pel fina que lles dá dereito a falarlles aos demais, pero que a vostede non se lle pode falar nada. Faga os espaventos ou non os faga, ou cale ou non cale, en fin...

Non lle vale Doade. Non coñece o proxecto, como dicía antes, pero non lle vale. Xa sabemos que ao Bloque, o «non, non», isto tampouco, sen coñecer de que vai. Señor Ojea, como lle dicía, tome nota e dígalles aos veciños ourensáns que poden ver alí unha oportunidade de industrializar o rural nunha industria sostible —se non é sostible non a autorizaremos— que o Bloque xa dixo de entrada, como tantas veces, que non.

Ten algunhas cousas curiosas. Non sei se foi vostede ou o señor Besteiro, perdoen, pero, en todo caso, por se acaso pensan os dous o mesmo —creo que foi vostede—, quero dicirlle que falaba que extraer o litio, pero despois transformalo noutro sitio era un esquilme e non se podía tolerar. Bueno, pois é que, entón, ¿que lle dicimos á fábrica de Resonac, de ánodos de grafito, que hai na Coruña, que trae os materiais do Xapón ou de



Estados Unidos? ¿Que lle dicimos á industria naval, que trae materiais para os barcos doutros países? ¿Que lle dicimos a Stellantis, que trae os motores doutros países? ¿Que lle dicimos a todos aqueles que constrúen aquí, que producen valor engadido aquí, pero traen as materias primas doutros sitios?, ¿que teñen que pechar as fábricas, porque teñen que facerse nos países onde están as materias primas? ¿Quere dicirlles iso a todos os milleiros de persoas que viven destas industriais? ¿Eses traballadores tamén teñen que quedar sen traballo? E di unha cousa gloriosa. Resulta que di que o que queremos facer co eucalipto é plantar moito para que despois todo o eucalipto que non se explota aquí llelo poidamos dar aos que o queren levar a Asturias, a Portugal...; di que para iso queremos plantar eucalipto. ¡Non entendeu nada, señora Pontón, e non entenden nada, señores do Bloque! Queremos, precisamente, que todo eucalipto que agora non se está utilizando —esa é a demostración— peche o ciclo e quede a riqueza en Galicia. Iso é o que queremos facer (*Aplausos.*), e aí vese exactamente que vostedes non entenden absolutamente nada.

Dixo a frase máxica que explica perfectamente de que vai todo isto e como o entenden: «non fai falta ser un experto para contradicir os expertos». É dicir, que non teñen nin idea. Este é o resumo da filosofía que están levando vostedes: se es do Bloque, entendes de todo, e se hai un experto que levou toda a vida formándose e que ten un prestixio, non vale de nada, porque, fronte a unha ideoloxía política, fronte a un intento de utilización política, eses expertos non valen nada. Basta con ser do Bloque e levar vinte e cinco anos de deputada, sen xestionar nada público, para saber máis que calquera experto. A señora Pontón *dixit*, ¡a señora Pontón *dixit*!

Fala de «amigos das eléctricas». Son todos os seus mantras... ¿Que opina o Bloque da repotenciación, señora Pontón? ¿Que opina o Bloque da guerra que nos están planteando as grandes eléctricas en España porque din que aceleramos moito algo tan evidente e tan necesario como eliminar do monte cantos máis muíños mellor e substituílos por moitos menos? Sentímonos moi sós. Vostedes, que falan tanto nestas cousas, aquí non abriron a boca, non dixeron absolutamente nada. Non sabemos o que opina o Bloque de todo isto; non sabemos o que opina o Bloque de que os supostos amigos das eléctricas estean agora mesmo, efectivamente, cun enfrontamento coas eléctricas ata onde faga falta para obrígalas a facer algo que cremos que teñen que facer.

Falou do emprego no mar e di que está caendo. Mire, a afiliación ao réxime especial do mar mantense estable dende o ano 2015. Que lle miren os datos, señora Pontón. (*Murmurios.*) Dixen esta mañá que os que nunca entendían nada ían rir, ían tomar a broma a proposta do Bono Peixe. Grazas por acreditarlo vostede hoxe tamén na intervención. E dixo algo moi curioso —que tome nota todo o mundo—; dixo que as políticas fiscais da Xunta para os ricos implicaron que deixáramos —datos do Consello de Contas, efectivamente— de recadar nos últimos anos 2.300 millóns de euros. ¿Sabe de onde saen eses 2.300 millóns de euros, señora Pontón? Das bonificacións que lle metemos á xente nova, á xente que compra un coche de segunda man, á xente que vive do mar, á xente cunha discapacidade, á xente vulnerable e a todo o mundo; que saiba toda esa xente que se algún día goberna a señora Pontón —Deus non o queira— esas bonificacións van desaparecer, (*Aplausos.*) e que saiba que lle parecen criticables.



Respecto do Plan de choque da dependencia, por suposto, non van recoñecer nunca unha realidade: 32.000 expedientes resoltos en 110 días co Plan de choque. Como iso saíu ben... Non o van recoñecer nunca, pero son 32.000 persoas e as súas familias, que, efectivamente, tiñan dereito a que fixésemos iso, e estámolo facendo.

E despois, mire, vou repetir datos que xa dixen outras veces, pero, como vostede insiste... Comparativa: dende o ano 2009 multiplicamos por cinco os dependentes atendidos; multiplicamos por tres as prazas de residencia pública, señora Pontón; multiplicamos por seis as prazas en centros de día e multiplicamos por sete os beneficios do SAF. E, por certo, respecto do disparate que vostede dixo de que para que obter unha praza do SAF ten que morrer unha persoa atendida, dígolle que hai máis dun millón de horas á disposición na bolsa dos concellos e que a Xunta as financia cando queira. *(Aplausos.)* Entérese ben, señora Pontón; entérese ben desas cousas.

Por suposto, como sacou todos os demos a pasear —faltoulle a señora Prado esta vez— e sacou os demos familiares e nomeou, como sempre, os de sempre, pois, mire, dígolle que esa empresa que vostede nomeou foi a mesma que contratou, entre outros, o Concello de Santiago cando vostedes o cogobernaban. ¡Canto manda o señor Feijóo! ¡Canto manda o señor Feijóo, señora Pontón! E así tantos exemplos que a deixan a vostede moi en evidencia.

Sobre o Pacto polo galego —vou rematando, porque tampouco dixo moitas cousas máis—, di que o BNG tende a man —sempre estilo BNG—; si, sempre que se faga exactamente o que eles queren. Por certo, un respecto. Resulta que todo o PP quere o monolingüismo. Pois un respecto aos centos de miles de persoas que son do BNG..., perdón, que son do PP e son galegofalantes. Un mínimo respecto para todos eles, señora Pontón. *(Aplausos.)*

O seu resumo —que me deu unha lección de teoría política sobre que eu gañei as eleccións; ¡menos mal que agora mo recoñece, que iso non pasou sempre!— é que me di que iso non me dá dereito a gobernar como eu crea que hai que facelo. Hai que gobernar como vostede estime oportuno. Se o fago como gobernaría a señora Pontón, entón, son un presidente da Xunta lexítimo; se o fago como creo que me pide a xente que me deu a confianza, entón, o que estou é traizoando o país e son un presidente desleal. Esta é a filosofía da señora Pontón, je despois estráñase de levar vinte e cinco anos na oposición...! ¡E os que levará, señora Pontón!, ¡os que levará! *(Aplausos.)*

Mire, para rematar, imos facer un exercicio moi sinxelo. Imos imaxinar que esta mañá —cando eu comparecín aquí para o discurso da mañá— me presentase e dixese que levar tres anos sen orzamentos non é malo, senón que é bo, e que é moito mellor para dirixir un país —ou unha comunidade autónoma, neste caso— ter en conta as circunstancias, os datos e os números de hai máis de mil días que os actuais. É que os actuais despistan, é moito mellor ir a tres anos antes e funcionar como se non pasasen máis de mil días. ¿Que estarían dicindo vostedes, señor Besteiro, señora Pontón, se eu viñese aquí con esta teoría?

Miren, ter un goberno que governe —ao mellor, a algúns lles parece unha redundancia—, tal e como está o panorama, é algo moi relevante, é algo moi necesario. Vostedes intentan dar a entender que non pasa nada, pero si que pasa, e pasan moitas cousas. Alégrome de



que isto en Galicia non o practiquemos e que pensemos firmemente que gobernar é importante, porque para iso nos elixe a xente. Porque, ademais, cando non se goberna, unhas cousas traen a outras, e cando convertes un Goberno central —vou falar un pouquiño do Goberno central, señor Besteiro; vostede falou practicamente a metade da súa intervención, que, para non querer falar de Pedro Sánchez, non sei cantas veces o nomeou, pero, claro, hai algunhas cousas que nos inflúen e hai que dicilas— nunha oficina electoral —que aquí non nos mandaron o ministro porque nin sequera teñen; hai unha vicepresidenta que por aquí non vén moito, porque, ¡home!, saudar os deputados seus aquí, no Parlamento autonómico, non ía poder—... (*Aplausos.*) Xa sei que non é súa, xa sei que non é súa, pero o sostén no Goberno.

Pero campaña electoral fana igual, e pasa o que pasa, hai exemplos de sobra. Despois de entrevistarme co ministro do Interior, fronte á situación que lle plantexei da falta de efectivos na Policía Autonómica, pediume un tempo, pero seguimos esperando case tres meses despois. O que pasa é que levamos case setenta prórrogas, grazas a vostedes, na transferencia da AP-9 porque non hai quen se ocupe; pasa que tivemos que esperar case un ano —contaba esta mañá— para ter a transferencia do litoral, despois da sentenza do Constitucional; pasa que os proxectos galegos industriais quedan sen ningunha axuda, ou moi pouca, nos PERTE industriais... Pasan moitísimas cousas, e eu por iso alégrome de que iso en Galicia non pase; alégrome, porque é a nosa obriga.

Este goberno, que gañou as eleccións, ten unha encomenda do pobo galego —do que nos votou e do que non— a partir do día seguinte para cumprir, e ímola cumprir. Eu xa sei que é moito máis doado, cando estás no «non» permanente, como está o BNG, cando estás, como están vostedes, no intentar cubrir as vergonzas das cousas que nos chegan de Madrid pensando que, total, xa, para como están, peor non lles vai ir, señor Besteiro —e créanme, pódelles ir peor aínda, aínda que pareza difícil—... Porque, cando están nesa posición, esas confrarías da perpetua negativa, da perpetua insignificancia, pois, ao final, o que cren é que todo é máis doado e que non fai falta gobernar. Pero fai falta gobernar porque, ademais, que pase o tempo, non xestionar e quitarlle importancia a non ter orzamento non é o que quere Galicia. Eu creo que os galegos son moito máis listos do que vostedes pensan. Xa non lle coa á xente que todas as industrias sexan bombas, que todas as infraestruturas importantes sexan «navalladas na terra», xa non lle coa que as decisións de gasto público son sempre recortes... Esas cousas xa non coan. E cando lles preguntas aos galegos —e o mellor medio, o mellor xeito de preguntarlles, é a través dunhas eleccións—... Levan dezaseis anos —algúns máis, algúns coñeceron e non quixeron repetir— dicindo sempre o mesmo, e din «si». Escóitanlles a vostedes dicir «non» por sistema, e os galegos din «si». Estamos na Galicia do «si», afortunadamente, na Galicia que quere a xente; a xente quere traballar e que os gobernos os ordenen e sexan eficaces. E a Galicia do «si» quere menos dogmas e máis postos de traballo, sen dúbida, e a iso nos estamos adicando. A Galicia do «si» quere menos pancartas e máis carteis —si, quere carteis, non pancartas; carteis que digan que se están facendo obras, que se están facendo proxectos...—. A Galicia do «si» quere menos protestas e máis propostas para facer cousas. A Galicia do «si» quere menos crispación e quere máis consenso nas cousas fundamentais. A Galicia do «si» quere falar a lingua da unidade e tender pontes entre galegos, non cousas que nos separen, e tamén cos veciños portugueses. A Galicia do «si» quere superarse; non quere separarse todo o día, tentando tender muros



para separarnos entre todos; a Galicia do «si» non quere ser unha Galicia fracturada e dividida, todo o contrario, quere ser unha Galicia unida, que iso é Galicia calidade.

Polo tanto, como lles dicía, poida que dicir «non» sexa moi útil para perpetuarse na oposición —vostedes niso son bastante expertos— e que con titulares, con negativas todo o día e con demagoxias se poida estar como están vostedes, pero para gobernar, que é o que queremos facer nós, fan falta máis cousas, fan falta orzamentos —volvo dicir—, e por iso aquí os aprobamos sempre en tempo e forma, dende hai moitos anos; e comprométome a que, mentres dependa de min, dependa do meu Goberno, o imos seguir facendo así.

E mentres vostedes perden tempo en negarse a todo, mentres vostedes perden tempo en taparlles as vergonzas aos que din que dá igual ter orzamentos que non, aos que din que dá igual gobernar que non gobernar, nós estamos preparando xa os orzamentos do ano 2026. ¿E saben para que? Pois, moi sinxelo, para gobernar, que é redundante dicilo, pero é relevante facelo. E gobernar é seguir baixando impostos —síntoo, señora Pontón—, seguir reforzando os servizos públicos, que sexan de Galicia calidade, seguir impulsando o crecemento económico e seguir, en definitiva, estando ao servizo dos galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Acabo de comprobar cunha aplicación no móbil a cadencia dos aplausos do Partido Popular e non falla, son 165 BPM sempre; téñeno calculado. (*Risos.*) Bueno, é verdade, comprobeino. (*Murmurios.*)

Señor presidente Rueda, dixo á mañá algo que lembrei porque o volveu repetir o señor Couñago, que nos botou unha especie de bronca por non estar presentes no acto de transferencia das competencias do litoral. Eu lémbrolle que, nese momento, había un pleno neste lugar, e eu, de momento, non teño a capacidade das partículas atómicas de poder estar en dous sitios á vez. Bueno, dígollo así como brincadeira, pero como falou en xeral de que a oposición non estivera no acto —non quere dicir que fose estar; ao mellor, tampouco estaría—... Eu estaba neste pleno, que estaba tendo lugar nese mesmo momento, que foi para o que se me votou...

E falou, por exemplo, xa pola mañá, de que algunhas cousas quedaron sen comentar na miña primeira intervención; e é que algunhas cousas —bastantes— quedaron sen comentar na miña primeira intervención por un motivo obvio: vostede falou á mañá durante 1 hora e 45 minutos e nós tiñamos 45. Entón, é difícil tratar todos os temas coa metade do tempo.



Falounos —que nolo volveu repetir agora— do gran aumento dos investimentos en sanidade, pero non debe acertar moito porque aínda hoxe vin na prensa que teñen que facer modificacións de crédito para pagar salarios de médicos e para pagar medicamentos. Entón, incrementarán o investimento en sanidade, pero está claro que non calculan ben e que non é suficiente, porque, se se ven obrigados a facer modificacións de crédito, é por iso.

Tamén falou das infraestruturas sanitarias —e eu lémbrolle que xa se leva falado bastante disto—, pero lémbrolle que en Ourense os hospitais —falando así, de xeito rápido— están caendo a cachos, concretamente, un hospital, do que xa levamos falado moito. Entón, no caso concreto de Ourense, esas infraestruturas sanitarias está nun estado que é moi mello-rable, e tense que arranxar iso.

Tamén falou da atención primaria. Xa falei na miña primeira intervención das necesidades nese sentido. Hoxe —ou onte— lía unha noticia que tamén me fixo pensar. Ao parecer, agora a Consellaría decidiu que as cirurxías menores se fagan en puntos de atención pri-maria, pero establecen un plan piloto en Lugo e en Pontevedra; ou sexa, sempre Ourense vai quedar para o final. ¡Home!, podería ser interesante que nesta vez estas probas piloto se iniciasen en Ourense, porque parece que sempre quedamos un pouco para o último, alá para o 2029, que parece que é cando está previsto que se complete este novo servizo de ci-rurxía menor nos centros de atención primaria. Pensen algunha vez en Ourense e en esta-blecer tamén esta clase de programas piloto.

Falouse tamén da construción de 24 novas residencias, pero non dixo onde. Entón, tamén estaremos pendentes de a ver se destas novas residencias —que están sendo moi necesarias en moitos puntos da provincia de Ourense—, destas 24 que se anuncian, un número signi-ficativo o temos na nosa provincia, e que non se vaian na súa práctica totalidade para outras provincias.

Falou tamén de obras de vías de alta prestación e nomeou varias —Brión e non sei cantas máis—, pero non nomeou ningunha na provincia de Ourense. Entón, eu aproveito para lem-brarlle —xa que falamos da vertebración territorial e de todas as vantaxes para a economía que teñen algunhas comunicacións— a necesidade de completar a autovía AG-31, que de mo-mento só chega ata Celanova e que é importante que chegue ata a fronteira de Lindoso, de Portugal, para vertebrar toda a Baixa Limia da provincia de Ourense. Completar esa autovía, que é de titularidade autonómica, é unha demanda de moitos anos e que está sendo moi ne-cesaria. Temos aquí a un antigo alcalde de Celanova que seguro que está de acordo comigo na gran necesidade de completar esa autovía, o tramo que vai de Celanova a Portugal, a AG-31.

E logo, claro, faloume agora, nesta segunda intervención, dun manido argumento: do in-vestimento per cápita en Ourense. Xa lles teño dito que se Ourense está moi despoboada polos motivos que dicíamos de falta de investimento nesta provincia, o lóxico é que o in-vestimento per cápita medre; canta menos xente haxa, por pequeno que sexa o investimento, desde o punto de vista per cápita, claro que aumenta.

Dixo que o Concello de Ourense aportará unha serie de árbores. Desde logo, son moitas menos das que pedimos e seguiremos pedindo. Iso é importante para a climatoloxía da ci-



dade de Ourense, que, como saben, é unha das provincias máis calorosas de España. Ben, pois a forma de combater iso son as árbores. É insuficiente a cantidade de árbores que hai —precisamente o outro día estiveron reunidos co alcalde por iso—; entón, loxicamente, manterémonos na demanda deses 10.000 que necesitamos para cambiar para mellor a climatoloxía da cidade. E tamén fan moita falta en moitos outros sitios, non soamente na cidade de Ourense. Hai unha obra de Castelao —non sei se teñen oído falar dela— que se chama *Sempre en Galiza*, e nun dos fragmentos fala da importancia das árbores para un país.

Falou tamén duns centros móbiles de información para a muller. Pois, ao mellor, o que fai falta son máis centros de información fixos e non móbiles.

Falou da necesidade de coidar o noso monte. E eu aquí lembrárialle a praga —moi especialmente incidente na comarca do Ribeiro, na provincia de Ourense, e noutras— das mimosas, que está afectando moi negativamente a calidade do monte. É unha planta invasora —as mimosas— e unha peste ecolóxica. E xa hai anos había un plan —que debe estar por algún caixón dalgunha consellería— para erradicalas a cincuenta anos. Aínda estaba, loxicamente, Feixóo no Goberno... E non sei... Eu digo Feixóo porque aplico a fonética galega —eu iso véxoo así—, e o galego ten un sistema fonético que é o que é. (*Murmurios.*) E entón, bueno, non sei, ao mellor, ata aínda estaba Fraga, non me fago agora conta. Pero ese plan de erradicación das mimosas está nalgún sitio, e aínda se pode recuperar ou poñer outro marcha. Está afectando moi negativamente, e en especial todo o ecosistema do Ribeiro. Se o monte galego estivese cun equilibrio ecolóxico axeitado, non habería os problemas que hai cos xabarís, que é outro problema que tamén temos no medio ambiente.

Falouse tamén do galego e vaise seguir falando moitísimo disto, pero gustárame apuntar unha idea: eu penso que aos periódicos que reciben subvencións públicas, xa que se están financiando con fortes cantidades de diñeiro público, o menos que se lles podería exixir era que escribisen unha parte, polo menos significativa, dos seus artigos e das súas noticias en galego, polo menos cando se fale de noticias do que está pasando aquí. Se se autofinanciasen cos seus recursos privados, que escribisen na lingua que quixesen, pero non é así. Porque a min me resulta realmente curioso que certos periódicos saquen as noticias de aquí, que falamos habitualmente galego nas nosas intervencións, enteiras en castelán; mesmo que o que di a señora Pontón ou o señor Bará, que falan un galego deliberadamente coidado —e os demais tamén, loxicamente—, que saia traducido ao castelán. (*Murmurios.*) Porque vostedes saben que a tradución nunca é perfecta. A min, por exemplo, téñenme traducido de xeito literal algunhas expresións que digo en galego, e, ao traducilas literalmente ao castelán, vostedes saben que hai unha perda de sentido e de significado. Lembrarán, por exemplo, que o señor Curros Enríquez foi denunciado por un bispo a finais do século XIX pola publicación de *Airiños da miña terra*. Lembrarán que aquel bispo, que procedía de Burgos, foi denunciouno por blasfemias e por outras cuestións porque traducía literalmente do galego ao castelán, e as expresións aquelas que aparecían en *Airiños da miña terra*, de Curros Enríquez, non conservan o sentido ao traducilas ao castelán. O señor Saco y Arce foi capaz de defender —como era un clérigo tamén, e ademais sabía do tema— a Curros Enríquez, e foi absolto; pero o problema da tradución é o que ten... Entón, como mínimo, as noticias referidas a este Parlamento, unha vez que estamos falando galego, en periódicos que aínda encima reciben cartos públicos, deberían estar redactadas en galego; e, desde logo, as



intervencións que facemos aquí, para que non houbese esa perda de sentido. Unha vez que se subvenciona, é o menos que se lles podería pedir a eses periódicos —e non vou poñer nomes, porque eu creo que tampouco fai falta—.

E xa que aquí o señor Pazos Couñago hoxe nos descubriu as súas capacidades de lexicógrafo, pois vou recordar aquí a un lexicógrafo de Ourense, aínda entre nós, que é o señor Isaac Alonso Estraviz, para o que nas iniciativas que rexistraremos mañá solicitaremos a Medalla de Galicia polo traballo inxente que leva feito a favor do galego. E, ao mesmo tempo, para recoñecer ese labor e darlle un referente á sociedade e á xente para que quen queira fale galego *motu proprio*, sen ningún tipo de interpretación dunha imposición.

E como hoxe era o Día dos Libros e alguén dixo aquí que se agasallen libros, eu diría, efectivamente, que se agasallen libros e, ademais, ao mellor, nun día como hoxe, en galego. O Concello de Ourense tivo varias iniciativas e ségueas tendo nese sentido; e eu diría de regalar un libro en galego non soamente aos adultos, senón tamén aos nenos, porque a lectura —como dicía alguén de xeito, digamos, humorístico— é unha «enfermidade pediátrica», ou se colle de pequeno ou de neno ou xa non se colle —dicíao, desde logo, en plan humorístico—, pero é unha enfermidade pediátrica; hai que collela de neno porque de adulto é difícil. Entón, a regalar tamén un libro en galego aos nenos.

Nada máis. Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ojea.

Está moi ben. ¡Un aplauso! (*Murmurios.*) (*Risos.*) ¡Home! (*Risos.*) ¡Mellor que nunca! (*Risos.*) Si, si, iso é histórico. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Gómez Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Boas tardes de novo, señor presidente.

Señor Rueda, eu faleille na miña intervención... Non vou entrar nalgunhas disquisicións que fixo, porque creo que non conducen a nada. En todo caso, imos centrarnos nas cuestións que eu creo que, modestamente, son as importantes; por certo, non soamente para min nin para o Grupo Socialista, senón tamén as que sinalan como principais problemas de Galicia. E voullas ler: en primeiro lugar, a vivenda; en segundo lugar, a sanidade; en terceiro lugar, o paro; en cuarto lugar, a calidade do emprego, a precariedade e as malas condicións de tipo salariais; en quinto lugar, a subida de prezos, a inflación; en sexto lugar, a situación económica xeral; en sétimo lugar, o envellecemento e a poboación; en oitavo lugar, a política e os políticos. Pero falemos agora das sete principais preocupacións que teñen os galegos, que son as que nosoutros trouxemos a este debate. E dicíallo porque vos tede segue na súa teima, está a outra cousa, está noutro mundo —desculpe que llo diga, e non llo digo co ánimo de faltarlle ao respecto, senón porque parece que non se centra nos problemas reais que teñen os galegos e as galegas—; e non é o que di o Partido Socialista dos problemas dos galegos e galegas, pero si o que os galegos e galegas recoñecen como as súas principais preocupacións.



Tróuxenlle a este debate propostas das que vostede, por suposto, nin fixo mención, nin para cuestionalas nin para discutilas, para nada, coma se non existisen, coma se o problema non existise; coma se o problema da vivenda se resolvese de repente construíndo a non sei cantos anos vista 4.000 vivendas —que é igual 4.000, que 5.000, que 6.000, que 8.000—; hoxe son 8.000, e eu creo que o ano que vén van ser 12.000. Pero hoxe non as temos. Esa era a cuestión que se discutía agora. ¿E como somos capaces de artellar medidas que nos permitan solven- tar este problema de acceso á vivenda, sobre todo que sofre a mocidade no noso país? E nós puxemos enriba da mesa: oia, ¿por que non contemplamos a posibilidade dun banco público de alugueiro que permita poñer á disposición máis de 5.000 vivendas en Galicia, cunha dis- posición de cartos onde a Administración galega actúe como garante, como garante para os arrendatarios e como garante tamén para os propios arrendadores? Que a seguridade do contrato de arrendamento estea garantido por una administración pública, pola Xunta de Galicia. Puxemos enriba da mesa un programa de primeira oportunidade para mozos e para mozas; un programa aberto dese emprego mozo a mozos e mozas que teñan esa primeira oportunidade, e tampouco lle prestou atención, non é necesario.

Puxemos enriba da mesa unha necesidade de chegar a un acordo para ser capaces de dar un novo dereito e a garantía de exercicio dese novo dereito, que é a atención primaria en 48 horas, pero nin unha soa mención na súa resposta: ¿é posible?, ¿non é posible?, ¿por que non é posible?... Nada, nin unha soa mención.

Propúxenlle un acordo para o impulso da lingua galega en Europa. Di: ¿desde cando nós non votamos a favor diso? ¡Oia!, mire, dígollo eu, (*O señor Gómez Besteiro mostra un documento.*) Mire o que di este titular —¿leo?, ¿leno todos?—, léollo eu: «O PP secunda a Vox con dous votos galegos para pedir que a lingua galega non sexa oficial na Unión Europea». (*Aplausos.*) ¡Pero aquí no Parlamento, tamén!, (*Aplausos.*) 13 de decembro, moción do Parlamento galego na que, entre outros acordos, dicía: «Promover o respaldo desta Cámara ás negociacións e tra- ballos necesarios para que a lingua galega acade o status de lingua oficial no Parlamento de Europa, ao igual que xa teñen as vinte e catro linguas cooficiais que na actualidade xa o acadaron». Pero vostedes non votaron.

Propuxémoslles un acordo para acollerse á condonación da débeda —e aquí si que quero eu facer mención de que estou facendo un esforzo para intentar entendelo—. Resulta que o plantexamento é que se condona a débeda a todas as comunidades autónomas, en diferente proporción e atención, como temos discutido aquí, á poboación axustada. Entón, vostede di: é que non nos interesa. Bueno, porque isto xa é para explicar que cando che perdoan a débeda que non che interesa é difícil que o entenda a xente de aí de fóra, (*Aplausos.*) pero, bueno, eu sigo facendo un proceso de introspección lóxica do que di vostede. (*Aplausos.*) Deille voltas e non encontraba a solución, e dixeran: unicamente que este home estivese pensando en non pagala, (*Murmurios.*) porque, claro, se está pensando en non pagala, entendo o seu razoa- mento. Pero se está pensando en pagala, se destina cartos para amortizar o capital e os in- tereses durante todos os orzamentos —que eu recorde, este ano tamén hai unha partida para iso—, a verdade é que é difícil de entender. Con todo, utiliza un novo concepto, que é «mutualización da débeda»; e iso sérvenos para Europa, pero non serve para España. Isto tamén hai que explicalo fóra. O concepto de «mutualización de débeda» vale para Europa, pero non vale para España. Eu creo que xa llo dixeran unha vez, creo que se equivocan, porque



a xente fóra non entende que, se che perdoan a débeda, iso non sexa bo para un; pero, ben, ¡alá vostedes! Veremos, porque eu xa lle digo que en moitas comunidades autónomas van solicitar esa condonación da débeda e xa veremos que é o que fai Galicia no futuro.

Falamos de manter un discurso coherente en relación coas autoestradas. E eu dicíalle: «bueno, oia, mire, a AP-9 prorrogouse» —veremos se legalmente ou non—. ¿Con quen? Co Partido Popular. Chegaron as bonificacións do 50 por cento á AP-9, ¿da man de quen? Do Partido Socialista en solitario. Chegaron as bonificacións do 75 por cento para a AP-9, ¿da man de quen? Do Partido Socialista. ¿Que votou o PP sobre as bonificacións da AP-9? En contra. *(Aplausos.)* Votaron en contra nas Cortes Xerais. *(Aplausos.)* ¿Quen implementou as bonificacións da AP-53 por primeira vez? O Partido Socialista; por certo, con eses orzamentos que di que non temos pero que están prorrogados. Pois aínda así esa bonificación chegou. Non sei cal é a bonificación que chega ás autoestradas galegas da man duns orzamentos que comezaron a estar en vigor o 1 de xaneiro; iso si, están o 1 de xaneiro, pero as bonificacións á AG-55 e á AG-57 non chegan cos orzamentos aprobados. *(Aplausos.)* Bueno, vai ter razón que van chegar da miña man á gratuidade da AP-9. ¡Déame algo de tempo! Non son presidente da Xunta, ¿verdade?, que é vostede. A vostede elixírono para iso e é a súa responsabilidade, e eu, a traballar moito para que iso sexa así, para a gratuidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, é o meu presidente tamén, e nunca llo discutín, ademais.

Respecto de Altri, señor Rueda, ¿vostede de verdade —honestamente— cre que Galicia necesita unha macrocelulosa como é a de Altri para pechar ciclos? Cando falabamos de axudas europeas viamos que este é un proxecto que tiña unha serie de requisitos; non era unha cuestión de «quítóche aquí, e a ti douche e a ti non». Oia, se somos tan respectuosos cos informes dos técnicos da Xunta de Galicia cando avalían as declaracións de impacto ambiental —e eu respecto esa posición—, o mesmo respecto terán as comisións avaliadoras dos técnicos que valoran eses fondos europeos; cando menos, a mesma presunción. *(Aplausos.)* Pero, claro, é que en relación con iso, valórase soamente —como apuntaba alguén nesta Cámara— o tempo da fecha de execución dese proxecto; aí valoráronse moitas máis cousas: valóranse aspectos medioambientais, valórase a viabilidade do proxecto industrial, valórase a non utilización de combustibles fósiles no proceso de produción, valórase a redución das emisións de CO₂ no proceso en relación coa tecnoloxía actual e con outros procesos industriais similares, analízase a viabilidade técnica e económica... Todo iso avalíase nos PERTE. E, por certo, todos eses criterios xa estaban cando se puxeron en marcha os PERTE, neste caso o PERTE da descarbonización. ¿Por que? Porque hai unha concorrència competitiva. E hai esa concorrència competitiva porque a exige a Unión Europea e as normas da Unión Europea. ¿Ou é que o que están pedindo aquí é que transaccionemos sobre as normas e o cumprimento da normativa? Os PERTE industriais para Galicia —gústelle ou non— chegaron a 97 empresas galegas; 156 millóns. *(Aplausos.)*

Sobre a igualdade, a súa proposta hoxe, en termos de igualdade, foi un CIM móbil. ¡Oia!, hai un ano xa o propuxeron vostedes, señor Rueda, foi en febreiro do ano 2024; fíxoo a señora Rivo, por entón conselleira. Ou sexa, a súa gran idea é prometer hoxe o que prometeron xa hai un ano e non cumpriron; *(Aplausos.)* por certo, nunha campaña electoral na que se prometeron moitas cousas, tamén é verdade que cuns orzamentos aprobados desde o 1 de xaneiro. ¿Cal é a confiabilidade que teñen vostedes?



Respecto das residencias, vostedes prometeron aquí centenares de prazas hoxe, 1.800 —creo lembrar— en 24 centros residenciais. Non sei se van ser todas iguais, se van ter 75 prazas todas ou non; e non me quedou claro se os concellos eran de menos de 50.000 ou de menos de 5.000. En todo caso, se vostedes cumprisen coa metade das prazas que prometeron nos últimos anos, xa teríamos case todo o problema solucionado; (*Aplausos.*) esa necesidade de 8.000 prazas xa a teríamos cuberta hai tempo. (*Aplausos.*)

Hoxe pola mañá facía unha reflexión de que a súa intervención está baseada no autobombo e na autocompracencia, e iso non é malo. Eu non son partidario dela, pero creo que o que eu lle trasladaba era que ese exemplo dese acto non é o edificante que ten que ser para un goberno democrático no ano 2025.

Vostede falou durante toda a súa intervención de promesas repetidas, constantes, e moitas delas son promesas absolutamente incumpridas. Aos bonos cambiámoslles o nome; e cando falaba e propuxo o do bono do peixe, a verdade é que eu teño que dicir que non teño nada en contra desa medida, pero, cando hai un problema tan serio como é o do consumo do peixe —e creo recordar que andamos nunhas reducións de consumo nos últimos dez anos do 34 por cento do peixe fresco e do 36 por cento do peixe conxelado—, ¡home!, o Goberno autonómico, ademais de poñer enriba un bono, ten que poñer outro tipo de medidas; hai que poñer encima medidas. E eu considero lexítimo que vostede diga: oia, é que a redución do IVE... ¿Pero vostede dáse conta da porcentaxe de redución de consumo? ¡Un 34 por cento! (*Aplausos.*) É unha cifra absolutamente salvaxe. (*Aplausos.*) E iso implica que hai que tomar medidas: consumo en institucións públicas de peixe —do noso peixe, non do peixe de fóra—, medidas que habiliten para que haxa un consumo razoable, novas formas de consumir o peixe... Iso tamén é promocionar as empresas, é innovación. Pero, ¡home!, se considera que con iso se solucionan os problemas da redución no consumo, realmente creo que non é moi axeitado.

Durante todo o debate, tanto no primeiro como no segundo turno, vostede incorreu en grandes contradicións; contradicións como que cando un pide máis competencias —que me parece lexítimo—, pero fai caso omiso ou pasa de puntillas sobre as competencias que son da súa competencia hoxe xa e o que fai é botar balóns fóra, evidentemente, hai unha contradición máis que evidente. E por iso podemos entrar a falar de máis cuestións.

Cando lle falaba de financiamento, creo que hai que dicir que, ademais, hai puntos moi en común en materia de financiamento, pero tamén eu reclamaba maior autonomía fiscal. Vostedes non poden vir a esta Cámara propor bonificacións no imposto de patrimonio. Eu invito á xente que nos está escoitando fóra a que nos diga canta xente coñecemos do noso contorno que fai a declaración do imposto de patrimonio. Ben, eu non coñezo moitos; ao mellor, hai xente que a fai e eu non a coñezo, pero a inmensa maioría dos que coñezo eu —como lle pasará a moita xente— non fai a declaración do patrimonio. Pero aquí en Galicia hai 225 millóns que van a esas bonificacións. ¿A onde van? Señor Rueda, aos patrimonios máis poderosos, e iso creo que o somete a unha crítica que, evidentemente, o deixa a vostede espido nese sentido. Son 225 millóns as bonificacións do imposto de patrimonio. Eu non a fixen, aínda que o outro día saíu na prensa que tiña moitos cartos... (*Risos do orador.*) A ver—



dade é que o imposto de patrimonio nunca o fixen, e supoño que non son un defraudador para a facenda pública.

Apuntáballe finalmente que ten unha desconexión importante coa realidade. E poñálle o exemplo da conexión de Vigo-Porto; pero, bueno, era un apunte claramente simbólico, porque vostede correu a pasar ao outro lado da fronteira e posicionarse como un gran patriota do lado de Portugal. E agora sabemos que Portugal —como xa se sabía daquela, señor Rueda— non ía poder chegar pola súa capacidade económica, pola súa capacidade de innovación na propia obra. Eu creo que niso España é absolutamente pioneira; é unha das potencias no desenvolvemento do ferrocarril e, sobre todo, na capacidade das empresas españolas. Pero agora, que estamos vendo que hai certos fracasos na contratación dese proxecto, coincidirá comigo en que é difícil que os nosos veciños de Portugal cheguen a esa cifra do 2030. Nós imos chegar, estamos seguros, ademais, de que imos chegar, pero estaría ben un apoio por parte da Xunta de Galicia de dar este salto a este lado da fronteira para apostar e apoiar esa decisión co mesmo entusiasmo que se manifestou cando se foi a Portugal a falar desta cuestión.

Falabamos de Sogama, e eu non lle vou repetir aquí a desconexión tamén coa realidade e o que di a directiva europea de 2018. Pero, bueno, ¡alá vostedes!, ¡alá vostedes! Creo que pode e debe aproveitar as oportunidades que nós facilitamos. Vostede é o presidente da Xunta de Galicia, ten a capacidade, ademais, para facelo, para falar de todo: para falar de autogoberno, para falar de competencias, para falar de todas aquelas cousas que melloren a vida das persoas... Pero o que non podemos facer, señor Rueda, é ignorar a realidade, mirar para outro lado. O que temos que facer é enfrontar os problemas que realmente teñen os galegos e galegas e ver como nós —entre todos, eu faríao—, a pesar dunha maioría absoluta, somos capaces de unir este país nas cousas que cremos que nos deben unir: no autogoberno, no financiamento, na aposta —como lle dicía antes— non pola industria si ou a industria non, senón por que tipo de industria si ou que tipo de industria non. En todo caso, creo que nese camiño nos vai atopar a máis xente da que vostede cre. Eu ánimoo a que o faga. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Rueda, teño que dicirlle que me alegro moitísimo de que este pleno sexa un pleno que os galegos e as galegas poden ver a través da TVG. E digo que me alegro moito porque así a cidadanía do noso país tamén pode facer a súa propia valoración sobre o fondo e tamén sobre a forma de cada intervención; mesmo a daqueles que deciden faltarlle ao respecto a este Parlamento, esquecendo que é a casa de todos os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Dicíalles na miña primeira intervención que o Partido Popular quere facer deste Parlamento un lugar de crispación onde non falemos da xente, cun debate que eu —honestamente— creo que avergoña a quen cre que a representación política é o máximo orgullo que podemos



ter porque estamos servindo a xente do noso país. Desde logo, se vostedes queren degradar así o Parlamento, é a súa elección, pero xa lles digo que na política da lameira nunca me van atopar nin a min nin ao BNG, por respecto á cidadanía. *(Aplausos.)*

E vexo, señor Rueda, que lle molesta moito que sexa deputada, e que lle molesta moito que esteamos liderando a oposición; véxoo, realmente —non sei—, diría que cunha certa obsesión con que eu sexa deputada. Vostede xa era concelleiro en Pontevedra no ano 1996. Non pasa nada, é estupendo. Se es un home e do Partido Popular *(Protestas.)* e levas trinta anos en política, subido ao coche oficial, iso é experiencia. Pero se es muller e es do BNG, iso é un demérito para o señor Rueda. *(Aplausos.)* ¿Sabe que é iso, señor Rueda? Machismo e clasismo, ¡machismo e clasismo!

Porque a min miña nai tamén me deu consellos, e un deles é non faltarlle ao respecto á xente, nin insultar. Lamento, señor Rueda, *(Aplausos.)* que vostede teña ese estilo. Xa llo dixen moitas veces.

Díxonos vostede aquí que nos molestara que fixeran un acto o pasado martes. Bueno, móléstanos que se despilfarren os recursos públicos para facer un acto de autobombo, pero o que nos indigna, señor Rueda, é que se usen a dor e as necesidades das persoas para facer autobombo e propaganda. *(Aplausos.)* E o que nos indigna, señor Rueda, é que vostede, nesa traslación cara ao «ruedafeudalismo», queira que as persoas lle deban favores e non queira recoñecer os dereitos. Desde logo, señor Rueda, nós cremos nunha democracia con dereitos, onde os cidadáns non teñen que darlle as grazas a quen os goberna por exercer eses dereitos. *(Aplausos.)* O que ten que explicarlle á cidadanía é por que os incumpre, señor Rueda.

E, como sempre —porque isto é un clásico—, vostede vén aquí e manipula as miñas palabras. E eu xa llo teño dito moitas veces, non manipule, isto non é a CRTVG, onde poden manipular ese medio público para maior gloria do Partido Popular. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, hoxe non nos poden manipular. *(Aplausos.)* ¡Bastante lles fastidia!

Mire, nós o que dicimos é que vostede é un presidente desleal, un presidente que está traizoando a Galiza, porque só un presidente desleal a Galiza podería estar encantado con que se explote o noso litio, contaminando o noso país, e con que as baterías que se van facer con ese litio vaian para Zaragoza, onde van crear alí 4.000 empregos.

O que non nos parece ben, señor Rueda, é ese modelo que se leva aplicando tantos anos no noso país, onde se extraen os nosos recursos, se fai aquí a parte máis gravosa —a parte máis gravosa e máis contaminante dos procesos—, pero logo onde se xera valor engadido, onde se xeran empregos de calidade é fóra do noso país. Esa non é a política que defendería un presidente leal con Galiza. *(Aplausos.)* Se vostede o quere defender, é a súa responsabilidade.

E mire, que esa mina contamina non o digo eu, é que o dixo un informe da Confederación Hidrográfica do Miño. Pero, claro, a vostede os informes dos expertos só lle gustan cando lles dan a razón; cando non, están mal. Esa é a política do señor Rueda. *(Aplausos.)*



Lamento profundamente que hoxe perdese a oportunidade de poñerse do lado de Galiza e rectificase unha posición, como lle está pedindo a inmensa maioría do noso país. Podía ter aproveitado hoxe a súa intervención para anunciarlles aos galegos e ás galegas que o Goberno vai deixar de apoiar esa megacelulosa, esa macrocelulosa, que vai contaminar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Señora Prado, vostede tamén quere intervir? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen, non dialoguen...

Non, non dialoguen, estamos rematando xa, por favor. Con calma. Tranquilidade, ¡tranquilidade!

A señora PONTÓN MONDELO: A min gustaríame poder facer a miña intervención sen que me estean constantemente increpando, porque teñen un problema coa democracia: non aceptan as opinións diferentes. Por iso, non son capaces nin de escoitar. (*Aplausos.*)

Pero vostede, en vez de poñerse do lado dos galegos e das galegas e de desactivar esa macrocelulosa, vén aquí con argumentos absolutamente peregrinos para demostrarnos que, efectivamente, vostede está coa camiseta de Altri, facendo de comercial desa empresa portuguesa.

Podemos chegar a un gran acordo. Hoxe podemos saír deste debate do estado da Nación cun gran acordo a favor de Galiza; un gran acordo para que non lle deamos 250 millóns de euros a unha empresa portuguesa para contaminar o noso río Ulla e a nosa ría de Arousa, e para que fagamos unha fronte de país para que eses 250 millóns se utilicen para limpar o río Ulla, para recuperar a ría de Arousa, para apoiar os produtores que hai na comarca da Ulloa, para apoiar a xente do mar de Arousa... (*Aplausos.*) Ese si sería un gran pacto de futuro pola industria do noso país, por sectores tractores, e non por poñer nós aquí as empresas que non queren en Portugal.

Porque miren, o maior problema que ten a industria en Galiza é o Goberno do Partido Popular. Si, si, por iso perdemos miles de empregos desde que vostedes gobernan no sector industrial. Si, si, son incapaces de atraer empresas de vangarda, e o único que fan é vir aquí botarlles a culpa aos demais do que vostedes son incapaces de facer. Mire, voulles ler algúns dos seus fiascos, de como a súa política industrial é pura propaganda.

Investiron no automóbil eléctrico 40 millóns en axudas, (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) un auténtico fracaso da súa política industrial. E vexamos a súa capacidade para captar empresas: Mitsubishi foise porque Galiza ofrecía un solo incomprable. Anunciáronnos que ían entrar de forma oficial na pugna pola fábrica de Tesla. (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) Non sei onde está; ao mellor nolo pode dicir o señor Rueda. Portugal leva unha xigafactoría de baterías mentres Galiza queda á marxe. (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) A súa conselleira anunciou: «Volvemos contactar con BYD ao saber que queren outra fábrica en Europa». Ao pouco tempo, tivemos a resposta: (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) «BYD terá operativa en 2025 a fábrica de coches de Hungría, que escolleu, fronte a Galiza. E última (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) «Century dará prioridade á súa fábrica de Marrocos ante o atraso dos permisos en Galiza». (*Aplausos.*)



Este é o retrato da súa política industrial: fracaso tras fracaso. Son incapaces de atraer ningún proxecto, e por iso nos queren colocar a megaminería, o espolio eólico, as macrominas contaminantes... Si, si, porque aquí, claro, agora está outra vez tramitando a mina de Touro, á que xa lle dixeron que non. Non, claro, agora diránlle que si, porque isto é única e exclusivamente o que fai o Partido Popular: traballar ao ditado dos grandes *lobbys* económicos e en contra deste país. (*Aplausos.*)

Si, si, mire, falemos da débeda. Vostedes triplicaron a débeda mentres recortaban en sanidade, en educación e en dependencia. E agora atrévense a dicir que para Galicia é un mal negocio que nos fagan unha quitación de 4.000 millóns de euros. E é que o máis triste de todo isto non é que vostedes pensen que é un mal negocio, é que o fan única e exclusivamente para ter contento o seu xefe de filas en Madrid. Venden Galiza polos intereses partidistas do Partido Popular, (*Aplausos.*) e, señor Rueda —reitérolo—, as urnas non o elixiron para iso. Porque, non sei, se quere, podo deixarlle este documento ao presidente (*A señora Pontón Mondelo mostra un documento.*) para que lle refresque a memoria: o acordo unánime deste Parlamento que pactaron BNG e o Partido Popular. Esta é unha transacción entre nós onde se pedía a condonación da débeda no 2023. ¡É unha vergoña que agora queiran que Galiza perda esta oportunidade por puro partidismo! (*Aplausos.*)

Tamén me parece preocupante que descoñeza a situación dos nosos sectores económicos. Señor Rueda, ¿vostede sabe o emprego que se está perdendo no sector do mar? Non o debe saber, porque veu aquí recriminar que lle dei un dato que é certo.

Mire, os traballadores do mar baixan no último dato sobre 2023, baixaron un 4,85 por cento. Estamos falando dunha perda de case mil traballos no sector do mar. É a maior caída desde que hai rexistros. Pasamos de 19.452 a 18.509, segundo o último dato. ¿Sabe cantos traballadores había no ano 2009? Eran 24.718. ¡24.718 fronte a 18.509! Se non sabe nin tan sequera como está a situación, ¿como vai ser capaz de poñer unha soa solución? (*Aplausos.*) ¡Como vai ser capaz!

E logo veu aquí dicir —así cunha frivolidade pasmosa, teño que dicir—: «É que a vostede a tourean coas bonificacións da AP-9 e da AP-53». ¡Ah, touréannos! Ou sexa, hai bonificacións na AP-9 e na AP-53 por primeira vez na historia grazas ao acordo de investidura, e ao señor Rueda parécelle mal, touréannos... (*Aplausos.*) Facemos o traballo que vostede non fai e, por riba, crítícanos. (*Murmurios.*) ¡Oh, si, si! ¡Non, non...! Non... Ao señor Rueda si que o respectan en Madrid. ¡Buah...! Si que o respectan a vostede, ¿verdade? Si, si, respéctano, ¡respéctano moito! Ata os do seu partido, ¿verdade? Porque o señor Aznar, cando nos subía as peaxes, iso era respecto, o respecto do señor Rueda e do Partido Popular. Cando o señor Aznar aumentou a concesión vinte e cinco anos, até o máximo que permite a lei, iso, señor Rueda, ¿que é?, ¿respecto?, ¿pleitesía a Galiza? É que, ¿sabe cal é o problema, señor Rueda? Que non o toman en serio en Madrid, porque todo o mundo sabe que vostede está ao servizo de Génova, e iso é un descrédito para o noso país. Iso é un descrédito para o noso país, porque, como presidente, debería de exercer cun pouco máis de dignidade. (*Aplausos.*)

E mire, acábaseme o tempo porque non temos tempo ilimitado contra vostede..., (*Protestas.*) coma vostede, perdón... (*Murmurios.*)



O señor PRESIDENTE: É o Regulamento.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, presidente.

Mire, vostede votou en contra do galego, vostede manifestouse en contra do galego; non nos explicou por que ten ese problema coa nosa lingua. En todo caso, máis alá diso, hai un futuro diferente que se pode construír e vostede despreza a man tendida do BNG; unha man para darlle mil primaveras máis á nosa lingua, unha man para que as xeracións que veñen detrás teñen a oportunidade de seguir mantendo a lingua que herdamos dos nosos avós, das nosas avoas, dos nosos pais, e que, desde logo, queremos que sexa tamén a lingua que esa xeración siga utilizando con orgullo no futuro.

Non desprece esta oportunidade, porque hai momentos onde un presidente ten que demostrar que lle importa máis o futuro da súa lingua que os seus intereses electorais. Fágao polo ben de Galiza, señor Rueda, ¡fágao polo ben de Galiza! *(Aplausos.)*

E remato, presidente...

O señor PRESIDENTE: Si, remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Unha última cuestión moi breve.

Se vostede, señor Rueda, deixa de estar ao compás do centralismo, ao compás do que lle mandan desde Génova e ao compás do que lle ordenan grandes grupos económicos en contra de Galiza; se vostede rectifica, vai poder contar sempre co BNG. Se segue con esta política... *(Murmurios.)* ¡É que é unha falta de respecto ao Parlamento —non a min, señorías do Partido Popular— e á cidadanía!... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PONTÓN MONDELO: Lamento o espectáculo que están dando.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Se vostede segue con esa política desleal e de traizón a Galiza, non conte co BNG; pero se quere traballar a favor dos galegos e das galegas para que dentro de tres anos poidamos dicir aquí que Galiza está mellor, se quere traballar así, vai ter sempre...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a man tendida do BNG.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Non desprece o diálogo e os acordos da principal forza da oposición.



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Grazas, presidente.

Señorías, vou intentar non alongarme moito porque non ten sentido prolongar este diálogo de xordos. Eu simplemente vou agradecerlle ao señor Ojea o seu ton, porque vostede, polo menos, alterna as críticas co certo recoñecemento, e así é posible chegar a acordos. Vostede sabe que cumprimos, porque nós somos tan previsibles... ¡Vaia!, ata nos aplausos somos previsibles, señor Ojea.

Ao señor Besteiro, quero tamén darlle as grazas. *(Murmurios.)* Ía darlle as grazas ao señor Besteiro por todo o tempo que botou hoxe no pleno. *(Risos.)* ¡É que se estaba facendo moi longo! *(Aplausos.)* ¡Se eu enténdoo...! Iso si, señor presidente, para o asunto da invitación para o santo, eu creo que ao señor Besteiro o pode invitar igual un venres que un martes, que non hai moita diferenza entre un día e outro. En todo caso, xa lle digo, creo que nunca vimos máis tempo ao señor Besteiro nesta Cámara que no día de hoxe, e iso é un mérito que hai que recoñecerlle.

E quería darlle as grazas á señora Pontón, o que pasa é que non sei moi ben por que. Non se me ocorren demasiadas cousas. O consello da súa nai —este de non faltar ao respecto— eu creo que o ten que atender cun pouco máis de cariño, pero dixo vostede algunhas cousas interesantes. Dixo que está en contra da guerra, e iso está moi ben. Non sei se sabe vostede que somos a cuarta comunidade con maior peso na industria da defensa. Dígoo porque hoxe dixo isto, pero estou contando os días para que vostede vaia visitar Urovesa, Navantia, Dávila ou Eureka e facer o que fai sempre: poñelos a caer dun burro e, despois, ir visitalos e facer a foto cando se achegan as eleccións. É a «especialidade Pontón». ¡É a «especialidade Pontón»!... *(Aplausos.)*

Por suposto, hoxe regalounos dúas... Mire, xa sei por que lle vou dar as grazas. Voulle dar as grazas porque hoxe revelou un dos segredos mellor gardados de todo o mundo. De feito, desclasificaron antes os papeis do magnicidio de Kennedy de que coñeceramos cal era o modelo industrial do BNG, que resulta que é o de Marruecos. ¡Moitas grazas por aclaralo! Non sei se os galegos van estar satisfeitos pero, polo menos, podo darlle as grazas por este exercicio de sinceridade. *(Aplausos.)*

O que non lle admito que me diga é que degradar o Parlamento é contar que vostede nunca tivo máis actividade laboral que a de deputada. Eu creo que iso non é machismo; iso é contar a verdade. Iso si, tiña que tirar vostede por un dos grandes clásicos, ¿verdade que si? *(O señor Pazos Couñago amosa un cartón a modo de carta dunha baralla cunha figura dentro e unhas inscricións.)* Aquí o temos: o comodín do machismo. Señora Pontón, o que é machista é escudarse na súa condición de muller para agochar a crítica política. Iso si que é un profundo, profundo machismo... *(Aplausos.)*



Pero voulle facer un último recoñecemento. Vostede realizou hoxe —así a definiu— a pregunta clave deste debate. Dixo vostede: ¿está Galicia mellor despois de quince anos de gobernos do Partido Popular? (*O señor Pazos Couñago fai unha pausa e amosa un libro.*) Pois aquí está a contestación, señora Pontón: para os que falan «BNGués», non. (*O señor Pazos Couñago amosa a contraportada do libro.*) Para os que falan galego, un enorme «si», con cinco maiorías absolutas. (*Aplausos.*) ¿E vostede aínda non coñece a resposta a esa pregunta? Ten que mellorar a comprensión en galego, señoría. (*Aplausos.*)

Este debate serve para confirmar o que xa sospeitabamos: non hai alternativa ao Goberno do Partido Popular. Na bancada da esquerda, o que hai é unha oposición a todo, sen alternativa a nada; e aínda se sorprenden cando lles chamamos «os do non»... Señorías, voulles facer un pequeno resumo dos seus «nons»: Non á «navallada» —hoxe chamada AP-9—, non a Alcoa, non a Sogama, non á eólica terrestre, non ás hidroeléctricas, non ás térmicas, non á eólica mariña, non á minaría, non a Punta Langosteira, non ao polo aeroespacial de Rozas, non á xestión da covid —a pesar de ser a comunidade con menor incidencia da Península—, non ás residencias da Fundación Amancio Ortega, non ás casas niño, non ás casas do maior, non á gratuidade das escolas infantís, non á cidade deportiva do Celta, non aos programas de retorno de emigrantes, non á Estratexia galega de acción exterior, non á simplificación administrativa que acaba de reclamar, non aos incentivos ás empresas, non á reforma da FP, non á colaboración público-privada —agás cando a impulsan vostedes, claro—, non aos fondos de investimento público-privado, non a Impulsa, non a Recursos de Galicia, non ás residencias privadas —agás as da Deputación de Lugo, que funcionan moi ben...; sobre todo, señor Besteiro, a de Becerreá, que acaban de licitar vostedes a súa privatización sen nin sequera dotala de mobiliario, que o ten que poñer a empresa, pero non... ¡funciona moi ben! —...

Tamén dixeron: non ás escolas infantís privadas —algunha ata pediu a nacionalización—; non aos concursos para cubrir prazas médicas; non á emisión da débeda —pero si ao aumento do gasto—; non ás rebaixas fiscais; non á rebaixa do IVE da carne, do peixe e do marisco; non á exención de impostos ao rural; non aos programas de remuda no rural e no mar; non á Lei do litoral; non a implementar os medicamentos xenéricos; non ao historial electrónico; non a protexer os gandeiros do lobo; non ao plurilingüismo no ensino... Señoría, «non» a quince orzamentos consecutivos da Xunta de Galicia. Vostedes levan quince anos dicindo «non» a todo, ¡e aínda se preguntan por que son «os do non»! (*Aplausos.*) Non teñen vostedes máis catecismo nin letanía que o «non», señorías. Nada máis que iso. (*Aplausos.*)

Señorías, o gran problema de Galicia é que ten un presidente libre que só se debe aos intereses dos galegos, pero que carece de interlocutores, porque os dous supostos líderes da oposición carecen, por completo, de autonomía política. A señora Pontón é perfectamente consciente de que a súa supervivencia política está ligada a unha estrita obediencia ás directrices da UPG. (*Murmurios.*) Tanto é así, que nin sequera goza de autonomía parlamentaria. Todos sabemos que a vostede lle puxeron no Parlamento unha institutriz para que non se aparte da ortodoxia da U-P-G. E nin sequera nisto tivo sorte, porque todos sabemos que hai dous modelos universais de institutrices: temos a doce e encantadora Mary Poppins e temos a adusta e estrita señorita Rottenmeier. (*Risos.*) Aquí hai xente que marchou, pero en



ningún caso se foi voando cun paraugas na man. (*Aplausos.*) Sabemos todos quen é a institutriz que a controla a vostede... —non me poña caras—. E a vostede explícollo despois en castelán, que é o que sei que fala na intimidade... (*Aplausos.*)

O señor Besteiro divide o seu tempo entre repetir as mensaxes do señor Sánchez e repetir as mensaxes da señora Pontón; (*Murmurios.*) e cando lle queda un minuto, tenta apagar algún dos lumes que ten acendidos por toda Galicia: en Santiago, na Coruña, no Carballiño... En fin, eu entendo que o seu é un traballo duro, pero nós non temos a culpa.

Esta é a realidade do que acontece en Galicia. Hoxe escoitamos aquí unha exposición dun presidente que lidera un proxecto claro e un equipo plenamente cohesionado e, en fronte, temos dous títeres políticos movidos por fíos, que son manexados por persoas que non teñen Galicia entre as súas prioridades. Non teñen proxecto, non teñen equipo e nin sequera teñen voz propia, pero Galicia si ten voz, señorías, e hai apenas un ano deixou ben claro cal era a súa aposta: unha aposta decidida pola modernidade, unha aposta decidida polo futuro e unha aposta decidida por unha Galicia en grande; unha Galicia tan grande que non cabe nas mentes estreitas. Este grupo vai seguir traballando para conquistar esa Galicia que os galegos soñan e que os galegos merecen. Para ese traballo, estamos nós aquí; e para que non poidan evitalo, están vostedes aí.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Para o peche do debate, o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas.

Contesto brevemente as intervencións.

Señor Ojea, estou de acordo, temos que seguir... —¿non está o señor Ojea?— ¡Vaia! Pois teño que dicir que seguiremos traballando por Ourense e que lle agradezo o seu ton —creo— axeitado, correcto e con propostas en todo momento.

Señor Besteiro, agradézolle o ton desta segunda intervención. Sinceramente, creo que esta é a maneira de facelo. Por dicirlle algunhas cousas moi rápidas —volvo dicir—, o Goberno central ten competencias en materia de vivenda —bastantes—, e ¿onde están esas 160.000 vivendas da Sareb que prometeu Pedro Sánchez, moitas delas en Galicia? Aínda non as identificamos, e as poucas identificadas vendéronnolas a prezo de mercado. Polo tanto, eu creo que, se iso se fixese doutra maneira, con máis colaboración, probablemente as cousas irían mellor.

Na atención primaria —xa llo dixen— vostede ten un plan, o problema é que non hai médicos. Se coñecen médicos que poidan ser contratados —xa llelo dixen á mañá—, contrata-rémolos de xeito inmediato. Oxalá que ese tipo de plans se puidesen levar a cabo agora mesmo, pois xa estarían feitos.



Respecto da débeda —vólvolle dicir—, eu non renuncio á condonación, ao que renuncio é á condonación e nada máis. O noso problema é de financiamento: 500 millóns de euros. A condonación é un aforro, no mellor dos casos, que tampouco podería ser dedicado a outra cousa que a seguir amortizando a débeda, sobre 30 millóns de euros, e, a cambio, obríganos a renunciar a 500 millóns de euros. Por certo, tamén podíamos falar de cal é o criterio de cálculo desa débeda, cando a un catalán se lle vai perdoar —se aceptásemos ese sistema— case un 30 por cento máis do que se lle perdoa a un galego. E di que a xente non o entende. Claro, se vostede empeza a dicir que eses 4.000 millóns de euros se poden gastar no que queiramos —que é o que dixo—, é difícil que a xente o entenda, pero hai que contarlle a verdade.

Sobre a actividade da AP-9, sinto comprobar que resulta que a cousa era se vostede é presidente. É dicir, Pedro Sánchez concédelle a gratuidade da AP-9 a Galicia se hai un presidente socialista, pero se hai un presidente elixido pola maioría absoluta dos galegos que non é socialista temos que esquecernos. ¿É iso, señor Besteiro? Pois foi o que dixo, sinceramente.

No respectivo á subvención aos PERTE, oia, a empresa á que se lle denegou tiña unha declaración de impacto ambiental aprobada. A que leva 60 millóns de euros nin sequera empezou. Polo tanto, non diga que hai criterios técnicos de avaliación ambiental nesas valoracións, porque non os hai en absoluto.

En canto aos CIM móbiles, di que os prometeu a exconselleira Elena Rivo. Si, prometeunos en campaña electoral, e agora estámolo cumprindo, como estamos cumprindo tantos acordos. ¡É así, señor Besteiro! (*Aplausos.*)

Sobre as residencias, vostede tiña a dúbida. As comprometidas neste debate esta mañá son para concellos de menos de 50.000 habitantes. Ademais, teño que dicir que xa multiplicamos por tres o número de prazas públicas e que todos aqueles compromisos que fomos asumindo fómoslos cumprindo, como faremos con este.

Dime que hai un problema serio de consumo de peixe e que hai que facer máis cousas que o bono Peixe. Estou de acordo. A primeira é fundamental: baixar o IVE. Xa vería como iso tería efectos, sen ningunha dúbida —si, señor Besteiro—. O que non se pode dicir é que hai que tomar máis medidas, pero que baixar o IVE é unha medida que non hai por que tomar, porque o ten que facer o Goberno central. Por certo, mándelle un recado á outra parte do Goberno e dígalle que é increíble —unha indecencia— que se diga que hai que reducir o consumo de peixe nos comedores escolares. Galicia, dende logo, non o vai facer, en ningún caso. (*Aplausos.*) ¡En ningún caso! (*Aplausos.*)

Por último, o AVE, señor Besteiro. Nós o que temos que dicirlle ao noso Goberno é que faga as cousas. O cálculo que fixeron os técnicos da Xunta de Galicia é que, no mellor dos casos, se empezasen agora xa, non estaría rematada a parte española ata o ano 2034. O problema é que non empezan. Están liando o tema todo o día, papel sobre papel, e iso é barato de facer, pero non é nada efectivo. Polo tanto, póñanse en serio para ter esa conexión tan importante para España.



E, señora Pontón, sinceramente, eu estou encantado de que vostede sexa deputada, por dúas razóns. A primeira —teño que dicilo aquí; no me importa recoñecelo—, por egoísmo electoral. De verdade, está moi ben —á vista está— para os nosos intereses electorais que vostede siga. Non sei se para os do BNG tamén, pero para os nosos, si. A segunda é que leva tanto tempo aquí que a xente pode ver a diferenza entre como se comporta vostede, xa non ao longo dos anos —que podería ser tamén—, senón ao longo dos minutos. A xente pode ver esa señora Pontón que na primeira intervención me chama corrupto e na segunda ten a pel fina e faise a vítima cando se lle din as verdades, porque, efectivamente, non ten outra vida fóra da política. *(Aplausos.)* Non se pode ter a pel tan fina, señora Pontón, porque, se ten a pel tan fina, ao final, vénselle as contradicións.

De todo o que dixo, podería darlle cifras. Hai emprego industrial. A vostede só lle gustan as empresas que non están en Galicia —esas válenlle todas na súa tan demostrada e tantas veces aludida experiencia, porque vostede é agora unha experta ambiental—, pois hai empresas das que non sabe... Unha fábrica de xigawatts resulta que era boísima, pero calquera outra empresa a vostede xa non lle vale. As que están fóra —as que xa están noutros sitios— son as que lle valen á señora Pontón; e as que se poden instalar aquí e crear emprego de calidade a vostede non lle valen nunca... De todas formas, doulle un dato para que vexa o rigorosa que é nestes temas: no 2009, no emprego industrial, había 172.000 persoas; no 2024, son 189.800. O problema é que nos gustaría que fosen moitísimas máis, e vostede non quere, señora Pontón, non quere... *(Aplausos.)*

En todo caso, señorías, ao longo deste debate de política xeral creo que puideron verse dous modelos —a xente ten que contrastalos, pois, ao final, son dous proxectos de país—: unha oposición en negativo, absolutamente negativa, dende o nacionalismo; unha oposición do «ás veces si, ás veces non», que ao final non conduce a nada, como é a irrelevancia do socialismo; e o outro modelo é esa Galicia en grande da que quixen falar esta mañá, esa «Galicia calidade» que propón o Goberno —o meu goberno— e a maioría parlamentaria que nos sustenta.

Dende logo, teño a determinación de seguir cumprindo o encargo dos galegos, e o encargo dos galegos é construír un país mellor. Cumpriremos cos galegos, e cumpriremos facendo aquilo ao que nos comprometemos cando lles pedimos a confianza. Hai que ampliar os horizontes do autogoberno aínda máis, hai que exercer as competencias que acabamos de adquirir —a do litoral, tan fundamental— e hai que seguir perseverando, a pesar dos atrancos que nos poña o Goberno central, noutras cousas, como a transferencia da AP-9 ou os permisos de traballo. Cumpriremos tamén cos galegos cun plan de 180 millóns de euros de cartos autonómicos para seguir consolidando en Galicia un polo aeroespacial que ofrecerá moitas oportunidades no escenario que se abre a partir de agora. Cumpriremos cos galegos con novas desgravacións para seguir axudando agora as clases medias que teñan fillos en idade escolar. Cumpriremos cos galegos cun plan para construír 24 residencias públicas en concellos medianos e pequenos. Tamén cumpriremos cos galegos cunhas axudas para rehabilitar vivenda e sacala despois en alugueiro. Cumpriremos cos galegos e seremos —seguiremos sendo!— a comunidade líder en vacinación a nivel mundial, agora dispensando a máis nenos a vacina intranasal contra a gripe. Cumpriremos cos galegos cunha nova Lei da Administración local que actualice os 313 concellos de Galicia e que axude os que máis o ne-



cesitan. Cumpriremos cos galegos con novos proxectos e, dende logo —a iso me comprometo expresamente—, coa mesma estabilidade de sempre: a que blindaron os galegos, a que que-
ren a maioría dos galegos e a que nos permite seguir pensando nunha Galicia en grande.

Galicia non é un pobo de confrontar por confrontar, pero, dende logo, tampouco é un pobo de conformarse sen máis. Non queremos ser máis que ninguén, pero baixo ningún caso tam-
pouco menos que ninguén. É máis cómodo gobernar co apoio do Goberno central, e seguire-
molo buscando —jesa si que é unha man tendida de verdade!—, pois todo sería máis sinxelo
se nolo quixesen dar. E tamén queremos o aplauso —non sei se o aplauso, pero polo menos
o apoio...— da oposición nas cousas que saben que son boas para Galicia, pero que se negan
a apoiar porque están moito máis pendentes do cálculo electoral que do beneficio de Galicia.
Espero que cambien esa mentalidade, e mañá verémolo coas propostas de resolución.

Agora ben, teñan clara unha cousa: entre compracer un goberno que non atende a Galicia e
compracer unha oposición que está instalada no «non», entre iso e atender os galegos, eu,
o meu Goberno e este grupo temos clara sempre a escolla: atenderemos os galegos por enriba
de todo. *(Aplausos.)* ¡Non temos ningunha dúbida! Creo sinceramente que Galicia ten moitos
retos: conseguimos moitas cousas, pero hai moitas máis por lograr. Estou convencido de
que a única fórmula posible pasa pola unidade, pola estabilidade e pola altura de miras. Este
é o compromiso que asume a Xunta de Galicia e é o compromiso polo que me toca a min se-
guir loitando todos e cada un dos días, mentres teña a honra e a responsabilidade de ser o
presidente da Xunta, de ser o primeiro servidor de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Antes de dar por finalizado o pleno, fago un recordatorio: os grupos parlamentarios poden
presentar ata un máximo de 40 propostas de resolución por grupo —referidas conforme o
artigo 14 do Regulamento do Parlamento de Galicia e o acordo da Mesa, oída a Xunta de Por-
tavoces do pasado 15 de abril— que sexan sobre as grandes liñas de política xeral, non locais,
de enunciación simple, e non poderán dar lugar á votación separada dentro de cada proposta.
Todo isto terán que facelo antes das 10.30 horas de mañá, xoves, 24 de abril, no Rexistro
Xeral da Cámara. Posteriormente, a Mesa, ás 12 horas, procederá á cualificación e distribución
aos grupos de todas as propostas admitidas. Asemade, o prazo para a presentación das trans-
accións e as propostas de votación separada rematará o mesmo día, o xoves, 24 de abril, ás
22.30, que serán cualificadas pola Mesa ao día seguinte, o venres, 25 de abril, ás 9.30 horas.

Nada máis. Remata aquí o pleno.

Boa noite.


Remata a sesión ás nove e vinte e dous minutos da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

